Sobre as previsións da Xunta de Galicia para apoiar o desenvolvemento turístico da cidade de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27530 (11/POC-004830)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para incrementar o orzamento no programa 751A, de ordenación, regulación e promoción do comercio interior

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27532 (11/POC-004831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para modificar as condicións do servizo de *catering* nos comedores escolares de Moaña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27534 (11/POC-004832)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir as prazas vacantes de facultativos de atención primaria do centro de saúde de Vilaboa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27536 (11/POC-004833)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía da limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo-A Guarda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27540 (11/POC-004834)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións da Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no porto de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27541 (11/POC-004835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a redución das partidas para a normalización da lingua galega no sistema educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27542 (11/POC-004836)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27546 (11/POC-004837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o recorte de profesorado no ensino público no curso 2021-2022

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27556 (11/POC-004838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia para lograr que as medidas fiscais para 2023 inclúan a bonificación das taxas portuarias destas embarcacións

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27559 (11/POC-004839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para o acceso profesional a un ben de dominio público como é o auditorio do monte do Gozo

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 27561 (11/POC-004840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis  
Sobre o reforzo da demanda cultural e os Bonos Cultura  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27563 (11/POC-004841)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis  
Sobre a oferta de actualización en materia de competencia lingüística en galego no plan anual de formación do profesorado  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27565 (11/POC-004842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis  
Sobre a anulación das prórrogas da AP-9  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27566 (11/POC-004843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis  
Sobre o cumprimento do contrato de urbanización e construción de 27 vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín e a reparación dos vicios construtivos denunciados  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27567 (11/POC-004844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes  
Sobre a declaración das pesqueiras do río Miño, nos concellos de Arbo, As Neves, Crecente e Salvaterra, como bens de interese cultural  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27568 (11/POC-004845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa  
Sobre a actuación do Concello da Lama en relación co acto de presentación de alegacións contra o proxecto mineiro Alberta I  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27569 (11/POC-004846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio  
Sobre a carta enviada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á alcaldía de Tomiño en relación coa xestión da auga e das depuradoras  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos





- 27570 (11/POC-004847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27574 (11/POC-004848)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto do estado da EDAR de Noia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do 3º trimestre do ano 2021 da partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este baixo grao de execución orzamentaria no 3º trimestre do ano 2021 na partida 723C se poden acadar os obxectivos previstos nela?

3ª) Cal ou cales son os motivos desta baixa execución orzamentaria no terceiro trimestre do ano 2021 na partida 723C?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 11:49:53**

**Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 11:50:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandería extensiva forma parte importante da gandería galega, o extensivo abrangue animais pertencentes ao bovino, ovino e cabrún. Todos contribúen de xeito importante a manter a maleza baixo control pastando en zonas baixo arborado e de pastos arbustivos. Nin que dicir ten que o benestar animal está garantido con este tipo de gandería, así como a biodiversidade e outros valores que son apreciados pola sociedade neste momento.

Tamén é coñecido por parte das presentes que a Política Agraria Comunitaria infiltra as nosas actividades agropecuarias, e outras moitas relacionadas co rural. Ela é a que pretende facer unha Europa libre de fitosanitarios e con diversidade de cultivos de modo que a maneira de producir nos protexa do deterioro do planeta e do cambio climático.

A PAC no seus plans estratéxicos menciona un concepto que vai ser o que nos ocupe que é a Superficie admisible, isto só significa que non toda a superficie vai ser catalogada aos efectos de cobro da PAC, polo tanto moitas das poucas hectáreas coas que conta a Galiza quedan sen recibir as axudas da PAC.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta superficie considerada admisible parece que non ten en conta o valor que aporta aos nosos montes o pasto arbustivo e baixo arboredo, como control para o lume, como mantedor da paisaxe, como garante da pervivencia do modo tradicional de produción gandeira e de pastoreo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Fixo ou vai entablar a Xunta as negociacións precisas para que se recoñeza a singularidade dos pastos arbustivos e baixo arboredo de modo que se poida considerar esta superficie como admisible na súa totalidade?

. Consideran esta necesidade como garantía do mantemento da renda para as persoas dedicadas a esta actividade?

. Recoñecen vostedes este tipo de pastos como imprescindibles para a prevención de lumes nos nosos montes?

. Considéranos necesarios para o mantemento do pastoreo tradicional?

. Valora a Consellería do Medio Rural o benestar animal e o mantemento da biodiversidade provocado polo pastoreo extensivo?

. Merécelle a pena a súa defensa onde sexa pertinente para corrixir a inxustiza que recorrentemente comete a PAC co sistema produtivo galego?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 12:22:55**

**María González Albert na data 11/01/2022 12:22:59**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:23:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**,  
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,  
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para  
resposta oral na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a páxina do CRAEGA á produción de carne ecolóxica de becerro na  
Galiza dedícanse en torno a 150 granxas con certificación.

É sabido que a gandería en ecolóxico leva apareladas unha serie de exixencias  
que non ten a gandería tradicional. Non só as referidas ao cumprimento das normas  
marcadas nos distintos decretos europeos e estatais, senón tamén aos trámites  
burocráticos para acceder á certificación aos que acompañan numerosos gastos para  
pago de taxas, ou o uso do selo.

Poderíamos achacar á pandemia a baixada de prezos da carne convencional,  
certificada ou certificada en ecolóxico, mais isto sería pouco achegado á realidade.

Hai un problema xeneralizado a respecto dos prezos da carne que vén dende hai  
20 ou 30 anos, xa que se incrementaron os custes de produción sen que isto repercutira  
no prezo dos becerros que viñan pagándose ao mesmo prezo durante demasiados anos, a  
COVID o único que veu foi a deixar en evidencia a febleza deste mercado.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ao explicado no parágrafo anterior debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os pensos ecolóxicos teñen un custe de 20 ou 30 cts. máis por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo.

Queda evidenciado que a produción en ecolóxico vai unida a unha serie de concepcións vitais de respecto ao medio ambiente, mínima pegada de carbono, mantemento da paisaxe, loita contra o cambio climático e a prol da biodiversidade.

Isto non quita para que unha parte das granxas de produción de carne ecolóxica topen con dificultades importantes ante a falta de posibilidades de comercialización específica para este tipo de carne tendo que saír do circuío ecolóxico para vender no mercado convencional. En ambos casos o prezo da carne é o mesmo, non hai polo tanto diferenciación económica que retribúa o esforzo produtivo en ecolóxico, dándose casos nos que o prezo da carne convencional é superior ao da ecolóxica.

As canais dos becerros criados en ecolóxico teñen menos peso e menos graxa que o resto, co cal aos prezos máis elevados dos pensos hai que sumarlle menor volume e peso e menos graxa de modo que todo o conxunto repercute na mingua do prezo/kg, dándose o paradoxo de que o esforzo feito leva aparellada unha perda de valor económico non canto de ser ao revés, debido a que a clasificación da calidade da canal se centra no peso, na conformación e no estado de engraxamento e non contempla as desviacións derivadas dos parámetros nutricionais da cría en ecolóxico.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Vai o Goberno da Xunta tomar medidas para que a produción cárnica galega en ecolóxico poida acadar un prezo acorde que satisfaga os custes de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora?

. Como pensan vostedes resolver a falta de apertura de mercados para a carne ecolóxica galega?

. Van vostedes establecer os mecanismos axeitados para que o feito de producir carne ecolóxica acreditada supoña un beneficio claro para as granxas produtoras acreditadas?

. Teñen avaliado o número de granxas que estiveron acreditadas no CRAEGA e xa non o están e que pode motivar este feito?

. Consideran que o selo do CRAEGA lle aporta valor a esta carne, lle facilita a venda diferenciada nas superficies comerciais e nos mercados de proximidade?

. Como casan estas dificultades coas liñas deseñas no plan estratéxico de agricultura ecolóxica de Galiza e os seus obxectivos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 12:25:08**

**María González Albert na data 11/01/2022 12:25:12**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:25:34**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

No DOG do 11 de xaneiro de 2021 publicábase o extracto da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021.

As axudas tiñan como finalidade:

1. Proxectos innovadores, entendendo por tales os que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir produtos e equipos novos ou substancialmente perfeccionados, procesos ou técnicas novas ou perfeccionadas ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados no sector extractivo, tamén na transformación e comercialización.
2. Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos que reduzan os efectos da pesca sobre o medio ambiente, en particular mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo lograr un uso máis sostible dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos depredadores protexidos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cales foron os expedientes tramitados ao abeiro desta Orde?
- 2ª) Cantos proxectos se presentaron?
- 3ª) Cantos proxectos dos presentados obtiveron axudas?
- 4ª) Cal foi a contía que se lles asignou?
- 5ª) Considera o Goberno galego que se cumpriron as expectativas desta Orde?





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:09:18**

**Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:09:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as incorporacións de mozos e mozas e os plans de mellora da actividade agrogandeira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido o rural galego sofre un despoboamento grave que tamén é compartido por outros territorios, tanto europeos como do resto do estado español.

É fundamental pois, a incorporación de mulleres e homes xoves no tecido rural e para iso compre orientar, asesorar e tutelar o plan emprendedor de asentamento e destas empresas no sector primario cun marcado carácter agropecuario.

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

As OACs convertéronse nos últimos anos en meras tramitadoras de expedientes e canalizadoras da crecente e cada vez máis excesiva burocratización da Xunta de Galiza, namentres o Servizo de Explotacións Agrarias centra a súa labor administrativa case exclusivamente nas tarefas inspectoras, auditoras e sancionadoras.

A Consellería de Medio Rural descoidou o papel que exerceron as antigas Axencias de Extensión Agraria ou o Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, que tiveron a súa orixe nos anos 50 e 60 e que agromaron coa finalidade de modernizar o agro galego, a través de la transferencia de coñecemento e dos avances técnicos ás explotacións agrogandeiras, grazas a unha administración próxima e coñecedora da problemática rural e produtiva, que derivaron a súa función principal cara as xestións agrarias, especialmente a tramitación e cobro das axudas públicas procedentes da PAC.

Progresivamente abandonamos deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no cumprimento dos requirimentos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, “encorsetado” e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, as/os xoves tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

técnico-económica da empresa e toda este periplo fano na máis absoluta soidade debido a que para a Xunta de Galicia o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e “perdurabilidade” no tempo do proxecto empresarial.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Considera o goberno da Xunta de Galiza arbitrar os mecanismos programáticos e orzamentarios precisos para dotar tanto ás OAC como as delegacións provinciais do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural, do persoal suficiente para facer un asesoramento e seguimento das novas explotacións e da súa viabilidade?

. Existe un seguimento e rexistro dos plans empresariais emprendidos pola mocidade, aprobados nas axudas de incorporación, que son exitosos e permanecen produtivos e rendibles máis aló dos 5 anos do compromiso de permanencia que recolle o requirimento da orde de axudas?

. Houbo algún cambio normativo que permita modificar a consideración das axudas como subvención e a súa tributación a facenda como investimento de capital?

. Considera a Xunta de Galiza necesario abrir unha liña de axudas con fondos propios que permita compensar a situación adversa mencionada no punto anterior?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 12:45:48**

**María González Albert na data 11/01/2022 12:45:52**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:46:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a situación da muller no rural.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da muller no rural galego mudou ao longo dos anos quedando aínda moitísimo para que haxa garantía de que poida vivir en igualdade.

Con motivo do 8 de marzo saen á luz un sen número de datos e todos subliñan que a muller en xeral cobra menos por facer os mesmos traballos, a falta de corresponsabilidade nos coidados incrementa a xornada laboral non asalariada para a muller... sendo isto un mal que tarda en demasía en resolverse.

No rural agréndanse as dificultades, a dobre xornada convértese en tripla porque o traballo soe estar no mesmo lugar que a casa, a posibilidade para conciliar límitase por ausencia de servizos básicos no rural o que limita as posibilidades de que unha muller se quede ou incorpore ao tecido produtivo rural.

Tristemente hai unha ausencia crónica de políticas públicas que fomenten unha vertebración do rural, e que permitan que a vida da súa xente se desenvolva dun xeito digno, nomeadamente para as mulleres, que é o tema que nos ocupa.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Que políticas públicas ten planificadas o Goberno galego para que sexa posible un avance cualitativo para a igualdade de mulleres e homes no rural, dado que está ás portas o fin da negociación da nova PAC e a chegada dos fondos Next Generation?

. Ten feito o goberno da Xunta un traballo estatístico a través do IGE de datos desagregados que poidan achegar unha visión xeral da situación socioeconómica da muller no rural?

. É dicir, reconece a Xunta de Galicia que na Galiza existe un problema de igualdade no medio rural e está disposta a facer unha avaliación da situación para abordala de xeito efectivo?

. Teñen avaliado porque fracasou estrepiteiramente a incorporación das mulleres á cotitularidade das explotacións?

. Considera o Goberno galego que os poucos servizos básicos existentes no rural están garantidos?

. Considera o Goberno galego que é imprescindible para a igualdade no rural garantir que as mulleres poidan desfrutar de apoios para os coidados de persoas maiores e infantes, incluíndo accións para o fomento da corresponsabilidade, ou cuestións como servizos de substitución no caso de enfermidade, entre outras?

. Que medidas teñen deseñadas para o incremento de mulleres nos órganos de toma de decisións?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. É consciente a Xunta de que o sostemento do rural pasa por facilitar a formación e a vida das mulleres, para que unha vez que se formen poidan quedar nel?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

**Carmen Aira Díaz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 12:56:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2022 12:56:07**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:56:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2022 12:56:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os GDR da costa galega conflúen cos GALP, tendo moi delimitadas as competencias de ambos. Os GDR non pode subvencionar proxectos vinculados ao peixe o os GALP non poden actuar en concellos sen costa marítima. Esta distribución obedece ao razoamento lóxico, a priori, de que cada quen vaia ao seu.

Na práctica supón que concellos do interior dos GDR con costa como Tomiño ou Tui queden fóra do campo de acción dos GALP aínda que si estean afectados por Comandancia Marítima ata Tui.

Todo isto ten unha gran afectación sobre algún dos produtos piscícolas máis laudados da gastronomía galega como o meixón ou a lamprea.

O emprendemento que se poida facer a respecto dos produtos do río nos concellos polo que evoluciona o decurso dos ríos, pero que están exentos de costa, ten que facerse sen apoio económico polo explicado anteriormente e porque as Consellerías correspondente non ofertan axudas que poida paliar estas eivas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O GDR non pode atender as demandas de produtos elaborados con lamprea ou meixón porque se trata de peixe, o GALP tampouco pode se esta demanda vén de concellos como Arbo, As Neves, Salvaterra, Tui ou Tomiño.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Que está disposto o goberno da Xunta a cambiar na súa política para que o emprendemento relacionado coa pesca nos Concellos do interior poida ter axudas en igualdade de condicións que nos Concellos con costa?

. Teñen constancia de que xa para período 2007-2013 lles foi trasladada esta situación co fin de que fixeran por corrixir a eiva?

. Consideran discriminatorio que o mesmo tipo de empresa reciba ou non axudas en función da súa ubicación?

. Valorarían como positivo a instalación de empresas nos concellos interiores, máis despoboados?

. Que os motiva a non atender peticións que o único que pretenden é manter vivo o tecido socioeconómico en moitas das zonas que xa mencionamos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:03:43**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:04:03**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:04:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG número 53 do 18 de marzo de 2021 recolle a RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2021 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER, do 10 de marzo de 2021, polo que se modifica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 2020 (PDR) (código de procedemento MR701D).

Este acordo do Consello de Dirección de AGADER , para o cal se modifican no seu anexo I (bases reguladoras) varias letras, a que nos ocupa está na letra b e modifica o anterior artigo 36

"b) Engádeselle un número 3 ao artigo 36, coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2 deste artigo, tamén serán subvencionables os investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria». "

Esta modificación así se trasladou ao PDR que se vai aprobar. E isto foi acompañado da suxestión aos GDRs para cambiar as súas estratexias e baremos para poder subvencionar proxectos de produción agraria dentro do ámbito da LRTA e as súas aldeas modelo.

Na práctica o que supón é a derivación de fondos Leader para financiar a LRTA que non contaba con memoria económica algunha incluído o financiamento para crear as aldeas modelo, proxecto estrela da Consellería do medio rural e cun resultado indeterminado a día de hoxe.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Valorou o Goberno da Xunta o impacto que pode ter detraer dos fondos Leader diñeiro para subvencionar a LRTA e as aldeas modelo, que é sen dúbida un macroproxecto, ou unha multitude de macroproxectos, que ademais contravén o espírito e a finalidade destes fondos?

. Ten feita o goberno da Xunta algunha avaliación das aldeas modelo que xa están funcionando?

. De ser así, van facer unha exposición pública dos resultados?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. De non ser así, como é posible que se comprometan fondos que de seguro ían prestar servizo a outros proxectos igual máis rendibles ao ser máis pequenos, sen ter unha estimación de posibles resultados?

. Non lles parece que esta decisión merecería estar precedida dun estudo exhaustivo da viabilidade e cuantificación dos proxectos que recolle a LRTA?

Santiago de Compostela, **Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os GDR da costa galega conflúen cos GALP, tendo moi delimitadas as competencias de ambos. Os GDR non pode subvencionar proxectos vinculados ao peixe o os GALP non poden actuar en concellos sen costa marítima. Esta distribución obedece ao razoamento lóxico, a priori, de que cada quen vaia ao seu.

Na práctica supón que concellos do interior dos GDR con costa como Tomiño ou Tui queden fóra do campo de acción dos GALP aínda que si estean afectados por Comandancia Marítima ata Tui.

Todo isto ten unha gran afectación sobre algún dos produtos piscícolas máis laudados da gastronomía galega como o meixón ou a lamprea.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O emprendemento que se poida facer a respecto dos produtos do río nos concellos polo que evoluciona o decurso dos ríos, pero que están exentos de costa, ten que facerse sen apoio económico polo explicado anteriormente e porque as Consellerías correspondente non ofertan axudas que poida paliar estas eivas.

O GDR non pode atender as demandas de produtos elaborados con lamprea ou meixón porque se trata de peixe, o GALP tampouco pode se esta demanda vén de concellos como Arbo, As Neves, Salvaterra, Tui ou Tomiño.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Que está disposto o goberno da Xunta a cambiar na súa política para que o emprendemento relacionado coa pesca nos Concellos do interior poida ter axudas en igualdade de condicións que nos Concellos con costa?

. Teñen constancia de que xa para período 2007-2013 lles foi trasladada esta situación co fin de que fixeran por corrixir a eiva?

. Consideran discriminatorio que o mesmo tipo de empresa reciba ou non axudas en función da súa ubicación?

. Valorarían como positivo a instalación de empresas nos concellos interiores, máis despoboados?

. Que os motiva a non atender peticións que o único que pretenden é manter vivo o tecido socioeconómico en moitas das zonas que xa mencionamos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:06:53**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:06:57**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:07:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**,  
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,  
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para  
resposta oral na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas comarcas galegas con gran concentración de viveiros de planta e flor, como  
no caso do concello de Tomiño, estes negocios empregan a gran número de persoas,  
sobre todo mulleres, cun efecto moi positivo sobre a fixación de poboación e sobre a  
economía da zona.

Veñen sendo empresas medianas dedicadas a un sector produtivo que ten un  
importante volume de negocio relacionado coas exportacións que fan que a comarca se  
manteña viva en tódolos ámbitos e que contribúen como as que máis ao enriquecemento  
do PIB da Galiza.

Estas empresas están excluídas das axudas dos fondos Leader, porque se  
encadran dentro das grandes empresas na normativa administrativa que as regula, ao ter  
en conta o número de traballadoras totais cando estas pasan de 50.

O GDR Suroeste Eurural xa enviou alegacións ao respecto á AGADER no  
período 2014-2020 sen que isto tivera transcendencia práctica algunha. Tampouco a  
consellería de Medio Rural saca ningunha axuda neste senso, co cal a desprotección é



máxima, aínda que a súa contribución á riqueza demográfica, económica e social a través da creación de emprego sexa óptima.

Atópanse en terra de ninguén, excluídas das axudas da PAC por non ser produción primaria (alimentación) e das axudas do Leader por exceder de traballadoras. En ámbolos dous casos, o sector dos viveiros (en especial as pequenas empresas) son esquecidas pola consellería.

Só quedan dúas opcións, unha é poñer a cuestión no mapa na negociación sobre os fondos Leader, porque parece que na actividade agraria non é adecuada a consideración de gran empresa e, polo tanto, podería abrir unha excepcionalidade, outra sería poñer na prioridade da Consellería esta actividade e habilitar unha liña de axudas compensatorias específicas para o sector...

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. - Vai a Xunta de Galiza atender a demanda do sector viveirista, considerando esta actividade como xeradora de emprego, de igualdade (xa que a maioría son mulleres) e de riqueza para Galiza e vai propor a apertura dunha excepcionalidade para que estas empresa poidan beneficiarse dos fondos Leader e de non ser posible habilitará unha liña de axudas dende a correspondente Consellería con competencias específicas na materia?

. Vai a Xunta de Galiza tratar o caso específico do Baixo Miño segundo as súas particularidades, que son exclusivas desa zona xeográfica concreta?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Defenderá e facilitará axudas a un sector en alza que o único que precisa é terra  
agraria para estender a súa actividade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:12:00**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:12:03**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:12:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

### Exposición de motivos

A nova Política Agraria Común avanzará un chanzo máis nas esixencias ambientais para a agricultura e a gandería. Boa parte das axudas directas ao agro estarán condicionadas a partir do 2023 ao cumprimento dos chamados ecoesquemas, que representarán para o agro compromisos adicionais en materia de protección da biodiversidade, conservación do medioambiente e loita contra o cambio climático.

O deseño dos ecoesquemas, que se encadran no pilar 1 da PAC, corresponde a cada Estado membro, se ben o Plan Estratéxico Nacional de España terá que ser refrendado por Bruxelas. Para ser aprobados pola Comisión Europea, os ecoesquemas teñen que impulsar esixencias ambientais superiores ás da condicionalidade reforzada da PAC, dentro da estratexia da denominada "arquitectura verde".

No pasado mes de Febreiro, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación presentou ás autonomías para a súa análise unha proposta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

preliminar sobre os ecoesquemas, composta por nove prácticas orientadas a mellorar a sostibilidade das explotacións agrogandeiras. Pero descoñecemos se dende Galiza se avaliou a proposta e se lle deu traslado coas modificacións pertinentes para salvagardar as particularidades intrínsecas ao noso territorio e ao noso tecido produtivo primario.

Tampouco nos ofrecen ningunha información sobre como van a protexer aos nosos gandeiros/as no modelo de coexistencia cos grandes depredadores (lobo e oso). Agora é o momento de establecer un pago ecosistémico complementario que compense a aquelas ganderías onde deban e teñan que coexistir co lobo e co oso.

Dentro desta loita a conservación do lobo é vital para o mantemento da biodiversidade ecosistémica e de conservación de hábitats. Non podemos permitírnos na Galiza a extinción de especies, a erradicación do lobo tampouco.

Pero a creación da dicotomía entre preservar o lobo e deixar matar o gando ou matar o lobo para que o gando paste tranquilo pasa por moitas opcións. A escala de grises neste caso pode funcionar.

É imposible que na Galiza do século XXI non haxa solucións non cruentas para resolver esta situación. Está sobradamente demostrado que facer batidas non resolve o problema, polo que tampouco debería selo a declaración do lobo como especie protexida. Hai moitas medidas que se poden tomar, e o diñeiro necesario para enfrontalas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As ordes de axudas para investimento en métodos preventivos son manifestamente escasas. Na actualidade acadan os 200.000 euros anuais que dan cobertura escasamente ao 20% dos gandeiros que a solicitan, polo que é manifestamente insuficiente.

Tampouco existe un plan galego de asesoramento ás ganderías para a coexistencia co lobo e co oso. Os noso gandeiros/as descoñecen como empregar moitas das ferramentas, instalacións e estratexias de defensa fronte aos grandes carnívoros como o manexo de razas de garda e protección (mastín leonés de traballo), técnicas de montaxe de valados electrificados adaptados á orografía e eficientes no uso dos materiais e no custe de execución, etc...

Insisto en que queda demostrado que perseguir ao lobo non resolve o problema polo que tamén hai que actuar sobre os danos que causa e aquí entran os ecoesquemas. É preciso e necesario que todo o territorio onde se asentan as camadas de lobo existentes en Galiza cos datos de censo, quede recoñecido no pago ecosistémico dentro do ecoesquema de pastoreo extensivo e non unicamente as zonas da Rede Natura.

Tanto para a prevención como para a compensación é necesario implementar unha forma máis eficaz e solidaria, de xeito que o custe que supón a convivencia do gando cos grandes carnívoros sexa asumido solidariamente por toda a sociedade e non tan só polos/as gandeiros/as.

Está demostrado que o pago individual por cabeza morta é ineficaz, dado que os prazos e as compensacións están fóra dunha posible solución para este problema.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai a Xunta propoñer o establecemento dun pago complementario ecosistémico dentro dos ecoesquema de pastoreo extensivo, pola coexistencia das actividades humanas, fundamentalmente a gandería extensiva que se desenvolven en todas as zonas do territorio galego nas que habitan os grandes carnívoros depredadores (lobo e oso), para aquelas ganderías que conviven con eles e así evitar que os gandeiros/as sexan quen carguen unicamente cos custes dos posibles danos?

Ten previsto a Xunta propor as medidas precisas para a prevención dos ataques de lobo e tamén para a compensación de danos a través dos ecoesquemas nas zonas onde hai constancia da existencia deles, incluíndo o asesoramento técnico e profesional sobre as medidas de prevención?

Dispón a Xunta de Galiza dun censo oficial actualizado das manadas e do número de lobos individualmente cos que contamos en Galiza así como a súa dispersión por todo o territorio galego?

Ten conciencia a Xunta da ineficacia das batidas do lobo para regular a poboación do lobo e minguar os ataques ás ganderías?

Ten pensado a Xunta de Galiza poñer en práctica campañas informativas e de axudas para a prevención dos ataques as ganderías en extensivo e un plan





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

integral de asesoramento en materia de prevención e coexistencia para os nosos gandeiros/as?

Ten conciencia a Xunta de Galiza da importancia da supervivencia do lobo para o control de cérvidos como o corzo ou do xabarán?

Que medidas concretas vai poñer en marcha a este respecto?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:21:11**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:21:16**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:21:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cursos de aptitude empresarial agraria, encadrados dentro da formación esixible no Plan de formación continua da Consellería do Medio Rural, é o método máis habitual para a acreditación da capacitación agraria, sendo esta unha condición necesaria para a cualificación dunha explotación como prioritaria ou como requisito indispensable para o acceso ás axudas de incorporación de mozas e mozos á actividade agraria (medida 6.1 PDR) e tamén para as axudas para o apoio as inversións nas explotacións agrícolas que son os chamados “plans de mellora” (medida 4.1 PDR), é requisito indispensable para que as novas incorporación á actividade agraria poidan aspirar á percepción de axudas da PAC.

As políticas relativas aos modelos e sistemas para impartir esta especialidade de formación foron mudando ao longo do tempo, aparentemente dun xeito errático.

Pasou de ser pública e impartida de forma presencial nos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal a ser impartida nun único centro, o CFEA de Monforte de Lemos e de xeito semipresencial, pasando por ser e telemática.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Contempla o alumnado, agora mesmo, tres problemas importantes, un deles o feito de centralizala na cidade de Monforte na CFEA.... o cal causa trastorno á hora de vir de calquera punta da Galiza atender á clase presencial e facer o exame final de cada módulo.

Outro problema atópase no mesmo deseño dos módulos formativos que non están orientados á multiplicidade e emprendemento agropecuario existente. E por último a formación telemática, se queremos que as novas incorporacións sexan reais e con perspectiva de futuro non chega un pdf na pantalla dun ordenador... precisaríase doutro tipo de ensinanza presencial e cunha importante carga práctica, cousa que entendemos que este sistema formativo non logra.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Vai a Xunta de Galiza ter en consideración a revisión do actual plan de formación continuada impartido na CFEA de Monforte para facelo útil para establecer e afortalar o vínculo do emprendemento da xuventude de cara ao sector agropecuario e polo tanto modificalo para facelo dinámico, adaptable ás necesidades, con capacidade para xerar proxectos emprendedores que duren no tempo?

. Ten a Xunta de Galiza avaliado o seu deseño da formación continuada de modo que se comprobe que sexa axeitada para mellora do nivel de coñecementos en tódolos ámbitos agropecuarios?

. Prantexouse nalgún momento retornar a formación tendo en conta a proximidade dos centros ao estudantado como un valor positivo?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Prantexouse a posibilidade de adecuar mellor os contidos lectivos ás  
necesidades de emprendemento?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:25:44**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:25:48**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:25:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominada Finca Robles, pertencente á Xunta de Galiza e sita no lugar da Veiga no concello de Pobra do Brollón, no sul da provincia de Lugo; foi a primeira experimental de toda Galiza, e tamén a primeira en facer inseminacións artificiais no gando vacún, sendo pois a pioneira na Galiza e probablemente en España.

A propiedade conta con 25 ha. situadas nun terreo privilexiado, ocupando unha veiga con regadío provinte dunha presa no río Cabe. Chegou un momento no que contaba con 30 ou 40 persoas traballando, o que fixo medrar a poboación na que se ubica, sendo o motor de desenvolvemento económico da zona, de xeito que viviu unha época de esplendor.

Agora mesmo contan con gando de raza rubia galega e experimentan con distintos tipos de forraxes cun resultado que demostra que poderíamos depender pouco de insumos externos.

Comezouse a destinar algo de fondos á reparación de distintas dependencias e alprendes que forman parte da granxa, incluíndo un deles que sufriu un incendio hai ben pouco.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Contan con edificacións históricas e cunha casa que está nun estado de conservación delicado e por riba conta cun mobiliario de moito interese.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Ten intención a Xunta de Galiza a través da Secretaría de Medio Rural e Montes, de deseñar un plan integral de interacción con distintas facultades universitarias (véxase Agrónomos e/ou Veterinaria) para que poidan acudir alumnos/as facer prácticas e intercambiar coñecementos con outros centros experimentais e para isto precísase actuar sobre tódolos edificios desta finca para darlles sentido museístico a uns e para facer unha residencia para estudantes e para persoal investigador na propia casa?

. Consideran que esta finca ten a dotación de persoal suficiente para que estea a traballar ao seu máximo rendemento?

. Consideran que o persoal investigador do CIAM de Mabegondo que é responsable da ordenación da investigación na Finca Robles é suficiente para facer as dinámicas investigadoras precisas para que esta finca chegue ao seu máximo rendemento?

. ¿Van recuperar un vello plan de restauración para a casa que permita o seu uso tal como expuxemos e á súa vez conservar o mobiliario antes de que se deteriore?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:30:49**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:30:52**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:31:00**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e María González Albert**,  
deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro  
do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta  
oral na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2017 aprobouse no Parlamento Español o Pacto de Estado en  
materia de Violencia de Xénero, culminando en decembro dese ano coa implicación das  
administracións públicas.

A raíz dese pacto e en base ás súas medidas levouse adiante o estudo "Mujeres  
víctimas de violencia de género en el mundo rural" foi realizado pola Federación de  
Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), e publicado en outubro do 2020, a cargo  
da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero que tamén publicou un  
segundo informe, este co título de "Mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia  
de género" realizado pola Cruz Vermella co apoio da Universidade Carlos III de  
Madrid.

No primeiro séguese a seguinte metodoloxía:

- O universo deste estudo son 1.711.011 mulleres das cales 180.025 son galegas
- 167 enquisas a mulleres en municipios de menos de 20000 habitantes
- 333 enquisas a profesionais que atenden a vítimas de violencia de xénero



-23 entrevistas en profundidade a mulleres vítimas de violencia de xénero

As CCAA que participaron son: Andalucía, Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha, Extremadura, Galiza e a Rioxa.

Na Galiza fixeron 18 enquisas a mulleres, descoñecemos o número de enquisas a profesionais e entrevistas a 3 das 23 mulleres entrevistadas en profundidade.

O segundo estudo:

- usa a base de datos ATENPRO na que hai 428 mulleres rexistradas de 65 ou máis anos.

-245 enquisas por CA quedando excluídas as CCAA do País Vasco, A Rioxa e a cidade de Ceuta por non contar con mulleres maiores de 65 anos no rexistro.

-As comunidades de Andalucía e Valencia son as que máis peso teñen nas enquisas, o 21 e 20% respectivamente.

De ambos poden tirarse datos aterradores que poden recoller a realidade estatal, pero como se pode demostrar polas cifras manexadas non teñen porque reflectir a realidade galega.

Está claro que Galiza é un caso singular no estado español pola súa peculiar distribución demográfica, e porque conta cun número de entidades de poboación superior ao total do resto do estado español.

É posible que poidamos discutir se na Galiza a referencia do rural está nos municipios inferiores a 20.000 habitantes, como serían Vilalba, Monforte ou Viveiro, ou se como referencia se deberían poñer o límite de habitantes nos 10000 ou por baixo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tampouco parece que a mostra galega en ambos estudos sirva para trasladar os datos á Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Vai o goberno da Xunta tomar un papel activo para darlle visibilidade á violencia contra a muller no rural encargando un estudo dende a Dirección Xeral de Igualdade co fin de descubrir a realidade da violencia de xénero no entorno rural galego para poder abordala de xeito eficiente?

. Pensa o goberno galego que as mulleres rurais teñen a suficiente cobertura de apoio para dar o paso de deixar atrás a violencia de xénero que sofren?

. Son vostedes conscientes de que no rural é moito máis difícil para as mulleres e as súas fillas e fillos atopar soporte diario para esta situación ?

. Pensaron en facer campañas específicas contra a violencia de xénero no rural?

. Vai a Dirección Xeral de Igualdade subliñar a violencia de xénero no rural nun aparte de cara a darlle visibilidade, véxase diferenciándoa nas estatísticas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María González Albert**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:34:50**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:34:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 13:35:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes últimos días o Concello de Folgoso do Caurel sufriu un importante incendio que calcinou unhas 160 hectáreas de monte, o lume mantívose activo dende a madrugada do sábado 12 ata o luns 14 de xuño. Isto obrigou a unha mobilización inxente de recursos para extinción, 32 brigadas forestais, 11 axentes, 1 técnico, 14 motobombas, 1 pala, 8 avións e 2 helicópteros. O que supón un gasto evitable de centos de miles de euros.

Sendo o antedito de suficiente envergadura, máis ten que xa é o terceiro deste ano, outro na parroquia de Meiraos queimou 300 hectáreas, máis de 100 de arboredo e puxo en perigo vivendas habitadas.

Sucesivamente prodúcense incendios neste territorio que segundo recolle o manifesto asinado a primeiros da primavera por asociacións diversas "é un territorio de alto valor ambiental, incluído na grande rede natura europea de espazos protexidos, a Rede Natura 2000 e tamén distinguido pola Unesco polos seus valores xeolóxicos, ambientais e culturais como Xeoparque".





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O feito de ser un espazo singular con unha envexable biodiversidade dada polas distintas alturas sobre o nivel do mar, contando ademais co privilexio de contar coa Devesa da Rogueira fai que se poida manter un tecido económico propio relacionado co antedito, que fixa poboación en base a esta impresionante natureza e á súa relación coas persoas que alí habitan.

É un sen sentido que se gaste tantísimo diñeiro en extinción a comparanza do que se podería facer coa prevención, nunca saberemos se os cartiños gastados nestas extincións non serían máis útiles gastados en prevención.

Sexa quen sexa o/a responsable dos incendios o responsable último é a Xunta de Galiza que se demostra incompetente para resolver estes problemas endémicos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:

Considera o Goberno da Xunta que o Courel precisa medidas extraordinarias e intensivas, polas súas circunstancias tamén extraordinarias en canto a orografía e biodiversidade, para a prevención dos incendios forestais e de chegar o caso para combatelos de xeito inmediato, comprometéndose a apostar pola inversión intensiva na prevención dos lumes e non fialo todo aos medios de extinción?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**  
**María González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**  
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:36:53**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:37:03**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:37:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7<sup>a</sup>.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo desta semana houbo numerosas tronadas que descargaron en forma de pedra ou saraiba sobre a Ribeira Sacra, hai zonas cuxas viñas foron devastadas polo pedrisco que lesionou por completo a capa foliar e o froito, pero tamén a propia vide.

O máis probable é que a maioría das viñas afectadas perdan a colleita do ano en curso pero tamén a do ano próximo o cal fai caer aos propietarios/as no máximo desalento.

A maioría da afectación recae sobre viñas de particulares e pequenos propietarios, aos que lles vai ser difícil remontar esta situación polo que se requiren medidas inmediatas para paliar os danos, sendo a meta salvar as vides e no segundo lugar ver de recuperar algo de produción.

Concordan as persoas propietarias que o primeiro é retirar as zonas danadas mediante poda e aplicar tratamentos cicatrizantes adecuados para preservar as cepas das distintas enfermidades que puideran entrar por esas feridas.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É preciso que a Xunta de Galiza realice en primeiro lugar unha avaliación de danos para logo cualificar as perdas e establecer medidas de axuda para as viñas das persoas afectadas se inclúan estas na categoría que sexas, pe. Produtores particulares, bodegas, etc.

O que demanda o sector son axudas directas primeiro para a compra dos remedios para evitar que o dano se incremente, antifúnxicos, cicatrizantes, etc, no segundo lugar axudas por superficie para a compensación da falta de produción.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai o Goberno da Xunta implementar medidas urxentes de axudas directas á produción vitícola afectada pola pedra na Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:38:54**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:38:58**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:39:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

### Exposición de motivos

Neste verán de 2021 na Galiza levamos un número menor de incendios que outros veráns por contar este con temperaturas menos elevadas e con choivas periódicas nalgúns puntos que impediron que se provocaran lumes.

Así mesmo, levamos unha superficie queimada que non é chamativa a comparación de outros anos, derivada da mesma cuestión.

A medida que o verán estacional vai rematando as temperaturas estanse incrementando como tamén o fai o nivel de seca, e é aquí cando os lumes van aparecendo progresivamente.

Recentes lumes foron os de Sobradelo, con afectación de case 200ha e unha gran mobilización de recursos humanos e materias e motivado segundo as investigacións da consellería de Medio Rural por unha chispa da catenaria do ferrocarril ao paso pola zona, nesta zona non foi o único sendo o outro de menor entidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tamén houbo afectación por lumes en concellos como Rois, con 20ha, Guitiriz e Vilalba coa suma de 1,3 ha de superficie e incluso un en Quiroga próximo á superficie queimada por outro lume que ameazou hai uns meses a Serra de Courel, este afectou a unha superficie de 500m2.

Esta mesma fin de semana desatouse outro lume no concello de Negueira de Muñiz con afectación de 25ha, que ao momento desta iniciativa xa poderían ser máis, mentres en Ourense se ven comprometidas 30ha por varios incendios simultáneos en distintos concellos, que poden ser máis ao remate da fin de semana.

Vese claro que o número de incendios está nun claro incremento como así tamén a superficie afectada. Aqueles lumes que se controlaron con pouca afectación no terreo puideron ter máis.

Unha vez máis a ausencia de políticas axeitadas para a prevención de lumes, incidir na extinción como única vía de solución non protexe o territorio nin ás persoas, seguimos na Galiza a depender da climatoloxía para a prevención dos lumes.

Ano tras ano tras ano o goberno da Xunta deixa que se repitan pasivamente as mesmas ausencias de políticas contra o lume sen tomar medidas para conducir ao un deseño territorial que protexa aos núcleos de poboación e ao propio territorio, xa que se crearían franxas de protección natural a través das cales sería ben dificultoso que se propagara.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No canto disto, as medidas que se toman son esperar a que veña un verán chuvioso e logo si, culpar ás persoas de ser incendiarias e investir un orzamento sen límite na extinción.

Dende o BNG consideramos esta política culpabilizadora que inviste no que dá máis negocio que é a extinción, no canto de investir na ordenación do territorio para a prevención, é nefasta e todas e cada unha das épocas cálidas o demostra.

Por isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para impedir a proliferación de lumes ao remate deste verán e durante o próximo outono?

Que orzamento leva executado a Consellería de Medio Rural para a prevención de lumes neste 2021?

Conta a Xunta coa dificultade que supón para a extinción dos lumes debido ao baixo nivel de augas na conca Miño-Sil no interior das provincias de Lugo e Ourense?

Dado que segundo comunican dende a Consellería a maioría dos lumes contan con varios focos e polo tanto son provocados, teñen unha estimación tamén de cal podería ser a motivación incendiaria nos distintos lumes e que medidas vai tomar o goberno da Xunta para contrarrestalas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Despois de tantos anos de goberno do PP, e recoñecendo que a causa incendiaria así como a dos incendios é multifactorial, vai a Xunta levar adiante políticas de intervención sólidas para impedir que o patrón dos lumes se repita ano tras ano?

Recoñece a Xunta que a súa falta de planificación activa na prevención é unha importante e motivadora causa dos lumes na Galiza, pensan facerlle fronte algún día e se non o fan cal é a causa?

É consciente a Xunta que este verán houbo menos incendios e menor superficie queimada pero que este goberno non tivo nada que ver nesta cuestión?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:42:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:42:34**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:42:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

### Exposición de motivos

Este verán de 2021 estívoise a caracterizar pola súa pluviosidade e baixas temperaturas polo que o número e impacto dos lumes que se ocasionaron foi limitado.

Nos que se produciron podemos notar menor afectación de superficie sendo ata o momento o lume de Sobradelo o que provocou que se queimara unha superficie máis extensa con cerca de 200 has. Nas 48 horas que o monte baixo e arborado estivo ardendo a mobilización de recursos para a súa extinción foi máxima: 8 avións, 9 helicópteros, 30 axentes forestais, 52 brigadas, 25 motobombas e 2 palas escavadoras, isto elevou a máis de 326.000€ o custe da súa extinción.

Observamos un ano máis que o modelo de planificación e prevención de incendios segue a ser o tradicional da Xunta baseado na climatoloxía para a prevención e na macromobilización de efectivos para a extinción a pesares do custo económico que supón e da pouca efectividade que ten a curto e longo prazo para suprimir definitivamente esta perigosa lacra.

Repíte o Goberno da Xunta reiteradamente que somos un país de incendiarios e que a maioría son inevitables porque son provocados, en cambio dende o BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

debemos sinalar que hai numerosos incumprimentos de organismos responsables e a Xunta de Galiza permanece calada e pasiva.

Podemos nomear de novo o lume de Sobradelo onde Medio Rural estima que a causa foi unha chispa da catenaria do ferrocarril ao seu paso polo lugar. Adif presentou o seu plan de prevención de incendios 2021-2022 o ano pasado este lume é a mellor constatación de que non o cumpre, non só nesta zona senón en xeral, podemos asegurar que as marxes das vías do ferrocarril non están adecuadamente mantidas e limpas.

Tampouco o Ministerio de Fomento está a facer o adecuado mantemento das estradas nacionais galegas. Esta limpeza faise tarde, de xeito lento e parcial ou non se fai, o cal pon en grave risco de que se poida provocar lumes. Límpanse 1 ou 2 metros de marxes ao carón da vía pero non os terrapléns, incluso esta limpeza se está a facer con Glifosato que logo aparece nos informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co cal unha vez máis a Galiza soporta a carga de contaminación ao tempo que o risco de incendio se mantén.

En ambos casos hai que subliñar que a limpeza ao seu paso por núcleos urbanos é igual de deficitaria que por zonas menos poboadas.

Para rematar sinalamos que non estaría de máis que a limpeza das franxas das liñas de alta e media tensión fora máis exhaustiva

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten previsto a Xunta tomar as medidas oportunas para que tanto empresas como institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

marxes das liñas de alta e media tensión, das estradas nacionais e máis das liñas de ferrocarril?

Está a Xunta a pedirlle responsabilidades ao Ministerio de Mobilidade, Transporte y Agenda Urbana e á Adif sobre a neglixencia que supón non cumprir coas necesidades de limpeza de marxes?

Está o goberno galego a solicitar compensación económica a Adif polos gastos que supuxo a súa neglixencia no concreto incendio de Sobradelo na comarca de Valdeorras?

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para que no futuro este tipo de incendios non volva a ocorrer?

É consciente a Xunta do risco que supón que tanto as estradas Nacionais como as liñas de ferrocarril se atopen desatendidas nos tramos urbanos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**María González Albert**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:45:19**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:45:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:45:36**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:45:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a punto de rematarse a negociación da PAC, encontrándose xa pechadas as negociacións das CCAA e o MAPA a respecto do Primeiro Pilar e a punto de rematar as correspondentes ao Segundo Pilar.

Como vostedes saben é fundamental que cheguen estes fondos a Galiza e se distribúan ben, non sendo o diñeiro correspondente ao desenvolvemento rural unha cuestión menor que debería para darlle un auténtico pulo para crear un tecido socioeconómico e demográfico sólido.

Para isto é fundamental que o uso dos fondos europeos se faga na cantidade necesaria e co criterio correcto, xa que parece que o baleirado do rural non se detén e será probable chegar a non moito tardar a un nivel de non retorno e polo tanto a unha situación insalvável.

Nos últimos anos o feito de reducir o número de GDRs e amplialos fixo que se desdubuxaran as posibilidades de achegarse ás necesidades reais da poboación que remata facendo gastos para crear “servizos” de dubidosa utilidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Outra cuestión de gran calado é a inversión que fai a Xunta de Galiza con respecto ao cofinanzamento ao que está obrigada por Europa que ata o de agora se situou no mínimo requirido, o que non denota o interese da Xunta polo mantemento dun rural vivo.

É imprescindible que dende a Consellería se dea un pulo real ao desenvolvemento rural como garantía para a pervivencia dos modelos produtivos, territoriais, paisaxísticos autóctonos. Para conseguir isto requírese dun plan serio de desenvolvemento rural para este novo período da PAC 23-27. Consideramos que este plano debe de contar con tres eixos básicos de intervención dende o punto de vista do desenvolvemento rural, o sector agroalimentar, os servizos básicos e a fixación de poboación e a diversificación económica. Trataremos o primeiro dos puntos.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Vai o Goberno da Xunta comprometer orzamentariamente o importe suficiente para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para darlle pulo ao desenvolvemento rural neste próximo período da PAC 2023-2027 para o desenvolvemento agroalimentar?

. Considera o Goberno da Xunta suficientes os medios económicos postos a dispor do desenvolvemento rural ata o momento para o sector agroalimentar?

. Consideran vostedes que hai unha transferencia de coñecemento axeitada para darlle pulo a este sector, o I+D+I é suficiente e chega á poboación?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que peso vai ter a figura do asesor/a rural dentro do modelo Akis de asesoramento que determina o PEPAC e que tipo de medidas pensan establecer para incentivar un asesoramento real, profesional e de calidade para o agro galego?

. Teñen avaliado estatisticamente o resultado dos novos emprendementos máis alá do período obrigatorio de acompañamento e control?

. Que medidas aplican para o fomento do cooperativismo e o favorecemento das microempresas?

. Cales son aquelas que medidas que facilitan a disposición real de terra e o prestixio da actividade produtiva no sector primario?

. Que fan para establecer cadeas de comercialización de proximidade axeitadas para garantir un xustiprezo aos produtos agropecuarios?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:50:18**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:50:22**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:50:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O futuro do rural galego pasa por un desenvolvemento rural serio que permita fixar poboación e polo tanto poida manter o medio e o territorio vivo e con capacidade para albergar poboación que poida desenvolver a súa vida persoal e laboral en condicións de total igualdade coas zonas máis poboadas.

O BNG entende por fixar poboación ir máis alá de establecer un epígrafe de tal nome nos orzamentos anuais. Para que a poboación retorne e se quede no rural precisa dunha serie de servizos mínimos, básicos, que é precisamente o que se están perdendo a pasos de xigante no rural.

Pode parecer increíble que aínda queden lugares sen electrificar no noso rural, pero tamén o é que aínda existan parroquias sen traída de augas. No século XXI isto é o máis básico posible, e máis é unha asignatura pendente.

Tampouco existe saneamento en casi ningún núcleo do rural, polo menos nas zonas do interior de Lugo e de Ourense, incluso ao pé de cursos de auga o cal provoca un efecto nefasto no medio ambiente.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Poderíamos seguir relatando un sin número de situacións relativas ás comunicacións tanto terrestres como no relativo á cobertura dixital e outras moitas cuestións que teremos a oportunidade de enumerar na exposición desta iniciativa.

O Goberno da Xunta fía o desenvolvemento rural ao II pilar da PAC e por isto é moi importante que estableza unhas prioridades para levar adiante no plan de desenvolvemento rural que de xeito global permita fixar poboación e reverter a tendencia demográfica actual seriamente e isto só pode acontecer cando os servizos básicos para a vida diaria teñen boa saúde.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Vai a Xunta comprometer orzamentariamente o importe necesario para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para darlle pulo ao desenvolvemento rural neste próximo período da PAC 2023-2027 para o desenvolvemento dos servizos básicos no rural que permitan a fixación de poboación?

. Considera a Xunta suficientes os medios económicos postos a disposición do desenvolvemento rural ata o momento, para a dotación de servizos básicos para a fixación de poboación?

. Considera a Xunta que o rural galego conta cos servizos básicos precisos para unha vida digna nel?

. Teñen valorado o impacto medio ambiental que supón que non haxa saneamento na maioría dos núcleos habitados do rural?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Consideran o subministro eléctrico, de auga potable e o saneamento como servizos mínimos imprescindibles para o rural galego?

. Teñen previsto un plan amplo para dar un paso máis na xeración de enerxía limpa máis alá das subvencións para determinados cambios de caldeiras de combustibles por outras de enerxía máis limpa?

. Van desta volta garantir a conexión a internet e a cobertura móbil sen zonas de sombra no territorio?

. Consideran a falta de acceso a vivendas no rural interior como un problema para fixar poboación?

. Van remediar dalgún xeito a falta de vertebración no interior dos concello e a súa relación coas cabeceiras de comarca pola ausencia de transporte terrestre por estrada de viaxeiros/as?

. Que medidas van implementar para garantir ás mulleres do rural unha vida en igualdade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:52:44**

**María González Albert na data 11/01/2022 13:52:48**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:52:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o cumprimento da Xunta de Galiza da proposición non de lei aprobada en pleno a respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro aprobábase no pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo”.

Após máis de vinte anos de demanda social continuada en demanda da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo que permita recuperar un espazo natural medioambientalmente saudábel e economicamente produtivo como o foi hai anos, sendo unha moi importante alternativa de riqueza e creación de postos de traballo para a comarca da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Grupo Parlamentar do BNG trouxo a esta cámara ao longo desta lexislatura en varias ocasións un problema moi importante ao que a día de hoxe aínda non se lle procurou solución: garantir o pagamento de compensacións económicas aos mariscadores da Ría do Burgo que durante máis de dous anos non van poder realizar a súa actividade profesional e, polo tanto, soste os seus postos de traballo e ingresos correspondentes.

A aprobación da proposición non de lei arriba mencionada, a instancias do PP, e sen atender as propostas de emenda do BNG, volve constatar, por unha banda, a negativa do goberno da Xunta a participar no pagamento das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo que se vexan obrigados á inactividade, e, pola outra, a non abrir un proceso de negociación inmediato co goberno do Estado para velar polos intereses dos traballadores da Ría do Burgo, reforzando o desleixo mantido todos estes anos coa recuperación da ría.

Nos últimos días do pasado 2021 a empresa adxudicataria das obras, a unión temporal de Acciona e Matías Arrom Bibiloni, apenas iniciou os traballos previos de replanteo, mais os 80 mariscadores e mariscadoras afectadas nada saben da calendarización do inminente comezo das obras de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, da data de finalización dos plans de marisqueo autorizados pola Xunta de Galiza nin tampouco da achega dunha solución económica compensatoria por parte das diferentes administracións afectadas: a Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en pesca e marisqueo, e mais o goberno do Estado, titular da obra.

O goberno do Estado, en resposta ás preguntas do deputado do BNG Néstor Rego no Congreso, afirmou recentemente que os mariscadores poden





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

presentar reclamacións xudiciais se consideran que as obras prexudican o seu patrimonio. Unha resposta improcedente pois non ten ningún sentido obrigar os traballadores da ría a abriren custosos procedementos de defensa xurídica para demostrar o que é ben evidente: durante o tempo das obras non poderán mariscar.

A resposta rotunda dos mariscadores xa foi feita pública: negaranse a retirar a cría dos bivalvos mentres non haxa un compromiso pechado por parte das dúas administracións responsábeis. Unha obra adxudicada en 32,2 millóns de euros de fondos europeos ben pode asumir, por parte do goberno da Xunta e do Estado, un plan social de 700.000 euros por ano.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Que xestións leva realizado o goberno da Xunta para facer cumprir a proposición non de lei aprobada no pleno do pasado 10 de decembro de 2021?
- Mantivo o goberno galego neste tempo algunha xuntanza cos mariscadores da Ría do Burgo para avanzar unha solución ás súas demandas de compensacións económicas durante o tempo en que se ven privados de faenar?
- Mantivo o goberno algún contacto ou reunión co goberno do Estado para avanzar un marco de negociación que protexa e garanta a sobrevivencia dos traballadores da ría?
- Que marco de actuación prevé a Xunta para defender os intereses dos mariscadores da Ría do Burgo mentres duren as obras que os deixa no abandono sen traballo nin salario de ningún tipo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- É coñecedora a Xunta de que os mariscadores non poden acollerse ao cese de actividade por telo solicitado xa durante a pandemia?

- Valora a Xunta a posibilidade de adiantar os cartos das compensacións por inactividade obrigada aos mariscadores e logo reclamarllos directamente ao Estado, xa que dispón de asistencia xurídica propia a diferenza dos traballadores da ría?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:56:39**

**Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 13:56:42**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 13:56:52**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Os acordos anteriores sobre as condicións de exercicio da actividade da flota española e portuguesa nas augas interiores de ambos países supuxo durante moitos anos unha importante desvantaxe competitiva para a flota española, como así o levaba denunciando o sector dende hai tempo.

A flota galega e do resto do Cantábrico reivindicaba a necesidade de acadar a reciprocidade para acabar coas diferencias, xa que mentres a nosa flota amarraba por descanso as fins de semana os lusos podían faenar, e así, cando o luns partía a flota galega dos portos, aqueles que operaban con pavillón portugués xa dispuxeran para a súa venda en lonxa o produto capturado, mentres os barcos galegos estaban amarrados.

Ademais tampouco xogaban coas mesmas condicións técnicas, xa que as embarcacións lusas podían empregar o chamado “tren de bolos”, complementario do arrastre, pero os arrastreiros galegos tiñan unhas condicións restritivas para o seu emprego.

Polo tanto, espazo de traballo e mercado o mesmo, pero con distintas regras do xogo, moi desfavorables para a pesca galega.

Dende o pasado 1 de xaneiro deste ano, e grazas ás negociacións e acordo entre os ministros de Pesca español e portugués, ponse fin ao agravio comparativo que durante os últimos 35 anos denunciaban os arrastreiros galegos e do resto do Cantábrico, xa que os barcos portugueses podían faenar as fins de semana fronte a España e vender antes que eles as súas capturas nos mercados españois. Froito do acordo entre Portugal e España os portugueses non poderán faenar as fins de semana en augas españolas, xa que deberán de respectar os horarios establecidos na actividade e só poderán descargar en España a partir da medianoite do martes, ao igual que os españois no país veciño. Ademais tampouco poderán empregar o “tren de bolos”.

Todas estas medidas, recollidas no acordo luso-español, dan resposta ás demandas do sector español, especialmente da flota de arrastre do noroeste





español e das do cerco e arrastre do golfo de Cádiz, que reivindicaban un acordo estable, duradeiro e en igualdade de condicións que a flota do país veciño. Este acordo ten en principio unha duración de 5 anos prorrogable por 2 máis e marca as novas condicións para os pesqueiros españois e portugueses que faenan nas augas limítrofes dos dous países.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia o acordo entre os ministros de Pesca de España e Portugal que pon fin ao agravio comparativo que denunciaban os arrastreiros galegos polo que se permitía que os barcos portugueses podían faenar as fins de semana e vender as súas capturas nos mercados españois antes que os galegos, así como empregar o chamado “tren de bolos”?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:48:22**

**Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:48:44**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado, Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do SERGAS.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual. Algúns dos casos, ademais, son situacións que veñen arrastrándose dende antes da situación pandémica, na que xa se viñan evidenciando os problemas de xestión para cubrir os cupos de profesionais necesarios no sistema de atención primaria.

O caso de Vilalba e a súa contorna de Terra Chá é paradigmático desta situación, existindo problemas tanto no centro de saúde da localidade como no PAC que da servizo a este concello e aos de Abadín, Cospeito, Muras e Xermade.

Vilalba, con máis de 14.000 habitantes, conta con 11 cupos de profesionais facultativos de medicina de familia e comunitaria, dos que soamente están sendo cubertos 8 tendo que redistribuír, entre eles, os outros 3 cupos de pacientes o que sitúa a súa ratio real en máis de 1700 pacientes por profesional. Isto provoca un aumento de carga asistencial entre os profesionais, que teñen que asumir xornadas máis longas ou concentración de asistencia no mesmo espazo de tempo. A maiores desta situación non resolta os 2 cupos de profesionais de pediatría están sendo cubertos por profesionais de familia e comunitaria, e a atención especializada que existía anteriormente estase a perder (oftalmoloxía ou reumatoloxía).



En Xermade, concello veciño, ocorre unha situación semellante, pois dos 3 cupos existentes hai non moito tempo agora a asistencia sanitaria de atención primaria está cuberta por un profesional, variable e que non está fixado ao centro de saúde.

O PAC que atende aos concellos citados sofre tamén as dificultades dunha xestión incompleta que dende o área sanitaria non consegue dar a cobertura de persoal que o centro necesita. Este escenario deixa con dificultades de cobertura a unha poboación de case 25.000 persoas (en torno a 1.800 en idade pediátrica)

A fixación de poboación en contornos máis rurais precisa duns servizos públicos que garantan calidade, e de maneira especial no caso do servizo sanitario, polo que é necesario desenvolver políticas de discriminación positiva cara o rural que garantan os seus servizos e a atención ás necesidades fundamentais da poboación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cando pensa o Goberno galego repoñer o completo dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba?
- 2.<sup>a</sup>) Como explica o Goberno galego a perda progresiva de servizos sanitarios vinculados aos centros de saúde e ao PAC de Vilalba para os concellos da contorna?
- 3.<sup>a</sup>) Considera o Goberno galego que a asistencia sanitaria en atención primaria está cuberta de maneira plena e total para os veciños deste conxunto de concellos?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Marina Ortega Otero

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 27414**  
Data envío: 11/01/2022 16:32:43.771

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 13:43:17**

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 13:43:31**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2022 13:43:45**

**Marina Ortega Otero na data 11/01/2022 13:43:58**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-dlibURNy6-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Logo dun procedemento fallido de licitación en libre concorrência do contrato de xestión integral das instalacións da Estación de Manzaneda de titularidade de Meisa (Manzaneda Estación de Esquí S.A), a Xunta de Galicia conxuntamente coa Deputación Provincial de Ourense, en canto que máximos accionistas, decidiron colocar ao fronte das instalacións á empresa Artabria Turismo SL.

Unha empresa constituída 10 meses antes e, a priori, sen ningunha experiencia na xestión deste tipo de instalacións.

Inicialmente as dúas empresas que concorreron –Taller de Enxeñería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 euros que se establecían nas plicas.

Segundo a Xunta de Galicia, así o manifestou a Sra. Nava Castro, directora xeral de Turismo na súa comparecencia diante da Comisión 3.<sup>a</sup> deste Parlamento, a adxudicación a Artabria Turismo SL era unha solución transitoria e temporal.

Así mesmo, tras 40 anos de presenza, o Consello de Administración de Meisa adoptou, entre outras medidas, a expulsión do mesmo dos dous concellos nos que se asentan as instalacións da Estación de Montaña: A Pobra de Trives e Manzaneda. Expulsando aos alcaldes destes dous concellos, que son os primeiros interesados en que a Estación funcione e que xere actividade e riqueza, se está evitando que os maiores interesados teñan tan sequera voz para defender os intereses da comarca, conculcando os principios de transparencia que a Xunta de Galicia e a propia Deputación de Ourense deberían impulsar como regra fundamental de funcionamento da propia Meisa.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten reclamado neste Parlamento que se lle faga entrega do Contrato de Adxudicación da estación de Montaña de Manzaneda asinado coa empresa Artabria Turismo, amén doutra documentación, sen que a día de hoxe se teña remitido absolutamente nada.



Así mesmo, nestes últimos anos, dende o PSdeG-PSOE, tanto na Deputación de Ourense coma no Parlamento de Galicia, lévanse rexistrado varias peticións solicitando diversa información sobre a xestión de Meisa e o acceso ao expediente das obras de innivación artificial da estación de montaña de Manzaneda.

Entre outras respostas, neste caso dada por parte do Sr. presidente da Deputación de Ourense aos deputados provinciais socialistas, hai unha de data 21 de setembro de 2020 na que se lle indica o PSdeG - PSOE que o expediente mencionado se lle debía requirir ao Consello de Administración de Meisa.

Con data 25 de setembro de 2020, o Grupo Socialista na Deputación, dirixiu un escrito ao Consello de Administración de Meisa coa solicitude de acceso ao expediente mencionado, sendo enviado dito escrito ao correo oficial desta Deputación da secretaria de dito Consello de Administración.

Logo de 15 meses e de despois de que se celebrase algunha xuntanza do Consello de Administración de Meisa, o expediente segue sen ser remitido os representantes socialistas, xa sexa na Deputación ou neste Parlamento.

Diante desta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que prazos manexa a Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrência o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda?
2. De ser así, estase a traballar nos pregos, ou serán os mesmos que os do último procedemento?
3. Vai a Xunta de Galicia permitir que se reintegren no Consello de Administración os concellos de A Pobra de Trives e Manzaneda?
4. Vai remitir a Xunta de Galicia aos deputados/as do Grupo Parlamentario Socialista copia do expediente das obras de innivación da estación de montaña de Manzaneda? De ser a resposta afirmativa, en que data?
5. Vai proporcionar a Xunta de Galicia copia do contrato, incluíndo a última prórroga adoptada da xestión hoteleira da Estación de Montaña en favor da empresa OCA Hoteles?
6. Vai a Xunta de Galicia proporcionar unha copia da denuncia presentada no seu día por un membro da sociedade Meisa contra un acordo adoptado a finais de 2017?



7. Vai a Xunta de Galicia proporcionar copia da sentenza do Xulgado de Ourense que declarou nulo o acordo adoptado a finais de 2017 para a prórroga dese contrato en favor de OCA Hoteles?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/01/2022 17:23:07**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2022 17:23:14**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

*1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.*

*2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estara constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.*

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga da LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.

2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.

3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,



emprego ordinario”, e fai referencia no seu texto a que “*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*”, causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algunhas CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivo destas CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade laboral e están sometidos a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións faino unha persoas con discapacidade.

*Ilunion Servicios Industriales* recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galiza axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas “*a Consellaría de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade? Cantas? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

- Cantos convenios foron asinados por parte da Xunta de Galiza con *Ilunion Servicios Industriales*? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

- Que mecanismos de control, avaliación e seguimento levou a cabo a Consellaría de Emprego e Igualdade destas axudas? Cales foron os resultados acadados? Que medidas foron tomadas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 17:22:05**

**Daniel Pérez López na data 11/01/2022 17:22:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 17:22:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de incrementar os grupos e o profesorado no IES Santo Tomé de Vigo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política de recortes da Xunta de Galiza é especialmente palpable no ámbito educativo, en que a falta de investimento no sistema público está a supor unha merma na calidade educativa. Un bo exemplo é a situación que se está a vivir nos centros educativos na área de Vigo, en que xa son habituais as queixas e as reclamacións da comunidade educativa que reclaman con urxencia un maior investimento.

Nesta liña, o IES do Santo Tomé vén de sufrir o recorte dun dos grupos do primeiro curso da ESO, pasando de ter cinco grupos o ano anterior, cando había matriculados 119 alumnos, a catro grupos para este curso, cando o número de alumnos se incrementou até os 131. Esta redución do número de grupos cando o alumnado aumenta supón que na actualidade as aulas contén con 33 estudantes por aula, cando o límite legal está situado en 30 alumnos. Sobra sinalar que isto ten unhas consecuencias negativas sobre a calidade do ensino, supón un exceso de carga laboral no profesorado, ademais de supor unha masificación das aulas cando aínda estamos enfrontando os riscos dunha pandemia global.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Asociación de Nais e Pais do centro alertan, así mesmo, da intención por parte da Consellería de soste este recorte no número de grupos para os seguintes cursos, prolongando e enquistando deste xeito o problema. A pesar de que este malestar xa foi trasladado á inspección educativa, a Consellería Educativa non ten tomado ningunha medida. Por iso, a ANPA do centro, xunto co respaldo da Federación Olívica de Nais e Pais de Vigo, vén de iniciar distintas mobilizacións reclamando que a Xunta rectifique a decisión, cumpra coa lexislación e recupere o grupo eliminado e incorpore o profesorado necesario.

Outro dos problemas que se rexistra por parte da comunidade educativa é un número insuficiente de orientadores, xa que na actualidade só hai unha praza para prestar servizo a un centro con 817 alumnos e alumnas. Na práctica isto está a supor unha excesiva carga de traballo e unha atención precaria, lonxe da calidade que entendemos que pode e debe prestar o ensino público.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza de que se están incumprindo os límites legais establecidos ao superar os 30 alumnos por aula no IES Santo Tomé?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza ante a saturación das aulas no IES Santo Tomé e a súa afectación na calidade educativa?

. É coñecedora a Xunta de Galiza das queixas trasladadas pola comunidade educativa?

. Trasladou a Xunta de Galiza algunha resposta ante as queixas recibidas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que medidas vai tomar ante esta situación?

. A Xunta de Galiza ten intención de rectificar a decisión de recortar un dos grupos do IES de Santo Tomé e aumentar o número de profesorado?

. Vai a Xunta de Galiza a dotar ao IES Santo Tomé cunha praza máis de orientación?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 09:42:58**

**María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:43:06**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:43:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**,  
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,  
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para  
resposta oral na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón conta cun gran Patrimonio histórico e natural, con gran  
potencial turístico ao enclavarse ademais na Ribeira Sacra. Conta con numerosos Bens  
de Interese Cultural (BIC) o que serviu para promover á Ribeira Sacra como patrimonio  
mundial da humanidade, aínda que fracasara o intento.

Entre estes bens atópase o Castelo de Maside tamén chamado Castelo de ferreira  
é un destes BIC tal e como se recolle no Decreto de 22 de Abril de 1994 e que figura na  
actualidade no rexistro de BIC de Galiza.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galiza 8/1995 do 30 de Outubro, no seu artigo  
26.3 recolle o seguinte: "Os propietarios, posuidores e demais titulares de bens  
declarados de interese cultural deberán facilitar a visita pública a estes nas condicións  
que se determinen, que en todo caso será gratuíta durante catro días ao mes, en días e  
horario prefixado", tamén di o artigo 84 que se refire á investigación, conservación,  
difusión, di: "A Xunta de Galiza facilitará o financiamento da conservación,  
acrecentamento e rehabilitación, así como as actividades de estudo e difusión do seu  
patrimonio cultural ou catalogado", cuestións ambas que non están cumpríndose a día  
de hoxe e que prexudica claramente o desenvolvemento e dinamización turística neste







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

concello da Ribeira Sacra, sen que ningún organismo público ou institución faga por corrixir esta cuestión.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai o Goberno da Xunta intervir para que se cumpra a normativa e o Castelo de Maside en Ferreira se poida incorporar á oferta turística de Pantón con visitas ao Castelo, facendo así cumprir a lei?

. Dende o nomeamento BIC do Castelo de Maside no ano 94 tense cumprido algunha vez o réxime de visitas que a lei obriga?

. Que ten feito a Xunta para corrixir este incumprimento da lei toda vez que é a responsable política da área de Patrimonio?

. Por que teñen ignorado un acordo unánime da Corporación de Pantón de hai uns anos xa, sen resolver o expediente e establecer as visitas ?

. Como valoran o feito de que sendo BIC o Castelo de Maside non poida estar incorporado na oferta turística de Pantón?

. Cantos anos demorará a resolución?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:44:32**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 09:44:38**

**María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2022 09:44:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do IES Alfredo Brañas (Carballo) constituíu un acontecemento para a vila e para toda a comarca ao dar a oportunidade de estudar, e para moitos acceder ao nivel universitario, a milleiros de alumnos da Costa da Morte.

Este centro de secundaria empezou a funcionar no curso 1970-1971, polo que neste mesmo ano cumpriu 50 anos.

A día de hoxe, o IES Alfredo Brañas conta con 620 alumnos, e impártense clases de secundaria, bacharelato e un ciclo de actividades comerciais.

Polas súas aulas pasaron nomes ilustres de Carballo e do resto de Bergantiños e Costa da Morte, constituíndose coma un referente non so dende o punto de vista educativo, senón tamén cultural e asociativo. Foi nesas aulas onde se fomentaron e prenderon as inxerencias culturais de moitas mozas e mozos do propio pobo e da comarca. Grupos de teatro, de música ou un dos primeiros fanzines en galego naceron neste centro. E tamén o sindicalismo estudantil dos anos 90, coa constitución do Comités Abertos de Estudantes, que xogaron un papel relevante na loita polos dereitos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

das e dos estudantes e na reivindicación de melloras nun centro que xa neses anos contaba con deficiencias importantes polo desleixo da administración autonómica.

Desleixo que continúa a día de hoxe.

O centro conta cun salón de actos dotado dun patio de butacas con capacidade para 294 persoas e con un “galiñeiro” que, en principio, contaría con 119 butacas. Un salón de actos como poucos na provincia, no que se desenvolven numerosas actividades durante todo o ano, como as festas e celebracións propias do calendario docente, pero que tamén acolle conferencias, proxección de películas e documentais, o propio acto de graduación ou é o lugar onde ensaian e se representan obras de teatro.

No mes de xuño do presente ano caeu o teito do salón de actos, provocado, posiblemente, polas humidades e por unha praga de avelaíña. Sen ter que lamentar danos persoais, os danos materiais son abondosos: caída de parte do falso teito de escaiola, que, á súa vez, provocou cuantiosos estragos nas butacas así coma danos no sistema de iluminación e eléctrica. Ao que hai que sumarlle a praga de avelaíñas, que afecta a gran parte das butacas (con repousabrazos de madeira).

Ante esta situación, a equipa directiva adoptou a única decisión posible. Clausurar o salón de actos e dar traslado á Consellería do acontecido.

Feita esa comunicación, nese mesmo mes de xuño xirou visita ao centro un membro da oficina técnica da Consellería máis un arquitecto, para avaliar os danos. Realizada esa visita, por parte da Consellería comunicóuselle á equipa directiva que volverían ao final do verán para buscar unha solución.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Iniciado xa o curso, e pasados máis de cinco meses, ninguén da Consellería nin da oficina técnica se puxo en contacto coa dirección do centro para solucionar un problema que ten inutilizado o salón de actos.

A día de hoxe, non é posible realizar ningunha das múltiples actividades que habitualmente teñen lugar neste salón sen poñer en risco a integridade física dos docentes, do resto de persoal do centro ou dos propios alumnos.

O desleixo da Consellería de Educación é absolutamente inxustificable e constitúe un desprazo máis cara un centro que leva máis de cinco anos sen que se realicen investimentos de relevancia. Un centro que precisa dunha actuación integral no salón de actos, coa colocación dun novo falso teito, a reposición do patio de butacas afectado pola avelaíña, unha actuación no peralte do “galiñeiro” que habilite a totalidade das butacas da parte superior, hoxe limitadas á primeira fila, así coma todas as actuacións necesarias para garantir a seguridade dentro do salón e permitir o uso habitual do mesmo. Pero que tamén esixe outras actuacións nas fachadas do edificio polo perigo que existe de caída de cascotes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cando ten previsto o goberno galego levar a cabo o arranxo do salón de actos do IES Alfredo Brañas de Carballo?

.Cando ten previsto o goberno galego levar a cabo as obras de reparación da fachada do IES Alfredo Brañas de Carballo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Elaborouse un informe por parte da oficina técnica dependente da Consellería de Educación, despois da visita do técnico e do arquitecto ao centro educativo, para coñecer as razóns e avaliar os danos provocados no salón de actos pola caída do falso teito? Contémplase algunha solución nese informe?

. Cal é o motivo para que máis de cinco meses despois de ter coñecemento da caída do teito do salón de actos do IES Alfredo Brañas, a Consellería de Educación non adoptase medida algunha para solucionar o problema?

. Cal é o motivo para que máis de cinco meses despois de ter coñecemento da caída do teito do salón de actos do IES Alfredo Brañas, a Consellería de Educación non se puxese en contacto coa equipa directiva ao respecto deste feito?

. É coñecedora a Xunta de Galiza do perigo certo de caída de cascotes que supón o estado da fachada do IES Alfredo Brañas de Carballo?

. Cando ten pensado a Xunta de Galiza acometer a reparación das fachadas do IES Alfredo Brañas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 12/01/2022 09:45:57**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:46:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a insuficiente atención ás necesidades específicas de apoio educativo no CEIP de Arzúa.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As ANPAs do CEIP de Arzúa están a demandar desde comezos do presente curso académico a recuperación da atención ás necesidades específicas de apoio educativo tal e como se viñan atendendo no centro.

A oferta de profesorado especialista en pedagogía terapéutica no CEIP de Arzúa era dunha praza, ademais da dispoñibilidade horaria lectiva da directora que conta coa necesaria redución implícita ao desenvolvemento do seu cargo directivo.

No presente curso, coincidindo cun importante acrecentamento do alumnado identificado con NEAE a respecto do curso anterior, a Consellería de Educación decide reducir a praza de PT a unha oferta de media xornada compartida co CEIP de Boimorto.

A evidente desatención do alumnado deste centro educativo foi reclamada polas ANPAs en escrito dirixido ao xefe territorial de educación que segue sen responder ás familias transcorrido máis dun mes.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedor o goberno da desatención das necesidades específicas de apoio educativo que se está a vivir no CEIP de Arzúa?

. Que razóns levou o PP a reducir a atención educativa da profesional de Pedagogía Terapéutica neste centro dunha xornada completa a media xornada compartida con outro CEIP?

. Ten constancia o goberno das demandas das familias? Que resposta lles transmitiron?

. Como vai reparar o goberno esta deficiencia educativa no presente curso escolar?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:47:28**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:47:33**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 09:47:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o incumprimento do acordo unánime desta cámara da realización por parte do goberno do Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou en 2019 o *Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista* elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Este informe presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos: traxectoria e características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos, etc.

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquivistas da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai sete anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza, así como tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuasen aos principios dispostos na devandita lei.

O incumprimento destas disposicións levou o grupo parlamentario do BNG a incluír na orde do día da Comisión de Educación e Cultura do sete de xuño de 2019 unha Proposición non de lei que foi aprobada con modificacións derivadas da aceptación dunha emenda do PP.

O texto aprobado finalmente por unanimidade foi este:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e remitir á Cámara antes de finalizar a actual lexislatura o Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Este plan incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:

- a) A avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- b) A configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galicia, priorizando aquelas acción que sexan máis urxentes.
- c) A incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan.
- d) Medidas encamiñadas ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal, de acordo co disposto na Lei 7/2004, galega de igualdade entre mulleres e homes.
- e) A planificación temporal para desenvolver as medidas e compromisos orzamentarios para implementar."

Rematada a X Lexislatura e no camiño do ecuador da actual XI, este acordo segue sen ser cumprido, o que compromete a credibilidade desta cámara de representación do pobo.

En novembro de 2021 a Xunta aínda non presentou o Plan de Arquivos da Xunta de Galiza e coas dotacións orzamentarias previstas para 2022 non parece que se poidan abordar as necesidades xa crónicas de espazos e persoal dos arquivos da Xunta proximamente, tal e como acaban de facer público desde BAMAD Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por outra banda, cómpre que desde a Xunta se formulen accións para atender o desenvolvemento dos arquivos municipais, nomeadamente os dos concellos de menos de 10.000 habitantes, que deberían converterse en garantes da memoria rural e que están en grave risco de perda por falta de recursos propios e pola perda de poboación.

Neste sentido, a Xunta de Galiza debería actuar como eixo central da necesaria coordinación interadministrativa e principal axente dinamizador da conservación da memoria local.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Por que o goberno non cumpriu o acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura do sete de xuño de 2019?

. Que medidas ten activado o PP na Xunta neste sentido máis de dous anos despois?

. Que plan de actuación ten previsto desenvolver a partir de agora o goberno do PP para cumprir o acordo unánime desta cámara do Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza?

. Entende o goberno que é necesario deseñar un plan de accións coordinadas para atender o desenvolvemento dos arquivos municipais como garantes da memoria rural, nomeadamente os daqueles concellos con menos de 10.000 habitantes?

. Que accións prevé coordinar neste sentido? Con que temporalización?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 10:21:10**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 10:21:15**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 10:21:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a decisión da Consellaría de Educación de eliminar as probas libres nas seccións da EOI.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación estableceu na circular *Circular 7/2021 pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2021/22*, que as probas de certificación polo réxime libre para este curso se realizasen exclusivamente nas sedes centrais da EOI, vetando a posibilidade de que o alumnado as puidese realizar tamén nas seccións, como viña acontecendo até o de agora.

Esta medida implica unha clara discriminación ao alumnado das vilas e aldeas do noso país que terán que desprazarse en ocasión importantes distancias para poder examinarse nas sedes centrais.

Pero esta medida terá tamén un importante impacto no alumnado que cursan estudos oficiais nas sedes centrais das EOIS que se verán afectados polo impacto das probas libres, así como para o profesorado das seccións que será obrigado no mes de febreiro a cambiar as súas condicións laborais, lugar de traballo e horarios sen ningún tipo de acordo.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión  
4ª :

Vai o Goberno Galego rectificar a decisión tomada unilateralmente na circular  
7/2021 pola que se eliminan as probas libres nas seccións da EOI e garantir que o  
alumnado poida acceder a estas probas nas seccións correspondentes, tal e como viña  
acontecendo até o de agora?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 10:24:00**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 10:24:04**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 10:24:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a exclusión e discriminación da lingua galega na Universidade privada Universidad Internacional de la Empresa.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, o reitor da Universidade Privada da Abanca, Miguel Ángel Escotet, anunciou durante un acto de presentación do escudo e do logotipo desta empresa adicada ao ensino universitario algunhas das características da súa oferta educativa.

No anuncio que fixo o reitor da primeira universidade privada de Galiza, sinalou ata en dúas ocasións que a Universidad Intercontinental de la Empresa terá como únicas linguas vehiculares o castelán e o inglés; amosando un desprezo e unha discriminación cara a única lingua propia de Galiza que non é admisíbel.

A este respecto, cómpre sinalar que no debate de tramitación do proxecto de lei que outorgou a autorización a esta universidade, o BNG presentou propostas para garantir a presenza da lingua galega UIE; pero estas foron vetadas polo Partido Popular.

Así mesmo é importante lembrar que no artigo 15. 2 da Lei de Normalización Lingüística se establece que “*O Goberno Galego e as autoridades universitarias*





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.”*

Do mesmo xeito, no artigo 17.1 sinálase que “*Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obrigatorio o estudio da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquirir a capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.*”

Dende o BNG entendemos que a actitude a UIE amparada e fomentada polo Partido Popular e a Xunta de Galiza supoñen un ataque evidente á lingua galega e os dereitos dos galego falantes, e por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai o goberno galego esixir que a Universidad Internacional da Empresa cumpra coa lexislación lingüística do noso país, garanta os dereitos do alumnado galego falante e cese na súa actitude discriminatoria e galegófoba?

. Que medidas ten pensado adoptar o goberno galego para impedir que a UIE discrimine o alumnado galego falante e discrimine a lingua galega?

. Vai a Xunta de Galiza iniciar o expediente de retirada da autorización á UIE de continuar coa súa política de discriminación e galegofobia?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 10:25:32**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 10:25:36**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 10:25:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liña de axudas para a adquisición de vivenda protexida contempla a subvención pública de entre 12.000 e 20.000€ para as persoas que adquirisen unha vivenda protexida. A última convocatoria destas axudas foi realizada con data de 24 de xullo de 2021, un día despois da súa publicación no DOG. Segundo consta na Resolución de 7 de decembro de 2021 pola que se dá publicidade ao esgotamento de crédito destas axudas, a derradeira solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do crédito para a anualidade 2021 tiña data de entrada do día 28 de xullo de 2021 ás 15.34h, é dicir, que en catro días as axudas estaban esgotadas. Isto parece lóxico se temos en conta que o orzamento total para estas axudas era de apenas 450.000€.

Estas axudas enmárcanse nun modelo de vivenda protexida que non compartimos, xa que persegue exclusivamente a dinamización da construción e a posterior venda dos inmobles e carece de estratexia para o incremento do parque público ou de criterios de accesibilidade. Máis alá das consideracións sobre a idoneidade ou a prioridade destas axudas, resulta evidente que o principal problema é o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

seu nulo desenvolvemento práctico. Unha vez máis estamos ante axudas máis propagandísticas do que axudas con incidencia real.

A realidade é que estas axudas dificilmente poden chegar a todas as persoas que cumpren cos requisitos. Primeiro, pola falta de recursos e, segundo, porque o feito de que se esgote o crédito no mes de xullo, supón de facto a imposibilidade de que todos os contratos asinados nos meses seguintes poidan optar a elas.

Segundo se establece nas bases reguladoras e na convocatoria para o ano 2021, para poder optar a estas axudas os contratos de compravenda destas vivendas deben estar subscritos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. Porén, os contratos asinados con posterioridade ao 28 de xullo non tiveron a oportunidade de beneficiarse destas axudas por estar esgotado o orzamento. Ademais, os posibles beneficiarios que asinasen o contrato con posterioridade ao 30 de setembro, data na que se pechou oficialmente o prazo para a presentación da solicitude, nin sequera puideron concorrer oficialmente.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera a Xunta de Galiza que as axudas cumpren coas expectativas e as promesas anunciadas?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o feito de que se esgotasen estas axudas en tan só catro días?

- Considera a Xunta de Galiza que o orzamento é suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cantas solicitudes de axuda á adquisición de vivenda protexida foron presentadas?
- Cantas destas se resolveron favorablemente?
- Cal é o número de unidades de convivencia que a Xunta calcula que se poderían beneficiar destas axudas?
- Que mecanismos teñen as solicitantes que adquirisen a súa vivenda con posterioridade á data de esgotamento do orzamento para se beneficiaren destas axudas?
- Ten intención a Xunta de Galiza de realizar cambios en futuras convocatorias que permitan garantir que as axudas cheguen a todas as unidades de convivencia que cumpriren os requisitos?
- Cal é o orzamento que considera a Xunta de Galiza que se precisaría para dar cobertura a todas as solicitudes que cumpriren cos requisitos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 10:20:00**

**Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 10:20:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 10:20:14**





## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O principio de transversalidade de xénero constitúe unha premisa básica na planificación e execución das políticas públicas que se están a levar a cabo polo Goberno galego, e polo tanto tamén é un dos principios reitores do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, que ten entre os seus fins impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da administración pública galega, e que se define como un documento marco a partir do cal se trazan as actuacións concretas a realizar para conseguir unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Pero ademais, incardínase nos grandes desafíos aos que a comunidade autónoma de Galicia fixo fronte nos últimos anos, incluso cando nos tivemos que enfrontar a unha pandemia inimaxinable como a COVID-19, a fin de consolidar un modelo de desenvolvemento socioeconómico intelixente e sustentable, desafíos que o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020 recolle como obxectivos de carácter transversal: o impulso da cultura da innovación; o fomento do emprendemento, a industrialización e a internacionalización; a dinamización demográfica e a cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.

O VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 se configurou en tres grandes capítulos: Un primeiro capítulo, que baixo o título de Integración do principio de igualdade nas políticas e accións do Goberno, reúne un total de 12 prioridades de actuación que representan o compromiso da Administración autonómica por consolidar e fortalecer as accións xa emprendidas para mellorar a gobernanza en prol da igualdade de xénero.

Un segundo capítulo, integrado por un total de cinco áreas estratéxicas para a igualdade que foron definidas e deseñadas como ámbitos de actuación estratéxica para seguir traballando en favor da eliminación das desigualdades entre mulleres e homes no horizonte 2021 .



Estas áreas son:

- Área estratéxica 1: Igualdade na educación e nos valores.
- Área estratéxica 2: Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos.
- Área estratéxica 3: Igualdade no emprego e innovación.
- Área estratéxica 4: Igualdade na participación e no liderado.
- Área estratéxica 5: Igualdade na calidade de vida.

E un terceiro capítulo, que aborda os obxectivos e medidas deseñados para a prevención e tratamento da violencia de xénero, articulados en dúas áreas estratéxicas: Sensibilización e prevención e Intervención e integración. A relevancia que a loita contra a violencia de xénero ten para o Goberno galego fai que este Plan aborde nun capítulo independente a planificación para a intervención en materia de violencia contras mulleres durante os vindeiros anos.

O Plan é o resultado do traballo colaborativo dos distintos órganos directivos e entes públicos instrumentais da Xunta de Galicia, que materializando o principio da transversalidade de xénero e baixo outro dos principios orientadores do Plan, a cooperación e coordinación institucional, contribuíron coas súas achegas á elaboración deste instrumento para o seu desenvolvemento ao longo dos últimos catro anos.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- Que valoración fai a Consellería de Emprego e Igualdade sobre o desenvolvemento do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020?
- Cal é a previsión para a elaboración do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?
- Que novos retos deberá abordar para dar resposta ás necesidades que se debullan nos vindeiros catro anos? Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro 2022.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 12/01/2022 10:39:02**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:39:34**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:43:01**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:43:17**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:43:38**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:43:58**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:44:22**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:44:36**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero naceu froito dunha clara demanda social e grazas ao consenso político e co obxectivo de impulsar políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado.

A Xunta de Galicia, facendo propio este compromiso e súa esta loita, pon en marcha instrumentos como as axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero para as asociacións de nais e pais do alumnado dos centros educativos de Galicia.

Esta iniciativa persegue contribuír á formación, sensibilización e información das familias e asociacións de nais e pais na perspectiva de xénero, concienciando ás fillas e fillos, ao alumnado e a comunidade educativa sobre os estereotipos de xénero existentes e visibilizando, deste xeito, as mulleres e as nenas e promovendo unhas relacións respectuosas e en igualdade que preveñan a violencia de xénero.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. A canto ascende a convocatoria para o ano 2021 das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero a iniciativa de Asociacións de Nais e Pais galegas? A cantas ANPAS prevé chegar?
2. Cales son as actuacións concretas que se van financiar?
3. Cal é o balance destas axudas durante o exercicio anterior?

Santiago de Compostela, a 12 xaneiro 2022.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 12/01/2022 10:34:00**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:34:16**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:34:46**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:35:09**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:35:48**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:36:39**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:36:51**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:37:10**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento,

**Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A Constitución española, recoñece, no seu artigo 14, a igualdade ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de sexo e o artigo 9.2 recolle o mandato expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

Este mandato constitucional, ten a súa translación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, que establece esa mesma obriga aos poderes públicos de Galicia. Polo tanto a garantía da igualdade eríxese como o máis firme compromiso de Goberno galego, tal e como proban as múltiples actuacións levadas a cabo nos últimos anos a fin de garantir que mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades e de contribuír a erradicar da violencia de xénero.

Neste sentido, caben destacar, entre outras medidas, as axudas destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, concellos, consorcios, mancomunidades, agrupacións ou asociacións de concellos, para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral a todas as mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalguna situación de especial vulnerabilidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



1.-A canto ascende o total da convocatoria para o ano 2021 das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade e a prevención e tratamento da violencia de xénero?

2.- Cal é orzamento de cada unha das liñas das anteditas subvencións: impulso da conciliación, promoción da igualdade, apoio aos CIM e fomento da sensibilización?

3.- Cal é o balance da inversión da Xunta de Galicia nos programas cos que apoia o labor das entidades locais de Galicia para a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero nos últimos anos? E cantas as mulleres beneficiarias alcanzou?

Santiago de Compostela, 12 xaneiro 2022.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 12/01/2022 10:25:13**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:25:28**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:26:06**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:30:57**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:31:13**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:31:34**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:31:52**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:32:03**





## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

Un dos piares principais da economía galega é o constituído polos traballadores e traballadoras por conta propia, que representa máis de 207.000 postos de traballo, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística e, xunto coas microempresas, supoñen o 97% do tecido produtivo de Galicia.

Trátase pois dun colectivo que, desde as administracións públicas, precisa dunha especial atención para o seu impulso e fortalecemento, tendo en conta o contexto derivado da covid-19.

En resposta a esta situación, o executivo autonómico puxo en marcha unha batería de medidas, como os sucesivos plans de rescate, co obxectivo de amortecer os efectos da pandemia entre os autónomos e autónomas de Galicia. Resulta fundamental para a economía complementar os plans de rescate e as axudas directas con outras medidas de reforzo, que permitan seguir ampliando o valor engadido do mercado laboral galego.

Por ese obxectivo, compre destacar iniciativas como o Programa de Mentoring, promovido pola Xunta de Galicia en cooperación coa Fundación Ronsel, que persegue a redución dos riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, proporcionando ferramentas que permitan a transformación e adaptación dos seus negocios ás necesidades do mercado e ao marco de pandemia no que nos atopamos.

Trátase dun proxecto que se demostrou eficaz na súa anterior edición e que permitiu incorporar, por primeira vez, a titorización entre as políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas.

O Programa de Mentoring exemplifica o esencial do acompañamento aos nosos autónomos na consolidación e pulo dos seus negocios e proxectos, representando o compromiso do goberno galego co traballo autónomo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o balance do Programa de Mentoring?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





2. Cal é a última previsión do Programa de Mentoring Traballo Autónomo?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:25:43**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:26:01**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:26:17**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:26:32**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:26:48**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:27:02**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:27:18**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:27:29**



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

Galicia dispón dunha ampla rede de técnicos de emprego que está especializada no impulso de novas actividades económicas no ámbito local e rural.

O Goberno galego está a potenciar o papel desta rede, financiando a contratación dos axentes, a través dunha convocatoria de axudas de carácter anual.

Este persoal xoga un cometido fundamental como motor do emprendemento e a creación de emprego, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas.

En concreto, os axentes de emprego prestan asesoramento para axudar a emprendedores e empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, contribuíndo, deste xeito, a fixar poboación nestes concellos, un dos principais retos do Goberno.

Entre as funcións dos axentes de emprego destacan a identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores; a difusión dos recursos e oportunidades laborais entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; o apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento; e a implantación de políticas activas de emprego.

A rede distribúese fundamentalmente en concellos e entidades sen ánimo de lucro onde estes axentes prestan os seus servizos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son as características principais da nova convocatoria de axudas para a contratación de axentes para o emprendemento e a creación de emprego?
- 2.- Que criterios ten en conta a Xunta de Galicia para resolvela?
- 3.- Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento desta rede de apoio ao emprego e ao emprendemento?



Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:51:40**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:51:55**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:52:06**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:52:18**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:52:34**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:52:46**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:53:03**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:53:15**



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

A covid-19 está a ter consecuencias non só sanitarias senón tamén en ámbitos como o social, o económico e o laboral, que requiren dunha resposta firme e decidida por parte dos poderes públicos.

Neste sentido, destaca a acción da Xunta de Galicia que vai máis aló da adopción medidas preventivas en materia de saúde pública e das previstas na súa folla de ruta ordinaria.

Así, desde a irrupción da covid-19 na vida das galegas e dos galegos, o Goberno autonómico despuntou no deseño de novas liñas específicas de axuda ou a modificación nas xa existentes, co fin de minimizar as consecuencias negativas da pandemia sobre a poboación e os distintos sectores afectados.

Proba deste compromiso é a convocatoria por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, de axudas de carácter excepcional e extraordinario, para o reequilibrio financeiro dos centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral especialmente afectados pola crise da covid-19, dirixidas garantir a viabilidade e a consolidar os postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, colectivos cuxa integración laboral adoita resultar máis complexa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é a previsión sobre o número de entidades que se poderán beneficiar das axudas dirixidas a garantir a viabilidade e a consolidar os postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social?
- 2.- Cantos postos de traballo de persoas con especiais dificultades para a súa inserción laboral se preservarán?
- 3.- Que outras medidas específicas dirixidas a apoiar aos centros que traballan pola inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión está a levar a cabo a Xunta de Galicia?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:53:52**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:54:05**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:54:19**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:54:30**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:54:51**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:55:02**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:55:18**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:55:29**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

A formación en materia de prevención de riscos laborais permite ás persoas traballadoras adquirir habilidades e competencias que favorecen comportamentos máis seguros no desempeño das distintas actividades laborais e contribúen ao fomento dunha maior cultura preventiva.

Con este obxectivo, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), promove diversas accións formativas en distintos ámbitos de actividade dirixidas a obter a capacitación en materia de prevención de riscos laborais.

Como novidade, pola obrigada adaptación aos condicionamentos propios da situación da pandemia, as accións formativas desenvolveranse na modalidade en liña, a través da aula virtual da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Cómpre lembrar que a Lei de prevención de riscos laborais establece a obriga de proporcionar aos traballadores a formación suficiente e axeitada sobre os riscos que afectan aos seus postos de traballo.

Do mesmo xeito, a normativa vixente encomenda ás administracións públicas o desenvolvemento de accións de formación, información e divulgación que contribúan, xunto aos empresarios e traballadores, ao logro dos obxectivos de mellora progresiva das condicións de traballo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas prazas ofrece o Issga (Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia) en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación?
- 2.- Cantas convocatorias ten previsto impulsar e en que ámbitos?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



3.- Que outras accións desenvolve o instituto neste ámbito?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:56:02**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:56:16**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:56:30**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:56:44**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:57:00**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:57:12**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:57:28**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:57:39**



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

A pesar dos efectos que a pandemia está a causar no mercado laboral do conxunto de España, Galicia está a rexistrar un mellor comportamento que a media nacional.

Sen embargo a pesar destes datos, non podemos esquecer que hai colectivos especialmente sensibles á situación do mercado de traballo, como son os menores de 30 anos, os desempregados de longa duración, as mulleres vítimas de violencia de xénero ou as persoas con discapacidade, entre outros.

Por ese motivo, actuacións como as incluídas na Axenda de Emprego despregada pola Xunta de Galicia, que persegue impulsar o emprego estable e de calidade na nosa comunidade, vólvense fundamentais.

En consonancia con esta folla de ruta e consciente da realidade actual, a Consellería de Emprego e Igualdade aprobou, un ano máis, as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego; os cales se configuran en dúas ordes, a primeira para o desenvolvemento do programa dirixido aos menores de 30 anos e a segunda para o desenvolvemento dos obradoiros duais.

Con todo, estas iniciativas teñen como principal obxectivo que persoas sen emprego amplíen a súa formación ao tempo que acceden a un contrato de traballo e teñen coma fin incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas para minimizar os efectos da crise sanitaria.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascenden as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego na súa última convocatoria, e a cantas persoas prevén beneficiar?
- 2.- Dentro destas axudas contéplanse actuacións específicas para os colectivos especialmente vulnerables?



- 3.- Ten previsto a Consellería primar os obradoiros en función da súa especialización?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:58:09**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:58:27**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:58:38**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:58:51**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:59:12**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:59:26**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:59:40**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:59:52**



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

Desde o comezo da XI Lexislatura e consciente da transversalidade das súas áreas, a Consellería de Emprego e Igualdade, no marco da Axenda de Emprego e en liña co Plan de Reactivación Económica do Goberno galego, está a levar a cabo numerosas iniciativas para preservar a saúde do mercado laboral fronte aos síntomas da covid-19.

Neste sentido, destaca a posta en marcha do Plan de formación para o emprego 2021-2022, dirixido prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas co obxectivo de atender aquelas necesidades non cubertas pola formación programada polas empresas que, adaptándose ao contexto laboral, outorga esta condición tamén as traballadoras e traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) ou por expedientes de regulación de emprego (ERE) por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

Por outra banda, cabe destacar que os cursos tamén están abertos, entre outras, ás persoas asalariadas que presten os seus servizos en empresas ou en entidades públicas, aos traballadores fixos discontinuos en períodos de non ocupación, ás persoas que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo ou a empregados ou socios de entidades da economía social e persoas traballadoras autónomas, proporcionando, deste xeito, unha resposta axustada á actual situación do mercado de traballo.

A finalidade desta convocatoria é financiar programas de formación transversal que favorezan a mobilidade intersectorial dos traballadores e tamén actividades dirixidas a que os alumnos e alumnas vexan acreditada a súa cualificación profesional e obteñan os correspondentes certificados, en definitiva, contribuír á mellora das oportunidades laborais de todas as galegas e galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascende a previsión orzamentaria do Plan de formación para o emprego na súa última edición?
- 2.- A cantas persoas prevé beneficiar e en cantos cursos se vai a artellar?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- 3.- Dentro do marco de desenvolvemento do antedito Plan contémpanse medidas, como a teleformación, que permitan continuar adaptando a formación á actual situación marcada pola covid-19?
- 4.- Que entidades formativas poden acceder ás axudas e a que tipo de custos permiten facer fronte?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 11:00:23**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 11:00:38**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 11:00:49**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 11:01:04**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 11:01:19**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 11:01:30**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2022 11:01:46**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 11:01:55**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

O programa Aprox Economía Social, impulsado pola Consellería de Emprego e Igualdade, ten como obxectivo fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais, cumprindo polo tanto un dobre obxectivo: impulsar a economía social ao tempo que promover a xeración dun emprego de calidade sustentado nos principios da mesma.

Esta iniciativa, que se vén desenvolvendo desde o hai anos, contempla dúas liñas de axudas compatibles entre si.

A primeira, de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, para favorecer a constitución da entidade ou a incorporación de novos socios; e a segunda, de fomento do acceso á condición de persoa socia de cada un dos seus membros, financiando as achegas económicas que deben desembolsar ao capital social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascende a previsión orzamentaria do Programa Aprox Economía Social na súa última edición?
- 2.- A cantas cooperativas prevé beneficiar e cantos novos socios se poderán incorporar a este modelo económico?
- 3.- Que novidades incorpora esta última convocatoria?
- 4.- Cal é o balance do programa executado en 2021?
- 5.- Por outra banda, que outras medidas ten en marcha a Consellería de Emprego e Igualdade para potenciar o movemento cooperativista no marco da Economía Social?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 11:02:30**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 11:02:43**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 11:02:54**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 11:03:10**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 11:03:29**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 11:03:40**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 11:03:59**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 11:04:10**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia propia da nosa comunidade, a promoción do emprego.

Con este obxectivo, a Xunta de Galicia leva anos traballando para mellorar as condicións de empregabilidade das galegas e dos galegos, ao tempo que segue a impulsar medidas para fortalecer a súa inclusión social e laboral, especialmente entre aqueles colectivos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión social.

Para facer máis efectivo este mandato legal, o Goberno galego traballa cóbado con cóbado coas entidades locais a fin de ofrecer un apoio laboral de proximidade, especialmente para as persoas desempregadas.

Ao abeiro desta premisa, a Xunta de Galicia acaba de poñer en marcha novas convocatorias de programas para fomentar a contratación nos concellos galegos.

Un exemplo desta liña de actuación é o programa Aprox Rural, dirixido ás persoas desempregadas para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios. Por outra banda, destacamos as subvencións para á contratación de persoas perceptoras da Risga, dirixidas as entidades locais para a contratación temporal destas persoas có obxectivo de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Por último, subliñar as axudas destinadas á realización de obras ou servizos de interese xeral ou social, que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego, en colaboración coas entidades locais, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascende o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos?



- 2.- Cantos concellos poden solicitar as axudas? E cantas persoas se poderán beneficiar?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 11:04:48**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 11:05:02**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 11:05:20**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 11:05:33**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 11:05:47**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 11:06:00**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2022 11:06:15**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 11:06:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Encarna Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5º de Sanidade, Política Social e Emprego.

A economía social tense demostrado como un motor de crecemento económico sustentable, xerador emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio, no que as entidades que a conforman xogan un papel decisivo. Coñecedor desta realidade, o Goberno galego leva anos traballando intensamente para situar esta forma de entender a economía no lugar que lle corresponde.

Neste sentido cabe destacar a recente aprobación dunha orde de axudas co fin de consolidar a rede Eusumo e dun programa de axudas para apoiar o funcionamento das entidades máis representativas da economía social en Galicia. A primeira medida ten como obxectivo fomentar a economía social a través de actividades formativas, divulgativas, de investigación ou de asesoramento, das entidades adheridas a rede Eusumo, que actualmente está conformada por 223 entidades (entre deputacións e concellos, cooperativas, sociedades laborais, confrarías de pescadores, empresas de inserción laboral, centros especiais de emprego, asociacións empresariais, universidades, fundacións e cámaras de comercio).

A segunda iniciativa procura un axeitado desenvolvemento das asociacións e organizacións máis destacadas da economía social, co fin de favorecer a súa consolidación, a través de apoios para financiar os gastos de funcionamento das entidades beneficiarias, dando así resposta a un dos retos da Estratexia galega de economía social 2019-2021.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é dotación orzamentaria prevista para levar a cabo as últimas actuacións en materia de economía social publicadas pola Consellería de Emprego e Igualdade?





2-A Cantas entidades prevé beneficiar a orde de axudas para a rede Eusumo?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro 2022.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 12/01/2022 11:10:18**

**María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 11:10:36**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 11:10:55**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 11:11:25**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 11:11:46**

**José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 11:12:26**

**Noelia Pérez López na data 12/01/2022 11:12:43**

**López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 11:13:02**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observamos case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, se usa para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesarios, polo que terminan por se deterioraren e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.



O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Parlamentario Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara galega, a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e saíu aprobada a iniciativa por unanimidade. Portos de Galicia debe posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

O concello de Burela dispón de varios parques e espazos ao aire libre pero ningún deles está expresamente destinado ao ocio da xuventude, quedando sempre relegados a unha pequena zona pouco funcional e que non satisfai as súas inquiredanzas e necesidades. Formúlase a proposta de dedicarlles un espazo en exclusiva, que poidan sentir como propio, pensado para cubrir diferentes aspectos propios da idade, nun espazo seguro e facilmente accesible que se poida desfrutar por diferentes idades da xuventude segundo os seus gustos, afeccións ou preferencias.

Un espazo que reúne as ditas condicións é a parcela fronte ao número 7 da travesía do Porto, integrada dentro do espazo portuario. A parcela atópase nun extremo, polo que sería facilmente prescindible para o sistema xeral portuario e sería moi necesario que se recuperase para os sistemas locais de espazos libres. É unha parcela de aproximadamente 1.900 m. cadrados, rectangular e sensiblemente horizontal.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Por que Portos de Galicia se nega a reverter a titularidade da parcela número 7 da Travesía do Porto (Burela) a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:20:31**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 11:39:49**  
**Nº Rexistro: 27482**  
Data envío: 12/01/2022 11:39:49.952

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:20:47**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesario, polo que terminan por se deteriorar e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, por proposta do Grupo Parlamentario Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade



autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Parlamentario Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara galega, a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e saíu aprobada a iniciativa por unanimidade. Portos de Galicia debe posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

Os sendeiros azuis son itinerarios que enlazan, atravesan ou parten de praias, portos ou centros de interpretación que foron galardoados coa Bandeira Azul en 2021. A vontade da iniciativa é a de fomentar a conexión da rede de lugares con Bandeira Azul mediante sendeiros que axuden a poñer en valor espazos naturais e de interese cultural e patrimonial próximos a praias ou portos deportivos que contén coa Bandeira Azul.

Burela conta cun sendeiro azul, a “Ruta do litoral burelés”. O trazado da senda achégase ata o “Mirador da Limosa” pero debe regresar sobre os seus pasos por non contar con continuidade no trazado.

O Mirador da Limosa é un espazo singular, tanto polas atractivas vistas ao porto de Burela e ao Mar Cantábrico, sendo doado desde o mesmo identificar e explicar a dinámica de traballo e funcionamento dun porto destas características, como pola importancia arqueolóxica e xeolóxica do seu enclave. Nel atopáronse restos do Hipocausto Romano do Campón, en setembro de 2004, e os técnicos de Patrimonio concluían que os restos atopados configuraban os vestixios dunha terma romana.

A zona xeolóxica de Castrelo -O Perdouro- é un dos espazos máis interesantes, xeoloxicamente falando, da península Ibérica e está actualmente catalogado como LIC (lugar de interese comunitario). No enclave obxecto desta exposición, onde se situaba a antiga praia de Castrelos, atópanse pregos de escala métrica, que forman a rasa Cantábrica.

Dado os múltiples intereses que conflúen na zona é necesario mellorar a súa contorna para facela máis accesible, atractiva e didáctica para o conxunto da poboación, así como aquelas persoas que visitan a vila.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:



Cales son os motivos polos que Portos de Galicia se nega a reverter a titularidade do enclave coñecido como o Mirador da Limosa de Burela, a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:21:42**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:21:55**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O informe do Eixo Atlántico de 2016, sobre o Porto Seco de Monforte de Lemos, reflicte que: “O Porto Seco de Monforte é un proxecto que leva demasiados anos estancado, especialmente se consideramos a importancia que ten, dende o punto de vista estratéxico e económico, non só para o eixe interior de Galicia, o menos desenvolvido, senón para a fachada marítima, en termos portuarios, e *por ende*, para o conxunto dunha euro rexión na que viven 7 millóns de cidadáns, e na que intentan traballar sen ter que emigrar novamente, a maior parte deles”.

Estancado no tempos atópase este proxecto de plataforma loxística que xa foi anunciada polo señor Fraga no ano 2011 e inaugurada polo señor Feijóo no ano 2014, e máis de 7 anos despois desta inauguración non existe alí instalada ningunha empresa.

Polo tanto, é urxente que canto antes se lle poña remedio a estas carencias que leva arrastrando o Porto Seco de Monforte dende a súa inauguración e é o momento de que unha vez por todas a Xunta de Galicia cumpra os seus compromisos con Monforte de Lemos.

O Porto Seco de Monforte é competencia da Xunta de Galicia pero teno totalmente abandonado e non atende á necesidade de dotar a este centro loxístico intermodal duns accesos que lle permitan ser operativos mediante o viario de conexión coa N-120. A estas alturas segue pendente a execución do tramo de menos de 1 km de largo que contemplaría os accesos do Porto Seco coa N-120. Ata o de agora o seu único acceso viario vai dar ao viario que une Monforte coa Pobra de Brollón, unha vía de comunicación estreita e sen beiravía, pouco axeitada para o tipo de tráfico que debe de xerar este parque empresarial.

E que nin sequera foi capaz o Goberno galego de construír o peirao de carga e descarga, dispositivo fundamental este para que o parque industrial se poida considerar intermodal, xa que sen un sistema así non sería posible o trasvase de mercadorías operativo entre a terminal ferroviaria e nas parcelas acondicionas ao seu lado.





Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

1ª) Cando ten pensado a Xunta de Galicia rematar a conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa N-120?

2ª) Vai a Xunta de Galicia habilitar un peirao intermodal no Porto Seco de Monforte?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:22:43**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 10:22:57**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O anuncio da empresa Vestas de pechar as súas instalacións en Chavín (Viveiro) supón, por desgraza, un novo revés para a Mariña de Lugo, unha comarca que leva xa varios anos sufrindo as consecuencias da inacción e a falta de política industrial da Xunta de Galicia. A pesares de que o artigo 30.1 do noso Estatuto de autonomía atribúe ao Goberno galego a competencia exclusiva en “fomento e planificación da actividade económica de Galicia”, o Partido Popular non fixo absolutamente nada ao respecto nos 12 anos ao fronte da Xunta de Galicia.

Ante a pasividade do Goberno da Xunta, o sector industrial galego perdeu arredor de 12.000 empregos nos anos anteriores á pandemia, e o seu peso no conxunto do PIB, o cal leva en caída moitos anos, redúcese a apenas un 16 %. Mentres, países da fachada atlántica como Irlanda, cunha cultura que garda moitos puntos de contacto coa galega, o peso da industria no PIB acada o 33 %.

Co Partido Popular, en Galicia pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. Os dous millóns de metros cadrados de parcelas baleiras que suma Xestur son a mellor testemuña visual do fracaso da política industrial do Goberno autonómico. Mentres, os noso veciños do norte de Portugal atraen non só empresas estranxeiras senón que ofertan a empresas galegas condicións máis vantaxosas das que estas atopan por parte da Xunta de Galicia.

A Mariña lucense, que leva tempo inmersa na preocupación xerada pola multinacional Alcoa, suma agora a ameaza de peche dunha nova industria importante, para a comarca e a súa provincia, sen que chegue dende o Goberno galego un só proxecto, un só plan pensado para reactivar a economía lucense.

O PSdeG reclamou en varias ocasións ao Goberno da Xunta de Galicia un plan de industrialización para a Mariña lucense e para o conxunto da provincia de Lugo, sen obter outro resultado que o silencio. E cómpre lembrar que xunto coas competencias mencionadas no punto 1, do artigo 30 do noso Estatuto recolle competencias en industria (punto 2), así como os “programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas” (punto 7b) e os “programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”.



A Mariña lucense está a sufrir unha crise industrial de perda de emprego e de proxectos de futuro, motivada porque a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias nin fai o seu traballo.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo un plan de reindustrialización para a Mariña lucense, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:25:45**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 10:25:59**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 10:26:12**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:26:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o incumprimento da denominación toponímica oficial galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece no seu artigo 10.1 que os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega.

Correspóndelle á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais cos que se identifica o noso territorio, así como velar polo seu cumprimento interinstitucional.

Reiteradamente asistimos ao incumprimento desta máxima legal coa correspondente falta de respecto á sociedade galega, tal e como consta en reiteradas iniciativas rexistradas e mesmo debatidas neste Parlamento por parte do grupo parlamentario do BNG.

Nesta ocasión volvemos denunciar o incumprimento da legalidade toponímica por parte da compañía aérea Iberia.

As aeronaves de Iberia de fuselaxe ancha, destinada habitualmente a voos intercontinentais (Airbus 330 e Airbus 350) contan nas súas butacas, en todas as clases, con pantallas con sistema de entretemento para a pasaxe ofrecendo opcións como películas, series, xogos, documentais e tamén un mapa interactivo que vai amosando aos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pasaxeiros a ruta que segue o avión, onde se atopa, a distancia ao destino, temperatura, etc.

Neste mapa interactivo, ao se achegar o avión a Galiza, aparecen os topónimos de varios lugares deturpados; La Coruña, Orense, Villagarcía de Arosa, Vivero, Villalba...

Para alén do incumprimento da legalidade, non debemos esquecer que esta é a primeira referencia que reciben moitas persoas que viaxan por primeira vez a Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta do incumprimento do artigo 10.1 da Lei de normalización lingüística por parte da empresa aérea Iberia?

. Ten realizado algunha xestión a Xunta demandando a reparación da toponimia galega?

. Que medidas está a implementar para resolver este incumprimento da Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:40:27**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 11:40:47**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:40:58**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 512B de construción, conservación e explotación de estradas, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 512B relativa á construción, conservación e explotación de estradas?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este grao baixo de execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 512B se poden acadar os obxectivos previstos?

3ª) Cal ou cales son os motivos desta baixa execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 512B?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:27:58**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 10:28:11**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 513A de construción, conservación e explotación portuaria, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 513A relativa a construción, conservación e explotación portuaria?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este grao baixo de execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 513A se poden acadar os obxectivos previstos?

3ª) Cal ou cales son os motivos de esta baixa execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 513A?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:29:01**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:29:15**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 514A de infraestruturas pesqueiras, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 514A relativa a infraestruturas pesqueiras?
- 2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este grao baixo de execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 514A se poden acadar os obxectivos previstos?
- 3ª) Cal ou cales son os motivos desta baixa execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 514A?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:30:29**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:30:43**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca?
- 2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este grao baixo de execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 723B se poden acadar os obxectivos previstos?
- 3ª) Cal ou cales son os motivos de esta baixa execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 723B?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:31:57**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:32:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros (Allariz).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven realizando diversas actuacións de acondicionamento dos Camiños de Santiago, ao fin de facilitar o transito das persoas que decidan peregrinar a Santiago de Compostela.

Entre esas actuacións inclúese a realizada na denominada Vía da Prata ou Camiño Mozárabe, ao seu paso pola parroquia de San Miguel de Torneiro, no concello de Allariz. A actuación de “mellora do Camiño” consistiu na colocación dunha ringleira de pedras que permite a peregrinación pola Vía da Prata sen necesidade de que as camiñantes pisen en terreos poeirentos ou embarrados. Mais o xeito en que se executou a obra supuxo unha alteración -elevación- do nivel do terreo que dificulta a circulación e impide o aceso en condicións de seguridade, ás fincas lindeiras que, na meirande parte dos casos, son de uso agrario.

Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que nos casos nos en que sexa necesaria a realización de actuacións de acondicionamento e mellora dos camiños de Santiago debe realizarse de xeito que sexa compatíbel coa continuidade da normal utilización das fincas polas que circule e sen impedir, nin facer máis gravoso, o aceso ás





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mesmas polas súas usuarias, posibilitando a explotación para os fins que lle son propios. Algo que non aconteceu no caso da intervención realizada na Vía da Prata ao seu paso pola parroquia de Torneiros, en Allariz.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que informes técnicos solicitou a Xunta de Galiza con carácter previo á intervención realizada no camiño denominado Vía da Prata, ao seu paso pola parroquia de San Miguel de Torneiros, en Allariz?

. Considera a Xunta de Galiza que a obra executada dificulta ou mesmo impide o aceso rodado en condicións de seguridade ás fincas que lindan con Camiño?

. Ten previsto a realización dalgunha actuación para corrixir os prexuízos provocados?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:43:14**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 11:43:19**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:43:27**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este grao baixo de execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 723C se poden acadar os obxectivos establecidos?

3ª) Cal ou cales son os motivos desta baixa execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 na partida 723C?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:33:43**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:34:17**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O pasado 27 de setembro a conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia anunciaba na parroquia de Aldurfe, no concello de Riotorto, que nese núcleo se instalaría a nova planta de residuos que daría servizos aos concellos da contorna: A Pontenova, Meira, Pastoriza, Pol e Ribeira de Piquín.

Pero trala presión dos veciños e veciñas, que viron como este proxecto da planta de residuos afectaba ás súas explotacións gandeiras e incluso ás súas vivendas, a Xunta de Galicia e o Concello de Riotorto recuaron con esta radicación, e nestes intres están a buscar un novo emprazamento dentro do concello de Riotorto.

Os alcaldes da contorna do concello de Riotorto tamén amosaron o rexeitamento a radicación manifestada pola Consellería de Medio Ambiente e polo Concello de Riotorto e enviaron unha carta ao Goberno galego no que se queixaban da falla de transparencia e opacidade coa que Sogama, dependente da Consellería de Medio Ambiente, e o Concello de Riotorto estaban a actuar en relación coa nova radicación da planta de residuos urbanos.

Os alcaldes da Pontenova, Meira, Pol, Pastoriza e Ribeira de Piquín amosaban o seu desacordo con que Riotorto sexa o núcleo elixido para a esta nova planta, xa que construír esta planta nese emprazamento encarecería considerablemente os custes económicos desta nova dotación, xa que o punto limpo Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) xa conta con infraestrutura e non se partiría de cero como no caso de Riotorto. Ademais de que a estes concellos implicados lles afectaría negativamente o emprazamento en Riotorto por mor da distancia e dos quilómetros existentes entre os concellos.

Polo tanto, consideran que o mellor emprazamento para esta nova dotación, que ten que dar servizo a todos estes concellos: Riotorto, A Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol e Ribeira de Piquín, é o punto limpo da Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) que xa conta con dotacións de auga, luz e accesos, no que só habería que ampliar as instalacións, e non afectaría nin a explotacións gandeiras nin á veciñanza da contorna.



Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal ou cales son o motivos que xustifican que a Xunta de Galicia queira instalar a nova planta de residuos no concello de Riotorto?

2ª) Pensa a Xunta de Galicia que o concello de Riotorto é o mellor emprazamento para esta nova planta de residuos que ademais tamén presta servizo aos concellos da Pastoriza, A Pontenova, Meira, Pol e Ribeira de Piquín?

3ª) Porque non valora a Xunta de Galicia emprazar esta nova planta de residuos no punto limpo Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) que xa conta con dotacións de auga, luz e con accesos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:35:51**

**Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2022 10:36:05**

**Paloma Castro Rey na data 12/01/2022 10:36:22**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Mariña lucense conta con dúas das principais lonxas europeas: Burela e Celeiro, xuntas moven case o 26 % da facturación e o 23 % dos peixes e mariscos frescos de Galicia. As cifras falan por si soas: 423 millóns de quilos e 1.258 millóns de euros nos últimos 10 anos.

A pesar destas cifras nesta comarca non se poden formar patróns de litoral e outros mecánicos navais. Os traballadores da Mariña lucense teñen que se desprazar para facer esta formación a outras comarcas cos inconvenientes e dificultades que isto implica, xa que A Mariña de Lugo é a única gran área pesqueira do noroeste español sen ensinanzas náutico-pesqueiras.

Polo anteriormente exposto é necesario que estas ensinanzas se realicen na Mariña. Dende Celeiro o propio sector reclama que para o vindeiro curso en Viveiro se imparta o ciclo medio de FP que forme patróns de litoral e outros mecánicos navais. Persoal titulado que tanto precisan as frotas de Celeiro e de Burela, xa que faltan mandos para o seus barcos. Situación esta que se podería ver agravada aínda máis nos vindeiros anos polas inminentes xubilacións.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Ten pensado a Xunta de Galicia implantar na Mariña lucense, no vindeiro curso académico, ciclos formativos da familia Náutico-pesqueira que formen patróns de litoral e outros mecánicos navais?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:37:23**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 11:45:27**  
**Nº Rexistro: 27495**  
Data envío: 12/01/2022 11:45:27.114

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:37:35**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A principios de ano celebrouse unha reunión das 10 comunidades e cidades autónomas con competencia na xestión da Rede Natura 2000 Mariña, co secretario de Estado de Medio Ambiente, dentro do proxecto LIFE INTEMARES.

Nesa reunión, o Goberno de España reafirmou o seu compromiso de acadar o 30 % das áreas mariñas protexidas para 2030, polo que é imprescindible para iso a coordinación interadministrativa e a implicación nas actuacións conxuntas de conservación mariña. Reto de acadar o 30 % en 2030 de Áreas Mariñas Protexidas, tal e como marca a Estratexia de Biodiversidade 2030 da Unión Europea e a Declaración de Emerxencia Climática do Goberno de España.

O medio mariño é o máis exposto a danos medioambientais irreversibles. Agora chegan menos sustratos ao mar, pero máis fertilizantes. O maior problema do noso litoral é a eutrofización, como principal ameaza para o ecosistema na zona costeira, non sendo a pesca a culpable da situación na que se atopan os recursos.

Por iso, son necesarias medidas, como está a reclamar o sector, para garantir o bo estado das augas e así protexer os recursos pesqueiros e o ecosistema.

É preciso minimizar as afeccións das diferentes actividades humanas sobre os caladoiros e zonas de pesca, con especial atención ás pesquerías tradicionais. Tamén é necesario, como reclama o sector, ampliar e reforzar a Rede de Reservas Mariñas en Galicia, que non foron máis aló das Illas Atlánticas e as de Interés Pesqueiro nunha zona pequena da Costa de Morte (creada no ano 2007 nos Miñarzos, Lira) e a da ría de Cedeira en 2009. É necesario reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro como motor de conservación e rexeneración do recurso pesqueiro e apoio á pesca artesanal, ao tempo que se acadaría o rendemento máximo sostible sobre as poboacións de especies comerciais e reducir a afección das actividades pesqueiras sobre a biodiversidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:



Considera necesario a Xunta de Galicia reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:38:57**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:39:10**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Hai máis de 11 anos e medio, o 8 de abril de 2010, aprobábase nesta Cámara, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, na que xa se lle reclamaba ao Goberno da Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá.

O ano 2010 era Ano Santo, e que a iniciativa fose presentada polo PP, o partido no goberno autonómico, circunstancias estas que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións, e a decisión da Deputación de Lugo levou a Pleno unha proposta, en data 26 de xullo de 2011, na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Proposta esta aprobada tamén por unanimidade.

O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesares da aprobación por unanimidade daquela iniciativa parlamentaria do PP do ano 2010. A pesares do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así como pola Asociación de Amigos do Camiño na Provincia de Lugo. E tamén a pesares das reclamacións efectuadas polos alcaldes e alcaldesas da Mariña o longo destes 10 anos.

Impulsar o Camiño do Mar é fundamental para promover a actividade turística que xoga un papel determinante na dinamización económica. E hoxe é máis urxente que nunca, na comarca da Mariña lucense, que precisa dunha aposta decidida de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito moi especial, dun turismo moi golpeado polas limitacións impostas polas necesidades sanitarias.

Ao longo dos anos a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na *web* oficial do Xacobeo.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dous camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira consérvanse case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención aos viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro, ou Santiago de Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña.



En data 21 de abril de 2021 apróbase por unanimidade nesta Cámara unha proposición non de lei en comisión do PSdeG, transaccionada co Grupo Parlamentario Popular cuxa parte resolutiva di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recoñecer o carácter oficial da ruta xacobeá coñecida como Camiño do Mar, que discorre polas vilas lucenses de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo e prosegue pola provincia da Coruña, vía Mañón, Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón ata Neda, e o inclúa en todas as accións de promoción turística, divulgación e reactivación económica ligadas á celebración do Ano Xacobeo 2021-2022”.

A mediados de xuño deste ano obtíñase o recoñecemento da Igrexa ao Camiño do Mar. Polo tanto, dábase un paso máis para que a Xunta axilizase os trámites para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá. É preciso que a Xunta oficialice de maneira administrativa esta ruta.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os pasos dados pola Xunta de Galicia, dende o último acordo do Parlamento de Galicia de data 21 de abril de 2021, para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:40:22**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:40:36**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 10:40:46**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Onte, día 22 de novembro de 2021, Galicia vivía un día histórico coa viaxe en probas do AVE a Galicia, que conecta Ourense con Madrid. A partir do día de hoxe os billetes para esta viaxe poranse á venda e a partir do día 21 de decembro comezarán a circular os trens comerciais, confirmándose, por tanto, o compromiso do Goberno central de que a posta en servizo do tren de alta velocidade a Galicia chegaría a finais deste ano.

Pero a pesar dos compromisos do Goberno central comunicados ao Goberno galego en relación coa data de chegada do AVE a Galicia, foron numerosas as declaracións do Goberno galego cuestionando e negando publicamente que estas obras estarían rematadas en 2021.

A Xunta de Galicia dicía a finais de 2020 que tiña serias dúbidas de que o AVE chegara a Galicia en 2021. O presidente da Xunta chegou a afirmar que o tren de alta velocidade non estaría listo no ano 2021, e para iso aludía a informes que manexaba o seu goberno. Pero é que o señor Feijóo foi máis aló nas súas declaracións e chegou a afirmar “É bo non enganar a ninguén. Non imos ter tren de alta velocidade ni en 2020 ni en 2021, pasará o ano Santo e Galicia non terá tren de alta velocidade que a conecte con Madrid”.

A verdade é, que a postura negacionista do Goberno galego en relación cos avances en materia de infraestruturas que chegan dende o Goberno central, non se cingue só á chegada do AVE a Galicia senón que tamén aconteceu o mesmo no relativo á chegada das bonificacións históricas nas peaxes da AP9, nos que o Goberno galego chegou a afirmar, (enganando á cidadanía, como os feitos así o confirmaron,) que a Xunta tiña que se enterar polos medios de comunicación que en xullo no habería descontos na AP9, e que a ver se chegaban en agosto.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Por que a Xunta de Galicia mantén unha posición negacionista no relativo á chegada de avances e melloras nas nosa infraestruturas por parte do Goberno



central, nomeadamente coa chegada do AVE a Galicia e coas bonificacións das peaxes na AP9?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:42:59**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 10:43:12**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Recentemente, levábase adiante o acordo entre a UE e Noruega, que lle permite a España, e especialmente ás froas pesqueiras de País Vasco e Galicia, a captura de 5.300 toneladas de bacallau ártico.

Tamén nestas datas pechábase o acordo de reparto de cotas pesqueiras para o ano 2022. No Consello de Ministros de Pesca da UE, celebrado neste mes de decembro, negociáronse e pecháronse TAC, totais admisibles de capturas, e cotas para o vindeiro exercicio 2022.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia o reparto de cotas pesqueiras para o ano 2022?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do acordo entre a UE e Noruega no reparto de bacallau ártico?

3ª) Cal foi a aportación da Xunta de Galicia de cara ás negociacións de TAC e cotas para o exercicio 2022?

4ª) Cal foi a aportación da Xunta de Galicia de cara ás negociacións entre a UE e Noruega no reparto de bacallau ártico?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:46:52**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:47:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

Estes días estivo presente nas redes sociais o acaecido coa lingua galega e a Real Federación Galega de Fútbol, ao rexeitar esta un certificado de empadramento dun aspirante a federarse por estar en galego.

Como é ben coñecido, a Lei 11/1997, 22 de agosto, xeral do deporte de Galiza recolle no seu artigo 28 que as federacións deportivas galega son entidades privadas con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. No seu artigo 30 a mencionada lei decláraas de utilidade pública.

Os Estatutos da RFGF no seu artigo 1.5 recollen que: A RFGF non admite ningún tipo de discriminación por ela ou polos seus membros, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. No 1.6 recollen: A lingua galega, como lingua propia da Comunidade Autónoma de Galiza, tamén o é da RFGF, en réxime de cooficialidade coa lingua castelá. Os órganos da RFGF garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Dito isto, está claro que calquera federación deportiva está rexida pola lei e polos seus propios estatutos, moi lonxe de poder actuar con arbitrariedade, é máis, debe ser especialmente escrupulosa pola entidade que ten e polos valores que representa.

O feito de conculcar os dereitos lingüísticos na Galiza desgrazadamente pode verse nun contexto de falta de respecto á lingua propia e por isto e polos danos causados ás persoas podémolo considerar un feito gravísimo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Que cualificación lles merece o feito relatado e en que contexto o enmarcan?

Como vai actuar o goberno galego para garantir os dereitos lingüísticos das e dos deportistas galegas na Galiza tal e como marcan as diversas normativas?

Que medidas concretas van tomar a respecto deste caso?

Que medidas van tomar para evitar a exclusión lingüística que provoca a RFGF no futuro?

Entenden que estas actuacións son acordes á carta europea de dereitos lingüísticos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como van facer vostedes que a RFGF cumpra coa Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:47:33**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 11:47:37**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:47:45**

**María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2022 11:47:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas da Xunta para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A medida que vai avanzando o curso escolar 2021-2022 son cada vez máis as evidencias da que está a ser unha realidade discriminatoria nos espazos educativos para coas persoas xordas.

Día tras día multiplícase o coñecemento público de numerosas denuncias de familias que constatan a falta de recursos suficientes nos colexios e institutos que están a privar as súas crianzas da necesaria inclusión educativa. Unha falta de recursos imprescindíbeis que este curso se está a facer aínda máis notoria.

As familias e os colectivos de persoas xordas veñen denunciando reiteradamente como os centros educativos non ofrecen un recurso fundamental para garantir a aprendizaxe das crianzas xordas como é a figura do intérprete de lingua de signos a tempo completo ao longo de toda a xornada educativa.

A limitación do horario de apoio por parte dun intérprete no acompañamento educativo, xunto á escasa presenza de profesionais especialistas de Atención e Linguaxe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

con coñecemento de lingua de signos, está a provocar a exclusión do alumnado xordo do seu dereito fundamental á educación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedor o goberno das deficiencias de atención que presentan os centros educativos pola falta de suficientes intérpretes en lingua de signos e de especialistas de Audición e Linguaxe con esta formación complementaria?

. É consciente a Xunta de que esta infradotación educativa está a conducir á exclusión educativa do alumnado xordo?

. Comparte o goberno a afirmación de que esta atención insuficiente do alumnado xordo conduce ao seu fracaso escolar?

. Dirixíronse ao goberno as familias do alumnado xordo? Que resposta lles trasladou a Xunta?

. Que razóns explican que o goberno aínda non teña cuberto todas as necesidades de intérpretes de lingua de signos?

. Que razóns xustifican que as familias teñan que loitar, curso tras curso, para que os seus fillos e fillas vexan garantido o seu dereito a unha educación pública, de calidade e inclusiva?

. Que medidas e accións está a pór en marcha o goberno do PP para reparar a grave discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación de calidade e inclusiva?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:49:52**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 11:50:05**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:50:15**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Marín Seco García**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Coincidindo cos diferentes gromos da Covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu o ano pasado un 42 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos.

Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite.

A consecuencia de todas estas circunstancias é que cada vez son máis os hostaleiros que deciden poñer o seu bar, cafetería, restaurante ou pub á venda, aluguer ou traspaso. No último ano, dous de cada dez establecementos de hostalería de Galicia víronse obrigados a baixar a persiana definitivamente. En total, no ano do coronavirus, case 3.400 hostaleiros/as da comunidade víronse obrigados a pechar os seus negocios, unha media de case 10 ó día.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco.

A isto temos que engadir a improvisación nas medidas ás que están expostos tódolos locais de hostalería por parte da Xunta de Galicia e as escasas axudas postas en marcha pola administración autonómica para este sector tan golpeado por esta crise.

Por outra banda, a obrigación de presentar un certificado COVID para acceder ó interior dun establecemento hostaleiro e locais de ocio nocturno nos concellos con máis elevada incidencia do virus careceu de vixencia o non ser autorizada xudicialmente. Mentres o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) non rexeitou esta medida, os hostaleiros durante varias semanas tiveron que solicitar a súa clientela este certificado, perdendo así moitos clientes e en consecuencia perdendo moitos ingresos despois dun ano en crise deste sector.





O rexeitamento por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia á petición da Xunta de Galicia para que determinados establecementos tiveran a obriga de solicitar aos clientes o certificado da covid é un claro exemplo da mala xestión do Goberno autonómico galego e da súa improvisación constante.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia concluíu que a medida non era axeitada, xa que non impide o contaxio, nin é necesaria, polo menos, "no grao que sería esixible".

Na súa resolución, os xuíces tamén consideran que non é "xusto demonizar o sector dos servizos de hostalería establecendo agravios comparativos con outras actividades comerciais que se desenvolven en lugares pechados, como establecementos comerciais ou grandes superficies nas que, a pesar do seu uso masificado, non é necesaria a exhibición de ningún documento médico para o seu acceso"

Por todas estas circunstancias o Grupo Parlamentario Socialista vemos imprescindible que a Xunta de Galicia elabore un plan de reactivación a medio e longo prazo para que a hostalería ó longo de 2022 poda recuperarse da crise pola que pasou no ano 2020 e pola que esta pasando neste ano.

Polo exposto, a deputada e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai elaborar a Xunta de Galicia un plan de reactivación para a hostalería a medio e longo prazo onde se recolla un plan de indemnización para os locais que tiveron que pechar, ampliar os aforos e horarios e medidas estables para que se leven a acabo tanto no interior coma no exterior dos locais de hostalería?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia ter unha xuntanza con todo o sector hostaleiro para incluír as súas aportacións nese plan de reactivación?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 11:53:39**  
**Nº Rexistro: 27503**  
Data envío: 12/01/2022 11:53:39.945

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:41:19**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 10:41:28**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da COVID-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afrente a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas reclamamos á Consellería de Sanidade medidas urxentes no Centro de Saúde de Redondela. O Centro de Saúde conta nestes



momentos con cinco médicos/as menos ó non realizarse substitucións do persoal que está de baixa ou de vacacións. A esta situación súmase o feito que dende o pasado 26 de xaneiro, o Centro de Saúde non conta cun xefe/a de servizo, algo que empeora aínda máis a situación da Atención Primaria nesta vila.

A falta de persoal no Centro de Saúde –5 facultativos/as menos que os que ten asignado– inflúe negativamente na Asistencia Primaria xa que os médicos e médicas que agora están traballando, atópanse con que contan case que con 60 pacientes diarios nas súas axendas, cando habitualmente eran 40, co conseguinte deterioro do servizo e a gran carga de traballo para os facultativos/as ao ter que atender todo os pacientes de Redondela con menos persoal.

A situación na que se atopa a Atención Primaria en Redondela é moi alarmante, mostra delo é que existen cupos que non teñen médico de urxencias, pacientes aos que cada vez atende un médico/a diferente e que polo tanto non contan co seguimento que sería desexable e esperas de máis de 15 días para as citas telefónicas.

É unha vergoña a atención sanitaria que presta a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aos veciños e veciñas de Redondela, pola contra a atención dos traballadores/as sanitarios do Centro de Saúde é excepcional, multiplican o seu traballo para poder paliar a situación de falla de persoal.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se cubran as baixas dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Redondela e así poñer fin o desmantelamento da atención primaria neste municipio.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a cubrir as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:43:16**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:43:26**

**Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 10:43:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A quinta vaga da pandemia da COVID-19, con casos máis leves debido ao protagonismo da mocidade e ao progreso da vacinación, presionou principalmente na cidade de Vigo aos servizos de atención primaria e urxencias.

No Hospital Álvaro Cunqueiro viviron o verán con maior actividade da súa historia nas urxencias. Non só polas consultas relacionadas coa COVID ou coa súa vacinación, senón tamén pola sobrecarga dos centros de saúde.

A media diaria de visitas ó servizo de adultos do Hospital Álvaro Cunqueiro nunca baixou dos 300, no pasado mes de xullo alcanzou o récord estival das 400 consultas e en agosto 388.

As consecuencias desta situación é o esgotamento físico e mental dos profesionais que están neste servizo de urxencias na cidade de Vigo.

Por outra banda, a sobrecarga á que está sometida a Atención Primaria, co enorme volume de casos COVID leves ou asintomáticos que tiveron que xestionar na época de vacacións e sen substitucións, tamén derivou nun bo número de asistencias ás urxencias hospitalarias. Uns 80 pacientes ó día chegan ó Hospital Álvaro Cunqueiro alegando que non atopan outra vía para ser atendidos.

Nestas circunstancias desde o servizo de urxencias deste hospital manifestan que non se está facendo o uso máis correcto do servizo de Urxencias, soamente un 60 % dos casos que atenden son realmente urxencias. Este debería ser un recurso que se chegara previo paso polo médico de familia, polo Punto de Atención Continuada ou por unha chamada O 061. Sen embargo, tan só unha cuarta parte chegan derivados.

Hai que destacar a importancia que ten para o servizo de Urxencias o labor que realizan os médicos de Atención Primaria. Entre outras cousas están percibindo como a sobrecarga da pandemia levou a un deterioro no seguimento de pacientes crónicos, chegan en peores condicións e requiren uns ingresos que antes



evitábanse. Por iso é tan importante o gran traballo que fan os médicos/as de familia.

Có elevado porcentaxe da poboación inmunizada frete a COVID-19, o 70 % na área da poboación, e o descenso da incidencia da quinta vaga, é un bo momento para retomar a cita presencial nos centros de saúde de toda Galicia. Así reduciríanse o número de consultas, xa que se evitaría a duplicidade dunha primeira chamada telefónica e unha posterior citación presencial ó considerar o médico que debe ver ó paciente. Tamén seguimentos telefónicos durante varios días que se limitarían a unha consulta de acto único cunha valoración presencial realizando unha exploración adecuada do paciente.

No pasado mes de outubro os socialista xa rexistramos unha iniciativa instando á Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde de Vigo e nos PAC para que os vigueses e viguesas teñan unha mellor atención sanitaria, especialmente en pediatría.

Un ano despois a situación non mellorou, senón que foi a peor, polo que volvemos a esixirlle ó Sergas que solucione a problemática que existe na sanidade galega e concretamente na sanidade viguesa.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a retomar a cita presencial inmediatamente nos centros de saúde de Galicia?
2. Ten pensado o Sergas cubrir as prazas en Atención Primaria en Vigo para poder dar servizo a súa poboación?
3. Vai o Sergas a reforzar con máis persoal ós PAC da cidade de Vigo?
4. O Sergas ten na súa planificación dotar de máis persoal as Urgencias do Hospital Álvaro Cunqueiro?
5. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación actual sanitaria ante o colapso da atención primaria na cidade de Vigo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Noelia Otero Lago  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero





Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:53:33**

**Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 10:53:39**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:53:49**

**Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 10:53:56**





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No municipio de Oia existe unha grave problemática coa súa rede de saneamento desde fai máis de dez anos. O motivo é que as depuradoras desta vila seguen sen legalizarse, sen depurar correctamente, causando problemas e molestias aos seus veciños e veciñas.

O debate sobre a ilegalidade urbana das minidepuradoras de Punta Orelludas continúa despois de que se puxeran en funcionamento no ano 2010. En 2006 a Deputación de Pontevedra instalou as cinco controvertidas minidepuradoras para tratar as augas residuais deste municipio. As depuradoras están situadas nun campo a menos de 30 metros da costa e en terreos clasificados na normativa urbanística como parque acuícola.

Depuradoras que non son realmente tales, senón que son decantadoras ou dilaceradoras, que no caso de que funcionasen ben, levarían a cabo só o tratamento primario, aínda así os emisarios de todas están rotas e vértese practicamente á beira do mar carecendo de permisos administrativos, é dicir, que son ilegais, a isto hai que engadir que as parroquias de Loureza e Burgueira carecen de calquera tipo de depuración tendo unicamente fosa séptica e sen existir permisos de vertidos.

A veciñanza leva máis de dez anos soportando malos cheiros, ruído e vertidos de augas residuais xunto ás súas casas e están fartos desta situación insoportable.

E o problema non son só os cheiros. Os prexudicados/as afirman que as filtracións e vertidos de augas fecais son constantes, van directamente ao mar porque o sistema de depuración non funciona, ou a través das arquetas situadas xunto á PO-552, onde se observan os residuos orgánicos fedorentos tan pronto como se levanta a tapa.



Ós constantes cheiros e desbordamentos súmanse as consecuencias da contaminación sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros da zona. Hai anos esta era unha zona de polvo e congrio, agora non hai nada. Estase matando os espazos naturais da costa, ao haber vertidos, desaparece o argazo e os peixes.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamámoslle á Xunta de Galicia que tome medidas urxentes para que a rede de saneamento e a depuración das augas residuais funcione correctamente no municipio de Oia. E así, deixar de causarlles tantas molestias os veciños e veciñas de Oia e deixar de contaminar o mar para que non rematar co seu ecosistema.

Tamén lembrar as sancións da UE a España porque non existe un tratamento correcto das augas residuais en varias zonas de Galicia por falta dun sistema de saneamento axeitado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia instalar unha nova EDAR en Oia para solucionar os graves problemas na rede de saneamento e na depuración das augas residuais que existen actualmente na vila de Oia?
2. Cal é a solución temporal e urxente que ten a Xunta de Galicia para mellorar a rede de saneamento e a depuración das augas residuais da vila de Oia, mestras non se constrúa a nova EDAR ?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez  
Pablo Arangüena Fernández  
Paloma Castro Rey  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:55:26**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 10:55:33**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:56:13**

**Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2022 10:56:29**

**Paloma Castro Rey na data 12/01/2022 10:56:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, correspondente ao ano 2021, Galicia consegue subir 34 postos no ranking europeo. Se hai dous anos ocupaba o posto número 190, agora é o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar de que mellora nalgúns dos indicadores analizados, falla nunha clave: o gasto en I + D nos sectores público e privado, que non só empeora en comparación con 2019 senón que está aínda lonxe da media europea.

A Comisión Europea avalía 21 indicadores para avaliar o grao de innovación nas rexións, un factor clave que determina o grao de fortaleza das súas economías.

A Comisión Europea publicou o informe este verán actualizando o seu indicador rexional de innovación. Como calquera indicador sintético que ten en conta varios factores para concluír cun único número, non é nin perfecto nin indiscutible. Pero é o mellor existente para o conxunto de rexións europeas. É transparente e obxectivo e, en xeral, ten apoio académico. Por este motivo, a Xunta de Galicia debería examinar atentamente as súas conclusións para examinar onde se atopa a nosa comunidade autónoma, en que áreas está mellorando e en que é feble e que dinámica se segue. Isto pode permitírnos reorientar as accións e as prioridades. Non esquezamos que este indicador úsase nos informes elaborados por consultores de todo tipo sobre o atractivo das rexións para a recepción de investimentos estranxeiros.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada, pero no nivel baixo. A súa cualificación mellorou 16 puntos en dous anos ata o 78,9, sendo a media europea de 100. Si se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no ranking, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría "forte". Como o País Vasco ou Madrid.

A debilidade de Galicia está no I + D, que non é o mesmo que a innovación. A investigación mídese como o investimento para adquirir coñecemento e a innovación é aplicar ese coñecemento para aumentar o capital e ser máis



competitivos. Os expertos argumentan que o I + D é o que permite sacar ao mercado produtos máis innovadores e disruptivos.

A comunidade galega xa partiu en 2019 dunha mala situación no investimento en investigación e desenvolvemento e dous anos despois a súa puntuación empeora. O gasto público en I + D sitúase agora no 64 % da media da UE, mentres que o desembolso empresarial só é do 32 por cento, o que leva a Galicia ata o lugar 68 por detrás do total de 240 rexións europeas.

E esta é tamén unha das principais diferenzas co norte de Portugal. No investimento privado en I + D, os portugueses case dobran a puntuación que lle dá a Comisión Europea a Galicia e tamén nos superan no gasto público en investigación.

En canto os baremos que están máis ligados á actividade empresarial, os portugueses volven estar á cabeza. Segundo a análise da Comisión Europea, o norte de Portugal obtén dobre nota que Galicia na "innovación de produto" e nos "procesos de negocio". Tamén é salientable a fenda nas solicitudes de marcas rexistradas onde os veciños portugueses sacan gran vantaxe á comunidade galega. De feito, Galicia empeora a súa puntuación neste indicador

A outra gran debilidade da nosa comunidade autónoma, a pesar de mellorar lixeiramente con respecto a 2019, está nas "aplicacións de deseño". A diferenza co norte de Portugal é abismal - triplica a puntuación obtida por Galicia - e tamén a comunidade está no 47 % da media europea.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o 24 de novembro do ano pasado unha proposición non de lei onde o grupo socialista insta a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española.

O noso grupo ante as cifras do último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, queremos saber cal é o grado de desenvolvemento desta proposición non de lei que presentamos no ano 2020.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2022, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española, tal e como se aprobou por unanimidade 24 de novembro de 2020?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:58:21**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 10:58:28**





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia que implantou o Executivo autonómico o pasado 15 de setembro permite, como principal novidade, a apertura de locais en toda Galicia independentemente da situación epidemiolóxica de cada municipio. Agora, os establecementos divídense en dous tipos - máis un terceiro, de seguridade, que as autoridades sanitarias activan se a situación epidemiolóxica empeora - en función das medidas que cumbran.

Así, os locais tipo un teñen as seguintes condicións e requisitos: 50 % interior, 75 % capacidade exterior; distancia de 1,5 metros entre mesas, exhibición pública de medidores, contador de CO<sup>2</sup> con notificacións como máximo cada 4 horas; máscaras cirúrxicas para persoal; carta en material que permita a desinfección e dúas horas de formación en protocolo Covid para o persoal.

Mentres tanto, o tipo dous de locais, con maiores esixencias, poden abrir o interior un 75 % e as terrazas un 100 %, pero deben ter un contador de CO<sup>2</sup> que faga anotacións constantemente e unha carta dixital, QR ou lousa. Tamén teñen que ter máscaras FFP2 para o persoal que o requira, deberá ofrecerse a realización de probas diagnósticas periódicas cada 15 días. A frecuencia será cada 7 días no caso de que o nivel de restrición aplicable ao concello sexa alto ou máximo. Os restaurantes deberán facer un rexistro de clientes. Nesta tipoloxía, ademais, as barras dos locais pódense usar de xeito individual ou cun máximo de dúas persoas sempre que convivan; e a distancia de 1,5 metros debería estar non só entre as mesas, senón tamén entre a clientela. O seu persoal tamén deben ter unha formación de 4 horas en protocolos Covid.

Estas normas obrigan a ter algúns procedementos a maiores que antes non había, como a formación dos traballadores e traballadoras e a realización de probas ós traballadores e traballadoras, a pesar de que a pandemia segue baixando no número de contaxios.



O grupo parlamentario socialista vemos necesario convocar de forma inmediata os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería. A día de hoxe os locais deste sector non están cumprindo a propia normativa aprobada polo Goberno autonómico e publicada no DOG do 14 de setembro porque a dita formación non está convocada.

A maiores a Administración autonómica debería ampliar o período para a implantación do novo Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia, para que destes xeito os traballadores e traballadoras podan facer o curso e os locais podan adaptarse a toda a normativa e decidir con máis tempo a que nivel pode acollerse cada establecemento.

Entramos nunha nova etapa desta pandemia, con máis do 70 % da poboación vacinada, temos que ir cara a ter menos restricións para a hostalería, xa que a gran maioría da poboación está vacina.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai a convocar o Executivo autonómico os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería para que se poida formar o antes posible todos os traballadores e traballadoras deste sector?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia ampliar a dous meses o período para a implantación do novo Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia para que os locais deste sector poidan cumprir todas as medidas vixentes neste plan?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:59:52**







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 11:56:26**  
**Nº Rexistro: 27513**  
Data envío: 12/01/2022 11:56:26.804

**Martín Seco García na data 12/01/2022 10:59:58**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas da Xunta para reactivar as artes escénicas en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos dezaseis meses do comezo da pandemia, en que os sectores culturais foron os primeiros afectados cunha inactividade total e de forma prolongada, aínda comprobamos recentemente como son os espazos culturais os últimos en veren ampliadas as normativas referidas á cabida.

A situación das empresas culturais galegas foi analizada polo Observatorio da Cultura Galega en sucesivos estudos ao longo do segundo semestre de 2020 e deste 2021.

Grazas aos diferentes barómetros puidemos ir seguindo a afectación da crise derivada da pandemia, nas sucesivas vagas, sobre un total de 300 empresas representativas do ecosistema cultural galego.

Da comparativa cos dous barómetros anteriores de xullo de 2020 e xaneiro de 2021, a entrega de xullo de 2021 conclúe que as empresas culturais proseguen o seu lento camiño da recuperación coa excepción das artes escénicas, onde segue a ter lugar a maior destrución de emprego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pese ao carácter positivo global desta evolución, en comparación cos estudos precedentes, a segunda conclusión que se extrae dos datos é que a facturación das empresas nesta primeira metade de 2021 aínda se ve moi afectada pola pandemia, pois o 75,7% das empresas enquisadas segue a padecer unha facturación inferior á de 2019, das que o 27% relata perdas de máis do 50% con respecto a aquel ano.

As empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron caídas na facturación superiores ao 50%.

Probablemente, verbo desta caída dos ingresos, o 53,4% das empresas adiou ou desbotou os investimentos que tiña previsto realizar por culpa da crise da COVID-1, unha cifra pouco inferior á do pasado xaneiro.

Os dous problemas máis citados seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (74,7%) e as dificultades de tesourería (38%), manténdose inalterado o terceiro máis citado, as limitacións de capacidade dos locais (32,3%).

Nesta terceira edición do barómetro tamén se analizaron as repercusións dos programas de axudas públicas para as empresas da cultura.

Ningún dos tres niveis da Administración pública acada o aprobado polo seu apoio ás empresas culturais e a Administración autonómica, en quen recaen as competencias plenas en materia de política cultural é valorada cun 4,1.

Entre as empresas que prevén que a crise ofrezca oportunidades, destaca a dixitalización do sector, o aumento do espazo para a creatividade e a imaxinación e o impulso ás medidas de conciliación da vida laboral e familiar, o aumento do consumo ou demanda de produtos do seu sector, o incremento da profesionalización e a mellora no funcionamento interno das empresas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Coñece o goberno as conclusións dos tres barómetros publicados polo Observatorio da Cultura Galega? Que valoración fai?

. Ten contrastadas estas conclusións cos diferentes axentes do sector das artes escénicas, artes do movemento e circenses galegas?

. Como vai reflectir o goberno no proxecto de orzamentos para 2022 o necesario reforzo no apoio público para a recuperación destes sectores culturais?

. Ten avaliada a Xunta a evolución da Rede Galega de Teatros e Auditorios? Considera necesario actualizar este circuío de exhibición da produción escénica galega?

. Que actuacións vai desenvolver o goberno para reactivar as artes escénicas en Galiza como consecuencia da pandemia?

. Como vai reforzar o programa de axudas á creación escénica?

. Ten a Xunta algún proxecto de afortalamiento de compañías residentes que faga máis eficaces e vivos os espazos culturais?

. Vai reforzar a liña de apoio económico á creación a través de convocatorias de residencias artísticas en espazos escénicos?

. Como prevé o goberno reforzar o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego como compañías públicas e unidades de produción?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:55:39**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 11:55:44**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:55:55**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Martín Seco García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A cidade de Vigo estase convertendo nun lugar de referencia turística a nivel de toda España, proxectando a súa imaxe como cidade e impulsando tamén o turismo en Galicia.

Desde o ano 2018 a cidade vén incrementando o número de turistas. Os datos de ocupación hostaleira así o amosan, entre novembro e xaneiro do ano 2019-2020 a ocupación media foi dun 81,68 %, sendo nas fins de semana a ocupación dun 90,20 %. Estas cifras supoñen un incremento do 10 % con respecto ao ano 2018. Datos que non teñen precedentes na cidade de Vigo.

No mes de decembro do ano 2019 as pernoctas en Vigo disparáronse, subindo un 50,99 %. O número de visitantes totais tamén increméntase nun 37,09 %. No caso das pernoctas e de turistas no mes de decembro, son os mellores datos desde que hai rexistro do INE. Vigo en número de visitantes nacionais crece nun 50,98 % .

A importancia do turismo de Vigo en todos os meses do ano é grazas á desestacionalización da súas ofertas (o Nadal, as Illas Cíes, as praias, feiras, festas...).

No mes de agosto de 2021, pese as restricións da pandemia da COVID-19, a cidade tivo unha ocupación hoteleira do 90% e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido,...) Esta gran subida do turismo en Vigo co seu consecuente retorno económico foi recoñecido por todo o tecido económico e social da cidade. Este incremento no número de visitantes ten unha gran repercusión social e económica para Vigo, pero tamén para toda Galicia.

A maiores, hai que ter en conta que Vigo é a cidade máis poboada de Galicia e a área con maior número de empresas da nosa Comunidade Autónoma, cunha relevante importancia no PIB. Por iso, a cidadanía e as empresas necesitan máis liñas aéreas para ter conexións con España, con Europa e có resto do mundo.



Os datos de ocupación dos avións no aeroporto de Vigo tamén amosan unha elevada ocupación, existindo moita demanda. Dita demanda xera prezos moito máis elevados do que se atoparían nuns marxes normais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia aportar recursos económicos equivalente ó que aportan conxuntamente o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador en Vigo?
2. Cal é o investimento que dedica o Executivo autonómico a cada un dos tres aeroportos que temos en Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Noelia Otero Lago  
Patricia Otero Rodríguez  
Martín Seco García  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:01:02**

**Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:01:09**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:01:17**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:01:27**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

- a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.
- c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.
- d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.
- e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, proponendo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.
- f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.





g) Potenciar a mediación e a arbitrase para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidores/as e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.

j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.

k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.

l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que se reforce o Instituto Galego de Consumo para que poda levar a cabo tódalas funcións para as que foi creado dito ente. Neste momento ante a multitude de reclamacións interpostas, non están a tramitar tódolos expedientes pendentes.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia reforzar o Instituto Galego de Consumo con máis persoal e con medidas concretas para facilitar a resolución dos expedientes o antes posible?
2. Cal é o número de reclamacións presentada ante este organismo por anos dende o 2016 ata a actualidade e de todas elas cantas foron resoltas?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:04:17**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:04:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Nos últimos anos e na sociedade actual, o sector turístico ten que renovarse continuamente o que implica a necesidade de mellorar a calidade da oferta, así como unha loita continua contra o axuste estacional. Neste contexto xorden os xeodestinos. Temos aquí unha gran ferramenta na nosa terra para axudar ó sector turístico a saír desta crise no que está inmerso.

Os xeodestinos turísticos que existen actualmente en Galicia están agrupados por concellos das catro provincias galegas, onde espazos de interese natural e histórico agardan ao viaxeiro.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais."* O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"Cas entidades supramunicipais interesadas"*.

O ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 - Lei de turismo en outubro e mapa en novembro - non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia - como dixo daquela - tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.



O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo para sobreporse ó efecto da covid.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o pasado mes de marzo unha proposición non de lei onde o Grupo Socialista instaba a Xunta de Galicia a que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, despois da consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición do seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.

A Xunta de Galicia ten que abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

E ese mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e feitos os cambios oportunos, deberá adquirir un verdadeiro carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Abriu a Xunta de Galicia un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos?
2. Que está a facer a Xunta de Galicia para desenvolver o marco normativo, para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos, así como a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 11:59:03**  
**Nº Rexistro: 27521**  
Data envío: 12/01/2022 11:59:03.679

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:05:45**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:05:51**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-dlibURNy6-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Padroado do Ifevi reunido o 10 de outubro de 2019 e presidido pola directora xeral de Comercio en delegación do conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia adaptou por unanimidade o seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia e de excepcional interese público, ó amparo da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese.

En consecuencia unha vez redactado e supervisado o proxecto técnico de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo único da Lei 3/2016, dar traslado á Consellería de Economía, Emprego e Industria, como entidade competente por razón da materia, do proxecto técnico de ampliación das instalacións do recinto feiral, solicitando o inicio do procedemento previsto no artigo citado.”

O dito acordo foi reiterado e ratificado por unanimidade dos membros do Padroado na sesión extraordinaria celebrada o 30 de decembro de 2019.

O Grupo Parlamentario Socialista reiterou a través da presentación da proposición non de lei levada a Comisión no pasado mes de novembro o interese público de ampliar o Ifevi e a urxencia da execución do proxecto que tiña que estar rematado en outubro de 2021 para permitir que a feira de Conxemar contase con máis espazo na edición deste ano.

Todos e todas sabemos que Conxemar é a feira de referencia en Europa e serve de lugar de encontro para todo o sector. Esta feira consolídase entre as catro máis importantes do mundo. Na edición deste ano Conxemar contou con 486 expositores procedentes de 28 países.





Compre salientar a importancia de Conxemar para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. O papel internacional de dita feira leva á necesidade urxente de ampliar as instalacións do Ifevi.

A Xunta de Galicia non deberían ter demorado a ampliación do Ifevi, xa que Conxemar é clave para a nosa economía. E nesta última edición non estaba feita a ampliación.

Nunha das visitas da conselleira de Infraestruturas a Vigo, no mes de maio, anunciou: *“a mediados de setembro estará rematada a envolvente do edificio, dispoñendo xa provisionalmente de superficie para celebrar Conxemar, Navalía ou Mindtech”*.

O incumprimento por parte desta consellería prexudica ó Ifevi e ás feiras que alí se celebran, especialmente a Conxemar. O prexuízo ocasionado á economía da cidade de Vigo é notable, e desde o goberno da Xunta de Galicia débense dar explicacións por non ter a ampliación realizada para o mes de setembro, despois do anuncio da conselleira de Infraestruturas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os motivos do retraso por parte da Xunta de Galicia das obras da ampliación do Ifevi que fixeron que non estivera realizada no mes outubro para a feira Conxemar?
2. Por que a conselleira de Infraestruturas anunciou que a ampliación estaría rematada a mediados de setembro?
3. Cando ten prevista a Consellería de Infraestruturas que vai a estar rematada a obra de ampliación do Ifevi?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 11:59:31**  
**Nº Rexistro: 27523**  
Data envío: 12/01/2022 11:59:31.929

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:23:08**

**Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:23:16**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:23:26**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

En Galicia é onde existe un maior número de redeiras de todo o territorio español, sendo un colectivo formado no 99 % por mulleres que desempeña de modo artesanal a súa actividade e constitúe un traballo imprescindible para a pesca e para o sector.

O seu labor de reparación e confección de redes diferentes en función do tipo da arte de pesca, da técnica de confección da rede, mesmo a petición do armador, é fundamental para que os labores da pesca se poidan levar adiante. A arte de reparación e fabricación de redes é un dos máis antigos oficios mariñeiros.

Durante moito tempo o labor deste colectivo de profesionais que conforma as redeiras resultaba descoñecido para moita xente, pouco visible e minusvalorado; na actualidade empézase a recoñecer o seu importante labor grazas á loita das propias redeiras pola defensa dos seus dereitos e intereses. As redeiras agrupáronse en asociacións e estas á súa vez en federacións. Actualmente, existen sete asociacións e unha federación de redeiras no territorio galego.

A profesionalización e unha formación regulada son necesarias para dar estabilidade ao colectivo e para garantir o relevo xeracional. As redeiras desenvolven un labor tradicional manual e altamente cualificado. O colectivo das redeiras galegas loitan para dignificar a súa profesión.

Os barcos que chegan a porto descargan as redes deterioradas e recollen aquelas que xa foran reparadas para volver faenar. Sen a actividade das redeiras os labores da pesca non se poderían levar a cabo. Ademais, representa unha das sinais culturais de Galicia, que non é outra que a actividade relacionada co mar.

A xornada laboral é de oito horas, normalmente de 09:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00, se ben, en moitas ocasións, teñen que traballar ata a completa reparación das redes para que o barco poida saír faenar e evitar a perda de ingresos dos mariñeiros.



O oficio de redeira adoita transmitirse entre mulleres da familia e na actualidade hai un sector envellecido, pola falta de substitución xeracional (a media de idade deste colectivo está entre os 45 e os 60 anos)

Tradicionalmente viñan realizando os seus labores no porto, no propio peirao e á intemperie. Hoxe, na maior parte dos portos onde traballan, dispoñen de naves onde poder desenvolver o seu labor profesional.

Naves que nalgúns casos non compren as mínimas condicións de traballo, como pode ser a nave de redeiras do municipio de Cangas. Estas profesionais atópanse nunhas condicións laborais lamentables, apenas hai sitio para traballar, non hai lugar para descansar e non teñen nin vestiarios para cambiarse, porque a nave é un almacén de redes, non unha nave para desenvolver o seu traballo dignamente.

A nave quédase pequena polo aumento da carga de traballo que tiveron nos últimos anos na vila de Cangas.

Dita nave é de Portos de Galicia, esta institución é que ten que facer as obras de ampliación e reforma para mellorar as condicións de traballo destas redeiras.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai Portos de Galicia a ampliar e reformar, o próximo ano a nave de redeiras de Cangas para que estas profesionais podan ter condicións dignas de traballo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:24:42**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 12:00:01**  
**Nº Rexistro: 27525**  
Data envío: 12/01/2022 12:00:01.445

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:24:48**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:24:59**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A cidade de Vigo estase convertendo nun lugar de referencia turística a nivel de toda España, proxectando a súa imaxe como cidade e impulsando tamén o turismo en Galicia.

Desde o ano 2018 a cidade ven incrementando o número de turistas. Os datos de ocupación hostaleira así o amosan, entre novembro e xaneiro do ano 2019-2020 a ocupación media foi dun 81,68 %, sendo nas fins de semana a ocupación dun 90,20 %. Estas cifras supoñen un incremento do 10 % con respecto ao ano 2018. Datos que non teñen precedentes na cidade de Vigo.

No mes de decembro do ano 2019 as pernoctacións en Vigo disparáronse, subindo un 50,99 %. O dato de pernoctacións globais neste mes son os mellores datos desde que hai rexistro do INE de Vigo.

O número de visitantes totais tamén increméntase nun 37,09 %. Igual que no caso das pernoctacións. O dato de turistas no mes de decembro, son os mellores desde que hai rexistro do INE de Vigo. Vigo en número de visitantes nacionais crece nun 50,98 %.

No mes de agosto de 2021, pese as restricións da pandemia da COVID-19, a cidade tivo unha ocupación hoteleira do 90 % e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido,...) Esta gran subida do turismo en Vigo co seu consecuente retorno económico foi recoñecido por todo o tecido económico e social da cidade. Este incremento no número de visitantes ten unha gran repercusión social e económica para Vigo, pero tamén para toda Galicia.

A importancia do turismo de Vigo en todos os meses do ano é grazas á desestacionalización da súas ofertas o Nadal, as Illas Cíes, as praias, feiras, festas, etc.



Con estes datos a Xunta de Galicia debería comezar a apoiar o proceso de desenvolvemento turístico de Vigo, incrementando a presenza da cidade na súas campañas de promoción que se fai de Galicia e apoiando economicamente á Administración local no seu obxectivo de converter a esta cidade como referencia do turismo nacional.

O Grupo Parlamentario Socialista reclámalle ó Goberno autonómico que apoie economicamente o desenvolvemento turístico de Vigo nos orzamentos do ano 2022.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A Xunta de Galicia vai apoiar o desenvolvemento turístico da cidade de Vigo?
2. A Axencia de Turismo de Galicia vai incrementar a presenza da cidade de Vigo nas campañas de promoción que se fan desde a Consellería de Turismo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:27:16**

**Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:27:22**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:27:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O orzamento para 2022 en comercio é de 18.375.611 euros cae en 5.118.994 euros con respecto ó orzamento do ano 2021. Isto demostra que o comercio non é un sector estratéxico para a Xunta de Galicia.

Esta crise da COVID-19 ten como consecuencia que o sector do pequeno e mediano comercio non puideron facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia. Un sector formado por pequenos negocios con poucos marxes de beneficios e que dependen da capacidade de consumo da cidadanía.

Estímase que como mínimo e con carácter xeral os comercios de Galicia tiveron unhas perdas superiores ó 20 %, que xa comprometen en moitos casos a viabilidade do proxecto comercial. A media de perdas alcanzadas sitúase entre o 30 % e o 40 %. A Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ó longo deste 2021.

E ante estes datos o Goberno autonómico baixa 5 millóns o programa 751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia nos orzamentos para 2022.

Non é razoable que en 11.627 millóns que vai ter a Xunta de Galicia de orzamento para o ano 2022 non incremente a partida para comercio.

E por se isto fóra pouco no primeiro semestre do ano só se executou o 7 % do orzamento que ten o Goberno galego para ordenación, regulación e promoción do comercio de Galicia.

Ante a mala situación do pequeno comercio o que debería facer Feijóo e os seus conselleiros é polo menos ter executado boa parte do orzamento deste sector para impulsalo e apoialo. Esta é unha mostra máis da mala xestión do Executivo do Sr.





Feijóo e tamén é mostra do pouco que lle importa o sector do pequeno e mediano comercio.

E con este ínfimo orzamento, a Xunta de Galicia debería executalo, porque na X Lexislatura deixou sen executar 18 millóns como se pode comprobar na partida 751-A.

É necesario actuar con contundencia e firmeza, e facelo xa, se queremos salvar ó sector. Se ben é certo que se tomaron algunha medidas desde a Administración autonómica, pero son medidas totalmente insuficientes dada a extrema gravidade da situación que está vivindo o pequeno e mediano comercio.

Para iso fai falla completar e mellorar as medidas para preparar o regreso da actividade económica á normalidade unha vez que estamos xa nunha nova etapa da pandemia. Do contrario nada poderá evitar o peche masivo do pequeno e mediano comercio e a enorme perda de postos de traballo, así como as graves consecuencias que suporía para a economía a tódolos niveis.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia incrementar o orzamento no programa 751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior?
2. Vai a Xunta de Galicia a fomentar a orientación, información e asesoramento ó sector comercial galego, así como a formación continua en dixitalización do sector do comercio?
3. Ten pensado o Goberno galego elaborar campañas e promocións para que a xente moza merque no pequeno e mediano comercio?
4. Vai a Xunta de Galicia elaborar un programa para fomentar o relevo xeracional no sector do comercio?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 12:01:24**  
**Nº Rexistro: 27530**  
Data envío: 12/01/2022 12:01:24.273

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:33:44**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:33:52**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

Os menús dos comedores escolares de Moaña xestionados de forma indirecta pola Xunta de Galicia, a través dunha empresa de catering, están xerando gran malestar no municipio pola perda de calidade dos pratos.

A comunidade educativa de Moaña vén de trasladar a súa preocupación pola situación dos comedores escolares do CEIP de Tirán, Seara, Domaio, A Guía, Quintela, Abelendo e as escolas infantís Berducedo e de O Con. Son 286 alumnos e alumnas afectados por estas deficiencias no menú dos comedores destes colexios.

No último ano estase a constatar unha perda de calidade nos menús ofrecidos ós cativos e cativas, o que está a orixinar continuas queixas e reclamacións por parte das familias e dos responsables dos centros de ensino, que teñen en común múltiples aspectos negativos relativos á cantidade, presentación, elaboración e adecuación dos menús.

Esta situación estase a agravar desde o inicio do curso 2021/2022, e son numerosas as reclamacións efectuadas polos diferentes centros de ensino ante comedores escolares, un organismo dependente da Consellería de Educación. Sen embargo, as reclamacións non son atendidas e a calidade do servizo de comedor continúa a deteriorarse.

Sen cuestionar que os menús estean deseñados correctamente desde un punto de vista nutricional, é unha realidade que moitos dos menús ofrecidos son pouco atractivos para os seus destinatarios, ben porque o aspecto da comida non é agradable; porque se elaboren dous pratos fríos para compoñer un menú; porque as racións de comida sexan habitualmente escasas e en ocasións tamén se sirvan frías; ou porque os menús sexan elaborados en desacordo coa climatoloxía do momento.



Trátase dun tema que está a orixinar unha importante preocupación no seo da comunidade educativa de Moaña. A alimentación é unha cuestión vital para toda a poboación, e especialmente para os nenos e nenas, que están nun período de crecemento e que pasan moitas horas na escola desenvolvendo unha actividade intensa.

Non só é un feito importante a cuestión da calidade con que se atende as necesidades do alumnado, senón tamén o é como eles aprenden pautas saudables de alimentación para manter uns hábitos de vida san que lles acompañen sempre.

Pero, a realidade que estamos a vivir é outra, e en moitas ocasións os cativos marchan para as súas casas despois dunha experiencia frecuentemente negativa coa comida. As familias están preocupadas e alarmadas pola calidade da alimentación dos seus fillos e fillas e sentíndose frustradas por ter que facer uso dun servizo de comedor que debía servir para mellorar a conciliación familiar.

Esta grave situación que afecta os nenos e nenas de Moaña, e que impacta directamente sobre a súa saúde, debe ser corrixida, para o que é preciso que a Xunta de Galicia deixe de primar o criterio económico sobre o da calidade alimentaria, co fin de que se poidan presentar uns menús escolares correctos e saudables.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia modificar as condicións do servizo de catering nos comedores escolares de Moaña, tendo en conta que do servizo que se presta depende a alimentación dos nenos e nenas desta vila?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 12:03:37**  
**Nº Rexistro: 27532**  
Data envío: 12/01/2022 12:03:37.726

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:35:40**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:35:47**

**Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 11:36:04**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto as e os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Unha clara mostra deses recortes a temos nos orzamentos da Xunta para 2022 onde o goberno de Feijóo reduce en 2 millóns de euros as partidas destinadas á Atención Primaria en comparación cos orzamentos de 2021.

A pesar do papel fundamental da sanidade pública para resistir a pandemia da Covid-19, soportar os diferentes gromos e promover a vacinación da cidadanía, os orzamentos do 2022 reducen os fondos dedicados á Atención Primaria.

Todo isto, nun contexto de listas de espera para as e os especialistas, problemas de saturación nos centros de saúde e cun sistema de saúde público que está na UCI.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En



pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención presencial das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas denunciámos que no Centro de Saúde de Vilaboa das catro prazas de médico de familia, dúas estiveron sen cubrir debido a xubilacións das persoas titulares das prazas. En setembro cubriuse unha praza de maneira temporal, pero deixando o servizo de asistencia en situación moi precaria, sen cubrir as vacacións, o cal foi en detrimento da atención médica que se presta en Vilaboa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos, coa maior urxencia, sexan cubertas as prazas dos facultativos de Atención Primaria en Vilaboa, xa que están causando un gran malestar entre a súa veciñanza.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a cubrir, de maneira urxente, as prazas vacantes dos facultativos de Atención Primaria do Centro de Saúde de Vilaboa para garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nesta vila?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 12:04:08**  
**Nº Rexistro: 27534**  
Data envío: 12/01/2022 12:04:08.851

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:38:44**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:38:51**

**Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 11:38:58**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En decembro de 2020 a nova concesionaria, unión temporal de empresas Lugove, substituíu ás empresas ATSA e Melytour, despois de cincuenta anos ao fronte do servizo de autobuses que une Baiona, Nigrán e Gondomar con Vigo. “Os novos autobuses traerán importantes novidades para as persoas usuarias. Entre elas, tres liñas rápidas que permitirán aforrar, segundo os cálculos da Xunta de Galicia, ata máis de media hora por traxecto á cidade mediante a redución de paradas, e a entrada en funcionamento dunha liña circular que unirá os tres concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar” segundo anunciara nesas datas a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O novo contrato mantivo o ámbito xeográfico do anterior e reordenou as conexións entre o Val Miñor e o Baixo Miño con Vigo, dun xeito que afecta aos concellos da Guarda, Baiona, Gondomar, Nigrán, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui. Os veciños e veciñas destas comarcas ían beneficiarse de melloras como máis desprazamentos directos á cidade a través de tres liñas de nova creación que se sumarían ás máis de 30 expedicións diarias ao Baixo Miño e ás máis de 80 miñoranas. A liña número 25 parte de O Rosal e percorre Tomiño e Gondomar ata Vigo. Reduciú o número de paradas de máis de 50 a 13 e cobrearía o traxecto nun tempo estimado dunha hora, 30 minutos menos do habitual. As liñas 26 e 27, que comunican a Guarda con Vigo pola costa, percorren distancias de 74 e 64 quilómetros con 16 e 15 paradas, respectivamente. As viaxes mantéñense en 1 hora e 20 minutos e reduciríanse en 40 minutos con respecto ás anteriores co mesmo percorrido, segundo os datos que ofreceu o departamento na súa presentación.





Estas melloras anunciadas en decembro do ano pasado pola Xunta de Galicia non se están a cumprir. As persoas usuarias da ruta Vigo - A Guarda quéixanse continuamente de que non se cumpren os horarios, fundamentalmente na época estival e non se reduciu o tempo, as liñas non son mais rápidas como se anunciara fai un ano.

Outra queixa moi preocupante é que non se limpan os autobuses diariamente, só se fai os sábados. Coa anterior empresa de autobuses a limpeza dos vehículos facíase tódolos días por dentro e por fóra, nin tan sequera en plena pandemia da COVID- 19 limpáronse os vehículos todos os días.

E a maiores está o problema dos condutores e das condutoras; non teñen baños. Coa anterior concesionaria tiñan nas cabeceiras de cada liña tres baños para homes e dous para mulleres e 4 lavabos.

Estas reivindicacións as levan facendo desde fai un ano os usuarios e usuarias desta liña de autobuses sen que desde a Xunta de Galicia se faga absolutamente nada para dar solución a estas queixas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1-Ten pensado a Xunta de Galicia esixirlle á empresa concesionaria a garantir a limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo – A Guarda?
- 2-Vai o Goberno autonómico solicitarlle á empresa Lugove a instalación de baños na cabeceira de cada liña para os seus traballadores e traballadoras?
- 3- Vai facer cumprir a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade os horarios estipulados coa empresa concesionaria da liña Vigo – A Guarda, fundamentalmente na época estival?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2022 12:04:38**  
**Nº Rexistro: 27536**  
Data envío: 12/01/2022 12:04:38.835

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:40:14**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:40:27**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:40:37**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O turismo de cruceiros na cidade de Vigo tivo o seu récord en 2011, cando 118 cruceiros atracaron na cidade. Desde entón todo empeorou e ningún dos responsables portuarios puido volver remontar as cifras. A competencia que supoñen A Coruña e Oporto (Leixoes), con acordos comerciais para colaborar en detrimento de Vigo, é demoledora.

Os datos non enganan. Este mes de novembro de 2021, A Coruña fixo pública a súa previsión para 2022. Segundo o presidente da Autoridade Portuaria, o próximo ano contarán con 170 escalas, o que suporía un 42 % máis que o récord acadado ata agora de 120 buques en 2017. A cidade herculina esperaba recibir uns 140 barcos o próximo ano, pero tras un Congreso en Madrid organizado por Cruises News Media Group, o número ascendeu a 170 atraques.

A Autoridade Portuaria de Vigo conta a día de hoxe cunha previsión de 70 buques para 2022. É certo que aínda se está a negociar con navieiras e operadores, pero as cifras finais non variarán moito, nin sequera co habitual incremento que se produce por escalas imprevistas. En todo caso, sen contar os dous últimos anos pola pandemia (7 barcos en 2020 e 25 en 2021), a cifra tamén se reduce con respecto ao curso anterior vixente, en 2019, cando houbo 74 cruceiros.

E é que desde aquel 2011 no que Vigo chegou ao seu teito, a cifra non parou de baixar. En 2014, os peiraos da cidade recibiron 81 embarcacións e en 2017 tivo lugar o anunciado "sorpaso" coruñés. Agora hai cinco anos A Coruña alcanzou o seu máximo histórico, cos 120 barcos mencionados, e Vigo quedouse en pouco máis da metade, 61.

O Concello de Vigo e o Porto de Vigo acordaron este mes de novembro crear un Comité Turístico de Cruceiros para ofrecer unha imaxe integradora do Porto e do destino e poder así influír na programación de escalas dos próximos anos.



Esperemos que o Porto de Vigo empece a decatarse da diminución continua deste turismo na cidade e comece a tomar máis medidas para incrementar o número de cruceiros no seu porto.

A Xunta de Galicia, e concretamente a Axencia de Turismo de Galicia, debería tamén tomar medidas para incrementar o turismo de cruceiros na cidade de Vigo e volver polo menos as cifras do 2011.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que xestións están facendo desde a Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no Porto de Vigo?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia poñer en marcha medidas para recuperar o turismo de cruceiros no Porto de Vigo e así mellorar as cifras neste sector turístico na cidade?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Noelia Otero Lago  
Martín Seco García  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:42:53**

**Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:42:59**

**Martín Seco García na data 12/01/2022 11:43:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a redución das partidas para a normalización da lingua galego non sistema educativo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza as partidas adicadas ao fomento da lingua galego sufriron recortes sistemáticos.

Estas reducións no investimento en normalización lingüística e as políticas do Partido Popular favorecedoras do proceso de substitución lingüística están a motivar unha perda de falantes como nunca se deu na historia do noso idioma. Perda de falantes que está a ser advertida por institución como a Real Academia Galega que sinalou nun recente informe que o ensino en Galiza contribúe a perda de falantes de galego.

Se ollamos o orzamento publicado para o ano 2022, as partidas de fomento da lingua galega reducíronse un 22,64%; sendo as destinadas ás campañas de normalización as que reducen en maior medida o investimento.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Vai a Xunta de Galiza acordar cos diferentes axentes da comunidade educativa un Plan de fomento do galego no ensino dotado de financiamento necesario?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza no ensino para contribuír á normalización do galego ?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:04:59**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:05:02**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 12:05:13**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

A Dirección do CEE Saladino Cortizo trasladoulles ás familias que a praza da traballadora social non vai a ser cuberta, unha vez que se produciu a xubilación da persoa que a viña ocupando nos últimos anos. Esta información foi a que lle fixeron chegar desde a Xunta de Galicia ó centro.

A Dirección e as familias son moi conscientes da necesidade de cubrir esta vacante no centro, pois dende sempre o traballo conxunto da traballadora social, a ANPA, a dirección e o Claustro do Saladino Cortizo fixo que se foran conseguindo para as familias servizos e se atenderan demandas feitas as distintas administracións de acordo as súas competencias.

A comunidade educativa deste centro demandan este servizo, pois o seu traballo é específico no campo da educación e dos servizos propios para os rapaces e rapazas en idade escolar, axudándolles a ter unha formación de calidade dos seus fillos e fillas, abarcando tódolos servizos básicos, de saúde, educativos, de ocio e de formación complementaria.

A traballadora social do centro é o engraxe deste sistema, a que detecta as eivas en primeiro lugar e anticipáanse aos problemas moitas veces evitando sufrimento ao alumnado e permitindo saídas ordenadas aos problemas.

Hai moitos trámites específicos para o alumnado de Educación Especial, hai que enfrontarse a moitas etapas, a maioría de idade e os trámites que isto supón, as incapacidades para poder defender os seus dereitos, a saída deste e doutros centros cando compren 21 anos nos que as familias están completamente desamparadas e grazas ao traballo dos docentes, dirección e da traballadora social a maioría da rapazada ten unha alternativa grazas á anticipación e coñecemento da realidade de cada familia.

Cando os rapaces e rapazas abandonan o Saladino Cortizo, a maioría van a centros concertados pola Xunta de Galicia, para atender as súas necesidades e para seguir traballando a súa independencia e o seu crecemento en sociedade, e



todos estes centros teñen traballadoras sociais, porque son fundamentais nos equipos de formación e xestión. O Saladino Cortizo non pode quedar sen a figura da traballadora social.

O alumnado do centro procede de dezaseis concellos diferentes de todo o Sur de Pontevedra. Isto fai que o apoio que se lles brinda ás familias polas ANPA dos centros ordinarios, nas que as redes das diferentes familias permiten axudarse entre elas, neste caso é imposible chegar a moitas delas. É aquí onde a figura da traballadora social neste centro é decisiva, foi dende sempre un apoio para as familias, sen o cal a metade do traballo que se realiza quedaría sen efecto.

A isto hai que sumarlle un problema cuantificado, este centro ten como mínimo un 35 % de familias usuarias de servizos sociais en risco de exclusión social dende xa fai moitos anos e comezan a ter novas xeración de alumnas e alumnos cuxos proxenitores xa foron alumnos deste centro e doutros de educación especial. Isto é algo que a administración autonómica debería ter en conta.

A maiores, tanto a dirección como as familias non entenden que comuniquen desde a Consellería de Educación o 29 de xullo que non se vai cubrir esta praza e o 10 de agosto sae publicada no DOG a resolución do 31 de xullo de 2021, pola que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Cultura Educación e Universidade onde aparece a praza da Asistente/a Social, antiga definición da praza da que falamos.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta figura debería existir en tódolos centros públicos de educación especial de Galicia porque os traballadores/as sociais son unha figura clave nestes centros.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia cubrir a praza da traballadora social no CEE Saladino Cortizo á maior brevidade posible, tal e como aparece na relación de postos de traballo da Consellería de Cultura Educación e Universidade publicada no DOG do 10 de agosto de 2021?
2. Cales son os motivos pola que a Consellería de Cultura Educación e Universidade non cubre a praza da traballadora social no CEE Saladino Cortizo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022



**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:03:12**

**Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:03:20**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:03:28**

**Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 11:03:37**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o recorte de profesorado no ensino público no curso 21/22.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos presentados polo goberno galego para o curso 2021/22 contemplan unha redución no profesorado que pon nunha situación moi difícil o ensino público galego.

A pesar da propaganda do presidente da Xunta sobre o incremento no número de profesores, a realidade que reflicten estes orzamentos é que Galiza ten para o ano 2022 menos profesores dos que tiñamos hai unha década.

Contrasta esta situación de redución do profesorado no ensino público coa situación que se dá no ensino privado e concertado, que ano tras ano incrementan os seus cadros de persoal.

Mais se establecemos unha comparativa entre o número de profesores do ensino público deste ano, e os profesores contemplados no orzamento para o curso 20/21 atopámonos con 868 profesores menos. E todo isto, nun contexto no que, debido aos efectos da pandemia no alumnado, o reforzo de profesorado no ensino público e máis necesario ca nunca.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión  
4ª :

Vai o Goberno Galego incrementar os cadros de persoal do ensino público galego en 1000 profesores para minimizar os efectos da pandemia da Covid-19 no sistema educativo?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 12:06:22**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:06:26**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:06:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza para dar cumprimento ás medidas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial reguladas no Decreto 52/2019.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de maio de 2019 publícase no DOG o Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

O seu artigo 1 determina que este Decreto ten por finalidade declarar ben de interese cultural do patrimonio cultural inmaterial de Galicia as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, para recoñecer o seu valor cultural sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego e colaborar á concreción de medidas para a súa salvagarda, segundo o descrito no anexo I deste Decreto.

Na actualidade, as embarcacións tradicionais son conservadas nos portos galegos, como patrimonio cultural colectivo de alto valor social e reflexo dunha das caras da cultura do país, grazas ao esforzo dos seus propietarios e ás técnicas dos carpinteiros de ribeira que, cada vez en menor medida ao non se garantir a continuidade da profesión, manteñen a súa actividade viva en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deste xeito os portos galegos ofrecen mariñas tradicionais vivas que salvagardan o patrimonio ao tempo que aseguran o mantemento da transmisión do seu legado como un reforzo da identidade local co obxectivo de garantir a súa pervivencia e continuidade.

A cultura de protección, mantemento e difusión das embarcacións tradicionais, dos barcos históricos e a cultura marítima e fluvial, así como a súa incardinación no tempo presente como un valor sociocultural propio, está a ser desenvolvida desde hai máis de vinte anos pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar).

O Decreto 52/2019 establece, entre as medidas específicas de salvagarda da carpintaría de ribeira, a elaboración dun Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza.

Neste sentido, o Decreto regula que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no cal as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano de xestión ou os informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos.

Este censo, entendido como unha sección do Censo do Patrimonio Cultural, é responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As embarcacións que fagan parte deste censo de embarcacións tradicionais serán obxecto das exencións e bonificacións previstas na lexislación vixente en materia de navegación marítima e portos dependentes da comunidade autónoma.

Na actualidade, superados os dous anos e medio da publicación deste Decreto no DOG, o mencionado censo aínda non se realizou por parte da Dirección Xeral de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Patrimonio Cultural, o que está a prexudicar os propietarios das embarcacións tradicionais, así como á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, gravándoos economicamente Portos de Galicia e contravindo o disposto na normativa a respecto das exencións e bonificacións que corresponden a este tipo de embarcacións tradicionais unha vez censadas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Por que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aínda non iniciou a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza tal e como regula o Decreto 52/2019?

- Como valora o goberno que a inexistencia deste censo impida os propietarios de embarcacións tradicionais gozar das exencións e bonificacións previstas no Decreto 52/2019?

- É consciente o goberno do grave prexuízo económico que se está a provocar desde Portos de Galiza aos propietarios de embarcacións tradicionais e á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar)?

- Mantén comunicación a Consellería de Cultura, Educación e Universidade coas persoas afectadas pola demora da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de máis de dous anos e medio en elaborar este censo?

- Mantén comunicación a Consellería de Cultura, Educación e Universidade coa Consellería do Mar para avaliar a actuación tan gravosa que está a exercer Portos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que está a facer o goberno para elaborar o censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza tal e como regula o Decreto 52/2019?

- Que prazo compromete a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para dispor deste catálogo?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Rosana Pérez Fernández**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:10:11**

**Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:10:15**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:10:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os criterios da Xunta de Galicia para acceder profesionalmente a un ben do dominio público como é o Monte do Gozo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chegou ao coñecemento do grupo parlamentario do BNG que unha empresa do sector cultural galego interpuxo unha demanda contra a Xunta de Galicia por ter solicitado a utilización do auditorio do Monte do Gozo, para a realización dun ciclo de concertos durante os meses de xullo e agosto deste ano 2021, e non ter recibido resposta ningunha.

No entanto, a mesma empresa que fai o Festival O Son do Camiño (a UTE Old Navy Port Producciones S.L. e Esmerarte Industrias Creativas S.L.) puido empregar ese mesmo auditorio para realizar un ciclo de concertos denominado “O Son do Camiño Perseidas” entre o 14 de xullo e o 18 de agosto.

Desde o sector fáisenos chegar ao grupo parlamentario do BNG, con profunda preocupación, que poida estar existindo no sector galego da produción de espectáculos musicais un trato de favor á referida UTE por parte da Xunta de Galicia, por canto parece non existir outra empresa no sector capaz de producir festivais ou ciclos de música no Monte do Gozo, á vista da negación de resposta a outras empresas demandantes dese espazo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A esta desconfianza cómpre engadir que os portais de contratación da Axencia de Turismo de Galicia e da Axencia Galega das Industrias Culturais recollen que esa UTE leva recibido, entre contratos e subvencións, máis de 9 millóns de euros entre 2018 e 2021, case 10 veces máis que o resto do sector no seu conxunto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cal é o procedemento para acceder ao uso dun ben do dominio público como o Monte do Gozo? ¿Onde está publicado ese procedemento?

. Como puido acceder a ese procedemento a referida UTE? Existe expediente onde se recolla a solicitude da UTE e da concesión?

. Por que o Vicepresidente Primeiro e outros cargos da Xunta de Galicia comparecen na presentación do Ciclo O Son do Camiño Perseidas, conxuntamente con representan-tes da UTE, un mes e catro días antes de adxudicar un contrato por 600.000 € á referida UTE?

. Cal é o fundamento do contrato de patrocinio? Onde están os informes previos que demostren a necesidade da contratación unicamente con esa UTE?

. A adxudicación do contrato susténtase en que a UTE “ostenta a exclusividade da representación do CICLO O SON DO CAMIÑO PERSEIDAS 2021”. Que significa “ostentar a exclusividade de representación”?

. O expediente de contratación iniciouse o día 7 de maio de 2021. Coñece a Xunta de Galicia que o rexistro da marca SON DO CAMIÑO PERSEIDAS 2021 non se







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

inicia ata o 4 de xuño de 2021, e que a marca solicitada aínda no foi concedida? A Xunta de Galicia pretende sustentar o contrato na exclusividade dunha marca aínda non concedida, nin tan sequera existente no intre de instruír o expediente de contratación?

. A Xunta de Galicia sabe que existen outras empresas galegas capaces de organizar festivais ou ciclos de música no Monte do Gozo, como o propio sector llo fixo saber. Se existen, por que sempre outorga contratos ás mesmas dúas empresas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Carreira Pazos**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:13:09**

**Iria Carreira Pazos na data 12/01/2022 12:13:13**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:13:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 18 de outubro o DOG publicaba a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrência non competitiva, a través dos bonos culturais.

O artigo 2 recolle como finalidades da devandita convocatoria as seguintes:

1. Incentivar a demanda cultural, axudando economicamente as persoas consumidoras, e fomentar o consumo nos establecementos culturais adheridos á campaña.
2. Propiciar o fortalecemento do sector cultural, dinamizar a actividade dos establecementos culturais, mellorar o fondo de manobra dos establecementos culturais; e reducir o impacto económico derivado do cesamento e das restricións da actividade de determinados establecementos culturais como consecuencia da situación ocasionada pola COVID-19.

O Bono Cultura está dirixido á compra de produtos culturais como música gravada en formato CD, vinilo, material audiovisual en formato físico, libros, videoxogos, entradas para salas de cine, concertos de música e espectáculos escénicos;





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de entradas para calquera tipo de institución cultural (museo, casa-museo, etc.), e para a adquisición de calquera outro tipo de ben cultural.

Pola contra, quedan expresamente fóra do programa os produtos de papelería, os equipamentos, software e consumibles de informática e electrónica, os xogos de calquera tipo e os libros de texto para o ámbito educativo non universitario.

A campaña está dirixida a maiores de 18 anos e desenvolverase só durante os dous últimos meses do ano.

O 1 de novembro activouse a APP para a descarga dos bonos por parte das usuarias interesadas, que xa podían acceder á oferta de establecementos acollidos ao programa.

Mentres que a posibilidade de se adheriren máis establecementos comerciais continúa aberta ate o 18 de novembro, 1 mes en total desde a publicación da Orde, a opción de acceder a un bono cultura ao conxunto da sociedade pechouse en escasas horas o que para o grupo parlamentario do BNG é proba do elevado interese da sociedade galega por acceder á cultura e recuperar hábitos culturais perdidos durante máis de ano e medio de pandemia, tal e como indican os informes do Observatorio da Cultura Galega.

Consecuentemente, o feito de que a oferta de 39.000 bonos cultura se esgotase antes de rematar o primeiro día reafirma o carácter absolutamente insuficiente, ademais de tardío, desta proposta que desde o BNG levamos máis dun ano propoñendo en sede parlamentaria contando co voto en contra por parte do PP.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Entende o goberno que a oferta de 39.000 bonos cultura son suficientes para atender unha poboación destinataria de 1,2 millóns de galegos e galegas?

. Valorou o goberno se os produtos culturais que se ofertaban como susceptíbeis de compra estarían representados na súa totalidade polos establecementos adheridos?

. Que produtos culturais foron os finalmente consumidos?

. Que razón impide que non se poidan incorporar os xogos de base pedagóxica e cultural?

. É consciente o goberno que con esta convocatoria en ningún caso se está a promocionar a cultura galega propiamente dita?

. Entende que deste xeito o diñeiro público que se destina ao Bono Cultura pode non chegar á creación cultural galega?

. Que sucede co diñeiro daqueles bonos que non cheguen a consumirse?

. Como pensa reforzar o goberno o consumo cultural e a fidelización de públicos á vista da alta demanda social?

. Que medidas de fortalecemento do sector cultural vai pór en marcha o goberno?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:17:35**

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 12:17:39**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:17:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a oferta de actualización en materia de competencia lingüística en galego no Plan anual de formación do Profesorado.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Asemade, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa, ao longo de toda a súa vida laboral, desde a perspectiva da necesaria actualización didáctica que aproxime a transferencia do coñecemento á realidade próxima ao alumnado.

Segundo o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado, a Administración educativa galega debe planificar, a través do plan estratéxico e dos plans anuais, as actividades de formación permanente do





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

profesorado, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

O Plan anual de formación do profesorado responde, xa que logo, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego e atención a todos os campos nos que este debe estar formado e actualizado, entre os que destaca *unha ampla e variada oferta de accións formativa* correspondente ao bloque de Linguas.

Neste apartado o actual Plan anual de formación do profesorado céntrase unicamente na formación e actualización en linguas e culturas estranxeiras, obviando a necesaria formación continua do profesorado en lingua galega como lingua propia e vehicular de diferentes materias curriculares.

Tampouco se recolle oferta formativa, diversificada e específica, referente á didáctica das linguas en contextos bilingües ou orientada a contextos en proceso de normalización e dinamización lingüística como é o galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Por que o Plan anual de formación do profesorado ofertado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade non ofrece cursos de actualización competencial en lingua galega?

. Por que non se oferta neste plan anual formación focada na normalización e dinamización lingüística?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que formación específica programa o goberno para os EDLG? Que avaliación recibe por parte dos asistentes?

. Que formación específica oferta a Consellería para elaboraren e implementaren os centros educativos os Plans lingüísticos de centro cada curso escolar?

. Como se poden desenvolver pedagoxicamente “programas de plurilingüismo” inclusivo e desde a lingua minorizada, segundo dita o Consello de Europa, sen atender a formación en e desde a lingua galega?

. Que medidas prevé o goberno desenvolver para reparar esta eiva formativa docente?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:20:12**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 12/01/2022 12:20:17**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:20:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a anulación das prórrogas da AP9.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Comisión Europea enviou ao goberno de España unha carta de emprazamento para salvagardar a normativa comunitaria en materia de contratación pública e contratos de concesión. Esta comunicación vén motivada polo incumprimento por parte do goberno central da normativa que obriga a adxudicar a ampliacións das concesións mediante unha nova licitación.

No caso da AP9, o goberno ampliou o contrato de concesión de maneira irregular, sen iniciar un procedemento de licitación pública. Neste sentido, a Comisión considera que non se cumpriu a normativa de contratación pública vixente naquela altura, en particular a Directiva 93/37/CEE.

O goberno central dispón de 2 meses para responder a carta de emprazamento da Comisión, que entendemos que debería ser no sentido de velar polo cumprimento da legalidade e en consecuencia iniciar os trámites para a anulación da concesión.

Máis alá da observancia da legalidade, existen outros motivos que xustifican esta decisión, entre eles os cuantiosos beneficios obtidos pola concesionaria e a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comparación con outras autoestradas da mesma época da AP9 que pasaron ou van pasar á xestión pública directa por parte do Estado polo remate do período concesional.

Por outra parte, ademais do requirimento da Comisión Europea, no pasado e no presente ano emitíronse senllos informes por parte do Consello Consultivo de Galicia e por parte da Comisión Galega de Competencia que ratifican esta mesma interpretación, poñendo de relevo a nulidade dos convenios de 2011 e 2018 por incumprir a lei de contratos do sector público e ademais por amparar subidas abusivas das peaxes e un beneficio fiscal encuberto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai o goberno galego sobre a carta de emprazamento da Comisión Europea en relación coas prórrogas da AP 9?

. Que xestións fixo a Xunta diante do goberno central en relación con este procedemento?

. Considera a Xunta que de deberían iniciar os trámites para a anulación das prórrogas concedidas de maneira irregular?

. Considera o goberno galego que se deberían revisar e no seu caso anular os convenios asinados polo Ministerio de Fomento e a concesionaria da autoestrada en 2011 e 2018?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:26:51**

**Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 12:27:01**

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 12:27:06**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o cumprimento do contrato de urbanización e construción de 27 vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín e a reparación dos vicios construtivos denunciados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 1 de xuño de 2010 (DOG 29 de xuño de 2010) aprobouse a convocatoria do contrato de obras para a urbanización e construción de 27 vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín (Ourense) cun orzamento, IVE incluído, de 4.471.435,65 € e cun prazo de execución máximo de 24 meses.

Por Resolución de 27 de maio de 2011 o Instituto Galego de Vivenda e Solo, tras descartar as 4 empresas con mellor puntuación, acordou adxudicarlle a execución do contrato á UTE Vilamarín, constituída polas empresas Unika Proyectos y Obras, S.A. e Byco S.A. Formalizándose o contrato o día 16 de xuño de 2011 por un importe de 3.953.545,33€ e cun prazo de adxudicación de 20 meses.

O 10 de xuño de 2013 con apenas un 20% da obra executada acordase autorizar a cesión do contrato adxudicado a UTE Vilamarín a unha das dúas empresas que constituían a referida UTE, nomeadamente, á empresa Unika Proyectos y Obras, S.A.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As vivendas, maioritariamente destinadas ao réxime de aluguer, non foron entregadas aos seus adxudicatarios ate os meses de decembro de 2014 e maio de 2015; existindo vivendas que ficaron vacantes por non existiren demandantes que cumpriran os requirimento da Xunta de Galiza.

A pesares de que o prazo de execución da obra duplicou o inicialmente previsto aos poucos meses de habitar as vivendas comezaron a evidenciarse grandes e graves defectos que ademais de afectar á saúde das persoas e de condicionar o seu uso, comprometían a estrutura da edificación. Así aos poucos meses inquilinos de vivendas encontráronse con humidades en todas as dependencias, con fendas nas paredes, entrada de auga polas fiestras, coa tarima levantada, así como zócalos e baldosas da terraza. Os vicios que presentaba algunha das vivendas era de tal consideración que, tras responder en dúas ocasións, as compañías aseguradoras negáronse a asumir as perdas derivadas do salto del magnetotérmico por considerar que obedecía a obras mal executadas e a defectos construtivos.

Tras 4 anos sen atender as denuncias realizadas polas usuarias das vivendas, nos meses de xullo e agosto de 2019 o IGVS acomete obras de reforma que atinxen ao exterior da meirande parte das vivendas, e tamén realiza actuacións no interior dalgunha delas. As eficacia non só non foi comprobada pola Xunta de Galiza, senón que en modo algún resultaron efectivas polo que continuou a presenza de humidades nas habitacións e a entrada de auga polas fiestras, chegando a recoñecerse dende o Servizo Técnico da Área Provincial de Ourense do IGVS que “non se pode garantir unha solución ao problema das humidades” polo que contemplando a posibilidade de que resulten inhabitábeis continuasen na vivenda sen facer fronte ao pago do arrendamento.

A realidade sucintamente exposta prantexa importantes dúbidas sobre o control e vixilancia da Xunta de Galiza sobre a concesión e cumprimento dos contratos





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

públicos, así como a súa tolerancia e pasividade ante eventuais incumprimentos na súa execución e a ausencia de exixencia de responsabilidades pola existencia de vicios nas construcións executadas con recursos públicos.

Asemade resulta dificilmente cualificable a proposta realizada pola Xunta de Galiza que, no caso de que os informes técnicos determinasen a inhabitabilidade da vivenda, os arrendatarios sigan vivindo nela (na vivenda inhabitábel) mais sen pagar a renda. É dicir, que a pesares de que tecnicamente se determine que a vivenda é inhabitábel, os arrendatarios sigan vivindo nela.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para a comprobación das denuncias realizadas polos adxudicatarios sobre a existencia de importantes vicios construtivos nas vivendas de promoción pública de Vilamarín (Ourense)?

. Cando tivo constancia a Xunta de Galiza sobre a existencia de humidades, filtracións, falla de estanqueidade nas fiestras en vivendas de promoción pública de Vilamarín?

. Que actuacións realizou e en que prazo para a comprobación e corrección de tales vicios?

. En concreto cando se detectou a necesidade das reparacións finalmente acometidas no ano 2019?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que accións exercitou e que procedementos iniciou a Xunta de Galiza para exixir responsabilidade a empresa UNIKA, Proyectos y Obras pola existencia de graves defectos na construción das vivendas de Vilamarín?

. Cal foi o procedemento seguido para a contratación da empresa Rokevi para a realización de obras de reparación nas vivendas de promoción pública de Vilamarín? Cando e como se formalizou o contrato, así como cal era o seu contido?

. Considera a Xunta de Galiza que se pode fomentar habitar unha vivenda considerada polo servizo técnico como inhabitábel?

. Por que razón autorizou a Xunta de Galiza a cesión do contrato da UTE Vilamarín á empresa Unika Proyectos y Obras, S.A.U. transcorrido o prazo estipulado para a total execución da obra e só se levaba executado un 20%?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 12:28:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 12:28:28**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 12:28:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, para a declaración das pesqueiras do río Miño, nos concellos de Arbo, As Neves, Crecente e Salvaterra, como bens de interese cultural (na modalidade de lugar de interese etnolóxico/paisaxe cultural).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Miño constitúe un espazo cultural, social, económico e ambiental de extraordinaria relevancia. Unha grande parte do seu curso ao longo da provincia de Pontevedra, entre Crecente e A Guarda, foi clasificado como Rede Natura 2000, e conta tamén con valiosas mostras de patrimonio cultural material e inmaterial, compartido polas dúas beiras.

Unha das manifestacións máis senlleiras do patrimonio cultural do río son as pesqueiras ou pescos, construcións centenarias destinadas á pesca da lamprea principalmente, mais tamén á captura de salmón, anguía ou sabella. A existencia das pesqueiras está documentada cando menos desde o ano 1125, cando a condesa dona Tareixa concedeu ao bispo de Tui o privilexio de construír postos fixos de pesca no río Miño. A maior parte destas construcións están situadas no concello de Arbo, e as restantes están emprazadas nos concellos de Salvaterra de Miño, As Neves e Crecente.

As pesqueiras son conxuntos formados por un ou máis muros denominados poios, de forma trapezoidal ou paralelepípeda, formados segundo o investigador Manuel





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Caamaño por “sólidos bloques ciclópeos de granito resistentes á erosión, situados en posición inclinada ou paralela respecto do curso da auga, axeitándose á súa topografía rochosa”.

Estudiosos das pesqueiras como Manuel Caamaño, Daniel Pino ou César Portela puxeron de relevo os valores arquitectónicos, paisaxísticos e socioeconómicos destas construción. En palabras de Caamaño, “estas obras de funcionalidade viva e permanente, son aínda hoxe o soporte dun recurso económico para os ribeiráns, son obras de arquitectura e enxeñaría primitivas, nas que se mostra o esforzo e o enxeño dos seus construtores, exemplo de integración na natureza á que humanizan rotundamente”.

A extracción de áridos e a construción de encoros modificou as características do río Miño, afectou ao seu aproveitamento piscícola, e levou á desaparición de parte das pesqueiras ou á perda da súa funcionalidade. Se ben na actualidade están rexistradas máis de 400, só unha parte delas seguen a ser utilizadas para a pesca. No concello de Arbo, con 326 pesqueiras censadas, aproximadamente o 30% manteñen a actividade.

Na década de 1970, como consecuencia da tramitación do aproveitamento hidroeléctrico internacional de Sela (Arbo), iniciouse un movemento de defensa das pesqueiras que tiña como obxectivo conseguir a súa protección, recuperación e dinamización fronte á ameaza que supoñía o encoro. Neste proceso foi fundamental o labor da Cámara Agraria de Arbo, que baixo a presidencia de Ignacio Gago Pérez impulsou numerosas iniciativas, estudos e acordos en defensa das pesqueiras e contra o salto de Sela.

Un dos primeiros fitos desta longa loita pola protección e divulgación das pesqueiras foi o estudo elaborado polo grupo CIES en 1978 (da autoría de Simón Molinero e Salvador Tarrago) a pedimento da Cámara Agraria de Arbo, un informe que





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

serviu de base para a aprobación de acordos dos concellos de Arbo, Salvaterra ou Tomiño no ano 1979, nos que se solicitaba a declaración das pesqueiras como monumento histórico artístico de interese provincial.

Como resultado da campaña iniciada a finais dos anos 70, no ano 1984 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta aproba o inicio do expediente para a declaración como conxunto histórico-artístico das pesqueiras do río Miño.

Transcorridos máis de 20 anos deste esta primeira tentativa de protección, no mes de decembro de 2006 a comisión 4ª do parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo BNG na que se instaba á Xunta de Galiza a

*1º Iniciar, de novo, o expediente de declaración das pesqueiras do concello de Arbo como Ben de Interese Cultural, na categoría de lugar de interese etnográfico.*

*2º Promover igual protección legal para todas as pesqueiras situada no río Miño entre os concellos galegos de Crecente e Salvaterra.*

Transcorridos máis de cinco anos sen que se levase a cabo esta declaración, no ano 2012 o concello de Arbo retomou a demanda, mediante un acordo plenario e tramitación da correspondente solicitude diante da Consellaría de Cultura. Se ben no ano 2013 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural deu traslado da solicitude para a elaboración do correspondente informe, nunca se chegou a incoar o procedemento para a declaración como BIC.

Na actualidade as pesqueiras do río Miño gozan dunha protección individual básica a través da planificación urbanística dos concellos e da súa inclusión no Inventario do Patrimonio Cultural, mais para evitar o proceso de deterioro, abandono e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

declive en que están sumidas é necesaria a súa protección integral como Ben de Interese Cultural e o desenvolvemento ao seu redor dunha estratexia de estudo, dinamización, promoción e recuperación.

Cómpre ter en conta que as pesqueiras son moito máis que un espazo físico. Constitúen a base dunha actividade económica de grande raigame e levan asociadas formas de vida, tradicións orais, utensilios e técnicas de pesca, e formas de organización transmitidas de xeración en xeración. Un auténtico tesouro cultural que é preciso protexer, conservar e dinamizar.

A iniciativa social constituíu durante décadas o auténtico motor da demanda de protección das pesqueiras. Actualmente, a asociación O Trabadoiro, que agrupa a pescadores de Arbo, Crecente, As Neves e Salvaterra, mantén viva a demanda de declaración das pesqueiras como Ben de Interese Cultural.

Por outra parte, a AECT Río Miño, que agrupa a concellos das dúas beiras do río, promove a candidatura das pesqueiras para a súa inclusión na Lista do patrimonio inmaterial, unha proposta que conta co apoio de diversas organizacións sociais.

Os beneficios da declaración das pesqueiras como BIC son indubidábeis. En primeiro lugar serían garantía da protección e conservación integral do conxunto, tanto na vertente material como na inmaterial. En segundo termo, permitiría desenvolver un plan para a súa recuperación, dinamización e promoción, coa implementación de programas no ámbito educativo ou do turismo. E, por último, debería contribuír a potenciar a súa vertente económica, con medidas de fomento e apoio á actividade pesqueira.

Recentemente o BOE ratificou a extinción da concesión do salto hidroeléctrico de Sela, outorgada a Fenosa no ano 1979. Péchase así unha longa loita social en defensa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do río e da contorna, un proceso no que tivo un papel esencial a causa das pesqueiras. É por iso que a declaración como Ben de Interese Cultural constituiría tamén unha forma de recoñecemento e homenaxe a todas as persoas que co seu traballo, dedicación e entrega conseguiron salvar o río e o seu patrimonio dunha xigantesca agresión ambiental.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Por que razón non foi tramitada a solicitude de declaración das pesqueiras do Miño, situadas nos concellos de Arbo, Salvaterra, As Neves e Crecente, como Ben de Interese Cultural?

. Que estudos e informes se elaboraron nos 10 últimos anos para promover a declaración das pesqueiras do río Miño como Ben de Interese Cultural?

. Considera o goberno galego que as pesqueiras do Miño deben ser declaradas Ben de Interese Cultural?

. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para a conservación, restauración e promoción das pesqueiras do río Miño?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:29:42**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:29:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de agosto unha integrante da plataforma SOS Suído Seixo, colectivo que loita contra a creación da mina Alberta I na zona de Doade (Beariz) e os demais proxectos mineiros asociados que afectan aos concellos de Beariz, Avión, A Lama, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, recibiu a notificación do “inicio dun procedemento sancionador” por parte do Concello da Lama pola participación nunha concentración de arredor de 30 persoas diante do concello “portando pancartas co lema “Non á mina”.

O deputado que subscribe esta iniciativa tamén participou nese acto, que tivo lugar o 16 de outubro de 2016 e que consistiu na presentación de alegacións no rexistro do concello contra o proxecto mineiro. En todo momento respectáronse as normas sanitarias vixentes, xa que as persoas participantes agardaron a súa vez nunha fileira, mentres o resto de participantes agardaban no exterior do concello. No lugar estivo presente unha patrulla da garda civil, que en ningún momento advertiu nin da ilegalidade do acto nin do incumprimento das normas sanitarias.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As persoas participantes nesta presentación de alegacións exercitaron un dereito fundamental, presentando escritos de alegacións e protestando contra un proxecto mineiro lesivo para os seus intereses e os do medio.

A actuación do concello da Lama, case un ano despois, denunciando a unha integrante da plataforma e propoñendo unha sanción de 100 euros, só pode entenderse como un intento de intimidación e de castigo ao movemento social de defensa do territorio, así como un exemplo de persecución dos máis elementais dereitos democráticos.

Cómpre ter en conta que se produce esta situación mentres a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal é a situación do proxecto mineiro Alberta I, un proxecto que non cumpre coas garantías ambientais e que conta cun informe desfavorábel da Confederación Hidrográfica Miño Sil. A estas alturas, máis de dez meses despois da presentación das correspondentes preguntas e peticións de documentación por parte do grupo parlamentar do BNG sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro, aínda non recibimos resposta por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Comparte a Xunta a actuación do Concello da Lama, que abriu un procedemento sancionador contra unha integrante da Plataforma SOS Suído Seixo, por participar nun acto de presentación de alegacións contra o proxecto mineiro Alberta I no que se respectaron as normas sanitarias en vigor?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Comparte o goberno galego este tipo de procedementos que supoñen un intento de intimidación e de castigo ao movemento social que loita contra o proxecto mineiro Alberta I e en defensa do territorio?

Por que a Xunta de Galiza oculta a documentación e a información sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro Alberta I?

Cando ten previsto o goberno galego dar resposta ás demandas de información e documentación presentadas polo grupo parlamentar do BNG o 16 de novembro de 2020?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:31:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 12:31:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro, a conselleira de Infraestruturas enviou unha carta á alcaldesa de Tomiño, como resposta a unhas declaracións da rexedora críticas co anteproxecto de lei de mellora do ciclo integral da auga.

Para o BNG é absolutamente rexeitábel o ton conminatorio e de intimidación no que está redactada a carta, impropio dunha relación institucional normalizada. E consideramos absolutamente fóra de lugar que esta sexa a reacción dun cargo público da Xunta diante das declaracións feitas pola alcaldesa nun encontro de gobernos municipais organizado polo BNG.

Temos interese en saber se por parte da conselleira de infraestruturas se enviou unha carta semellante ás demais alcaldías que contan con estación de depuración xestionadas pola Xunta, ou se a carta intimidatoria só se dirixiu a un cargo público que exerceu o seu dereito lexítimo á crítica a unha norma que está a tramitar o goberno galego. Semella que a intención da administración autonómica é impoñer unha especie de lei mordaza ou lei do silencio, con efectos claramente disuasorios.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por outra parte, parécenos absolutamente fóra de lugar a advertencia que fai a representante do goberno galego a respecto da necesidade de que o concello de Tomiño solucione de xeito “inmediato” as infiltracións de augas brancas na rede de colectores.

Ademais, consideramos improcedente que inste ao concello de Tomiño a iniciar o expediente administrativo correspondente para asumir a explotación depuradora “de xeito inmediato”. Unha actitude claramente intimidatoria e que non ten sentido ningún, dado que foi a Xunta de Galiza quen construíu a depuradora en 2003 e quen asumiu a súa xestión desde o inicio, como fai con outras 27 EDAR.

Por último, chama poderosamente a atención que o contido da carta, que ten data do 23 de setembro, apareza publicado nun medio de comunicación o día 24 de setembro. Un feito que deixa ben ás claras o *modus operandi* da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2º:

- Considera normal a Xunta o envío dunha carta intimidatoria á alcaldesa de Tomiño, como reacción polas súas críticas ao anteproxecto de lei de mellora do ciclo da auga?
- A cantas alcaldías enviou a conselleira de infraestruturas unha carta escrita neste ton?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Esixiu a conselleira a outras alcaldías a solucionar de forma inmediata as infiltracións de augas brancas na rede de colectores?
- Demandou a conselleira de infraestruturas a outras alcaldías a asunción de xeito inmediato da xestión de depuradoras explotadas por Augas de Galicia?
- Comparte o goberno galego que o dereito á crítica e á discrepancia son piares esenciais dun sistema democrático?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:32:47**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:32:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto da Coruña ten unha débeda de 330 millóns de Euros contraída para financiar a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, dos cales 200 millóns corresponden a un préstamo concedido ao Porto da Coruña por Portos do Estado e o resto, a un empréstito do Banco Europeo de Investimentos.

Esta débeda e as condicións de pagamento establecidas representan unha grave hipoteca para o futuro do Porto e da propia cidade da Coruña.

Dunha banda, as condicións de pagamento do préstamo concedido por Portos do Estado son totalmente abusivas, pois inda que o montante total da débeda segue sendo de 200 millóns, só en intereses o porto xa leva pagados 39, 5 millóns. Unha lousa que ademais repercute no importe das taxas portuarias, restando competitividade ao noso porto respecto doutros portos de interese xeral.

Ademais, en virtude do establecido no Convenio de 2004 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Concello da Coruña, preténdese facer fronte ao pago desta débeda coa venda de activos do propio porto nos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias no porto interior.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Fronte a esta situación, os Orzamentos Xerais do Estado actualmente en vigor inclúen unha disposición adicional na que a Administración Xeral do Estado condona unha débeda de aprox. 400 millóns de euros do Porto de Valencia, froito da súa adecuación para albergar a Copa América de Vela.

É inaudito que, mentres o Estado asume unha débeda xerada por unha actuación que nada ten a ver coas actividades produtivas, se pretenda hipotecar o futuro da fachada litoral da Coruña pola débeda xerada pola construción dunha infraestrutura produtiva como é Porto Exterior.

Cómpre lembrar que a construción do porto exterior de Punta Langosteira foi unha decisión de Estado, anunciada polo Goberno Aznar como unha compensación a Galiza polo desastre do Prestige. Por esa razón os custos da súa construción non poden representar unha hipoteca para o futuro da cidade. Se os terreos sobre os que se asenta o porto interior foron gañados ao mar para o desenvolvemento de actividades portuarias, o razoábel é que os espazos que resulten desafectados desas actividades sexan devoltos á cidade.

Por estas razóns o Parlamento Galego e o Concello da Coruña pronunciáronse por unanimidade en distintas ocasións esixindo a condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a asignación, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, dunha cantidade equivalente, co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña (en colaboración co Concello e outras administracións) asegurando o mantemento da titularidade e usos públicos dos terreos.

Porén, pese a estes pronunciamentos unánimes, tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña parecen asumir o criterio de que se debe pagar por uns terreos que xa son públicos e levan semanas negociando a cantidade de diñeiro que debe achegar





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cada administración por facerse coa titularidade dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería e proceder á súa urbanización, comprometéndose, ademais, a asignar unha cantidade que supera claramente o prezo de taxación destes terreos.

Os convenios de 2004 non poden determinar o deseño da nova fachada marítima da cidade, que marcará un punto de inflexión no trazado do seu desenvolvemento ad futurum, polo que tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña deberían estar xa a constituír unha fronte común para pedir a condonación da débeda do porto da Coruña.

Porque se o Goberno do Estado condonou a débeda do porto de Valéncia, non hai ningunha razón para non facer o propio coa da Coruña.

O futuro do porto da Coruña transcende o ámbito local para se converter nun asunto prioritario de país, polo que cómpre esixir un trato xusto e actuar con firme vontade política fronte a unha nova discriminación con Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª :

Que actuacións compromete a Xunta de Galiza para asegurar un proxecto de futuro para os terreos portuarios da Coruña que non supoña unha carga económica para a cidadanía e impida un trato discriminatorio?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022







OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:40:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:40:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do abandono e dos erros da Xunta en canto á infraestrutura de saneamento de Noia xa vén de lonxe, pois foi necesaria a nova construción do colector de base debido á chapuza nas obras de 1995 cando se instalaron moitos tramos contrapendente. Unha problemática que foi levada ao Pleno da Corporación Municipal en novembro de 2010, quedando aprobada unha proposta para trasladar á Xunta -quen adxudicara as obras- a necesidade de esixir responsabilidades a quen correspondese pola deficiente execución daquela obra. Do mesmo xeito, o BNG trouxo ao Parlamento galego, en febreiro de 2011, unha iniciativa para que a Xunta esixira estas responsabilidades por mor da mala execución das obras, cuestión á que se negou a maioría absoluta do PP, que optou por cargar no erario público as consecuencias daquela desfeita.

Para paliar aquelas obras ineficientes, e tamén para modernizar e mellorar a rede de saneamento de Noia, no ano 2008, a Xunta redacta, a petición directa do Grupo Municipal do BNG de Noia, daquela con competencias en Urbanismo e control da Obra Pública, un primeiro Plan Director de saneamento de Noia. Un Plan Director cuxa execución conlevou unha mellora considerable do funcionamento da rede de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

saneamento mentres se puxo en marcha, como mesmo reconece o segundo Plan Director de Saneamento de Noia, que vimos de coñecer o ano pasado.

Como consecuencia do Plan Director do 2008, no mandato municipal 2011-2015, a Xunta fixo investimentos de arredor dos 4'5M€ que serviron para paliar a mala situación dos colectores que se tiñan realizado contra pendente, coa construción dun novo colector base, e para a construción de novas estacións de bombeo que contribuíron ao aumento do caudal xestionado pola EDAR nos primeiros anos de funcionamento, durante o goberno municipal anterior. Dende a posta en marcha daquelas infraestruturas, e coincidindo coa entrada do Partido Popular na alcaldía no 2016, a Xunta esqueceuse do desenvolvemento daquel Plan Director e o novo goberno municipal de facer as xestións necesarias para buscar a súa colaboración na mellora da rede de saneamento, tan importante ademais para a calidade das augas da ría de Muros e Noia, principal motor económico no plano local e comarcal.

A día de hoxe, tanto a falta de investimento por parte da Xunta para a boa operatividade de todo o feito e para continuar coa planificación do anterior Plan Director, como o abandono das labores de mantemento por parte do actual goberno local de Noia, provocaron que as estacións de bombeo e a propia EDAR teñan un funcionamento deficiente que está a chegar aos niveis previos aos investimentos que se puxeron en marcha no ano 2013.

Como se pon de manifesto, aí ficou o Plan Director de Saneamento de Noia do 2008, nuns investimentos moi necesarios no 2013 pero nun posterior abandono por parte do Partido Popular na Administración galega e na local, o que propiciou un deterioro total da rede de saneamento que levou á redacción do segundo e actual Plan Director, un documento que comeza con mal pé polos inexistentes investimentos recollidos nos orzamentos da Xunta para esta anualidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Atopámonos logo cun Plan Director de 2021 que nos sinala unha situación moi deficiente. O equivalente a 4.100 habitantes, o 25% da poboación, vertendo directamente ao medio, en moitas ocasións directamente aos ríos e á ría. Unhas cifras, ademais, que non deixan de empeorar cada ano, tanto nun inferior volume de augas xestionadas pola EDAR como nunha maior cantidade de puntos de vertido incontrolado no municipio. A isto hai que engadir, no caso da poboación que si está conectada á rede, que a infraestrutura no seu estado actual tan só é quen de xestionar, no mellor dos casos, o 42% das augas residuais que chegan ao sistema.

Por se todo o anterior non fora suficiente, hai que sumar aínda un polígono industrial que, alén de non ter desenvolto o chan para poder medrar, conta cun saneamento ineficiente e que verte directamente ao medio, factores que imposibilitan claramente o desenvolvemento industrial de Noia e a súa comarca e que a Xunta permite coa súa inacción.

En palabras textuais do Plan Director: “Como se observa na evolución do volume xestionado na EDAR, coa posta en servizo, no ano 2013, das novas estacións de bombeo principais do sistema de saneamento de Noia, prodúcese un incremento progresivo do volume tratado coa EDAR, alcanzando o seu máximo no ano 2016; a partir deste ano, obsérvase un descenso importante do volume no ano 2017 e no ano 2018 do 45% respecto do ano de máximo tratamento, incrementándose substancialmente esta tendencia nos anos 2019 e 2020”. (...) “En definitiva, esta secuencia indica que, se ben coa posta en marcha das novas estacións de bombeo no ano 2013 se produciu o efecto desexado (redución de verteduras e incremento de volume tratado), as deficiencias de mantemento cando non o abandono das novas infraestruturas de bombeo, teñen xerado unha involución nos datos de volume tratado que, de seguir na tendencia actual, rematará por reproducir a situación precedente á execución das novas estacións de bombeo do sistema de saneamento”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como se pode comprobar, esta situación, pois, non a inventa o BNG, senón que é certificada pola propia empresa que redactou o Plan Director de Saneamento de Noia, a encargo de Augas de Galiza.

Moi ao contrario, tal e como se puxo de manifesto recentemente na tramitación dos orzamentos para o 2022, foi o BNG quen apostou por comezar dende xa a poñer solucións a esta situación, incluíndo nas emendas un investimento de arredor dun 1.325.000 € para realizar o primeiro paso deste Plan Director que se corresponde coa actualización e mellora da EDAR de Noia, unha emenda á que o Grupo Popular votou en contra.

O desleixo do Goberno galego cos problemas estruturais da rede de saneamento noiés é manifesto, e esta grave situación débese paliar canto antes coa posta en marcha das accións recollidas no novo Plan Director e coa colaboración entre Xunta e Concello para mellorar os labores de mantemento da rede.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1.- Considera a Xunta de Galiza que as actuacións e infraestruturas que permitan o saneamento e a depuración dos concellos galegos deben ser prioritarias para as Administracións?

2.- Que valoración fai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do estado das infraestruturas de saneamento e da EDAR de Noia?

3.- Que valoración fai de como ese estado está a influír na calidade das augas da ría de Muros e Noia e no desenvolvemento dese concello?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.- En que medida ten previsto contribuír co Concello de Noia para levar a cabo o cumprimento do Plan Director de Saneamento elaborado por Augas de Galiza?

5.- Está disposto a aportar a cantidade que o Plan Director , 1.325.000 euros, que o propio Plan establece para a mellora e actualización da EDAR?

6.- Vai establecer un convenio co Concello de Noia para a xestión e o mantemento da rede de saneamento de Noia?

7.- Vai acordar co Concello de Noia o establecemento da calendarización de investimentos necesarios para poñer en marcha o resto das accións previstas no Plan de Saneamento para a mellora da rede de saneamento?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:37:39**






OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:37:46**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

